

PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL

CEIP MANUEL RESPINO



2024-2025

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Datos de identificación do centro.
 - 2.1. Datos xerais do centro.
3. Obxectivos do centro.
 - 3.1. Obxectivos xerais.
 - 3.2. Obxectivos específicos.
 - 3.3. Obxectivos da xestión económica.
 - 3.4. Medidas a desenvolver para a súa consecución.
 - 3.5. Recursos previstos para o efecto.
4. Proxecto Educativo.
 - 4.1. Concreción anual do PEC.
 - 4.2. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado NEAE.
 - 4.3. Modificación do PEC.
5. Organización do centro.
 - 5.1. Estrutura organizativa.
 - 5.2. Órganos colexiados.
 - 5.3. Persoal non docente.
 - 5.4. Estatística de principio de curso.
 - 5.5. Horarios.
 - 5.6. Programa e calendario de reunións dos órganos de coordinación docente.
 - 5.7. Entrega de notas.
 - 5.8. ANEAE.
 - 5.9. Libros de texto e material escolar.
 - 5.10. Faltas de asistencia.
 - 5.11. Instalacións do centro. Plan de uso.
 - 5.12. Servizos educativos complementarios.
 - 5.13. Tarefas extraescolares.
 - 5.14. Días non lectivos.
6. Plans de actuación dos órganos colexiados e de coordinación docente.
 - 6.1. Consello Escolar.
 - 6.2. Claustro de Mestres.
 - 6.3. Titores e titoras.
 - 6.4. Plan de traballo do equipo do 2º ciclo de Educación Infantil
 - 6.5. Plan de traballo do equipo do 1º ciclo de Educación Primaria.
 - 6.6. Plan de traballo do equipo do 2º ciclo de Educación Primaria.
 - 6.7. Plan de traballo do equipo do 3º ciclo de Educación Primaria.
 - 6.8. Plan de traballo da CCP.
 - 6.9. Plan de traballo do EDLG.
 - 6.10. Plan de traballo do equipo de ACeE.
 - 6.11. Plan de traballo do equipo de dinamización da Biblioteca Escolar
 - 6.12. Plan de traballo do equipo de dinamización das TIC.
 - 6.13. Plan de traballo do Departamento de Orientación.
 - 6.14. Plan de traballo do equipo do Horto Escolar.
 - 6.15. Plan de traballo do equipo de Convivencia e Benestar
 - 6.16. Plan de traballo do persoal non docente.
7. Plan de actuación do Equipo Directivo.
 - 7.1. Obxectivos.
 - 7.2. Dirección.
 - 7.3. Xefatura de estudos.
 - 7.4. Secretaría.

8. Plans e proxectos do centro.
 - 8.1. Plan de Formación do Profesorado.
 - 8.2. Plan de Convivencia e NOF.
 - 8.3. Proxecto Lingüístico.
 - 8.4. Plan Lectura e Bibliotecas escolares.
 - 8.5. Plan de Actividades Físicas e Hábitos saudables
 - 8.6. Plan de Orientación.
 - 8.7. Plan de Acción Titorial.
 - 8.8. Plan de mellora dos resultados da Avaliación Diagnóstica.
 - 8.9. Plan Xeral de Atención á Diversidade.
 - 8.10. Plan de Acollida.
 - 8.11. Plan de autoprotección.
 - 8.12. Plan APPCC.
 - 8.13. Plan de relación co entorno e coas familias.
 - 8.14. Plan de Igualdade.
 - 8.15. Plan de Comunicación.
 - 8.16. Plan Xeral de Avaliación do Centro.
 - 8.17. Plan de Dinamización das TIC
 - 8.18. Plan Dixital
 - 8.18. Programas de Innovación Educativa.
9. Procedementos para avaliar a propia Programación Xeral Anual.
10. Dilixencia.

1. Introducción.

A presente Programación Xeral Anual xorde das propostas do claustro e da análise dos resultados referidos na Memoria do curso 2023/2024.

Neste documento contéplase a organización do centro para o curso 2024/2025 concretándose para o curso que comeza os obxectivos xerais de referencia contemplados no Proxecto Educativo do Centro.

Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar a traballar na mesma liña dos últimos cursos académicos, correxindo aqueles aspectos que non contribuíron a conseguir determinados obxectivos establecidos polo centro. Para elo, vai ser de gran importancia o desenvolvemento dos diferentes Plans e Programas que están en funcionamento (Plan TIC, Proxecto de Fomento do Uso do Galego, Plan Proxecta, Proxecto E-Dixgal, Seccións Bilingües...) e que supoñen un salto cualitativo no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe en todos os niveis educativos que se imparten no centro, así como os que comezarán a funcionar no presente ano académico.

Normativa:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21/10/96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97)
- Decreto 79/2010 (DOG 25/05/12)
- Resolución do 23 de maio de 2024 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das insinanzas de Educación Infantil e Primaria.

Conclusión da memoria do ano anterior:

O grao de consecución dos obxectivos propostos no curso anterior, así como das accións realizadas, pode decirse que foi alto, sempre grazas ao traballo e ao esforzo dos equipos docentes, cuxa profesionalidade e bo facer permítenos alcanzar un grao de satisfacción imprescindible para seguir xerando ilusión na tarefa educativa. Non obstante, recolléronse para este curso as seguintes propostas de mellora:

- a. Seguir mellorando o plan de convivencia, as normas de funcionamento e a atención ao alumnado.
- b. Implicar máis ao alumnado na asimilación e interiorización de hábitos de responsabilidade e de atención na aula, reforzando a Educación en valores e desenvolvendo actitudes de respecto e solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación.

- c. Continuar co reforzo educativo (RE) e as adaptacións curriculares (AC), de ser o caso, naquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.
- d. Revisar os diferentes Plans e Proxectos que integran Proxecto educativo.
- e. Revisar os documentos programáticos do Centro.
- f. Continuar empregando a biblioteca como centro de documentación e recursos para o desenvolvemento das diferentes materias.
- g. Mellorar a comunicación e relación cos pais e nais do alumnado, sobre todo nos casos de alumnos con dificultades de aprendizaxe e de comportamento.
- h. Afondar na comprensión e expresión oral, a escrita, e a orde e limpeza nos traballos realizados polo alumnado.
- i. Programar actividades extraescolares e complementarias xa que moitos dos nosos alumnos e alumnas non poden acceder a elas máis que a través do colexio, tendo en conta o principio de calidade, eficacia, eficiencia e menor custe económico.

Actuacións relevantes a desenvolver:

- a. Revisión das concrecións didácticas de nivel e programación de aula na Educación Primaria e concreción curricular de etapa e programación de aula na Educación Infantil.
- b. Revisión e actualización do PEC.
- c. Continuar coa mellora dos recursos tecnolóxicos do centro.
- d. Programa de formación do profesorado, centrado nas súas demandas.
- e. Revisar e actualizar o Plan de Autoprotección
- f. Continuar desenvolvendo o Plan TIC/Abalar e o Proxecto E-Dixgal.
- g. Continuar desenvolvendo o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- h. Desenvolver os Proxectos “Polos Creativos” e “Clube de ciencia”.
- i. Fomentar a innovación educativa a través de programas que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademáis estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 (*Proxecta +*).
- j. Adaptar as diferentes liñas de traballo á nova lexislación para mellorar a calidade educativa e potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, así como a mellora da convivencia e o logro da excelencia educativa a través dos *Contratos Programa*.

k. En linguas estranxeiras, continuar desenvolvendo o programa de “Seccións bilingües” e o de “Auxiliar de conversa na escola” e crear un novo grupo de traballo entre o profesorado para dinamizar potenciar o uso e perfeccionamento da lingua estranxeira.

l. Continuar desenvolvendo o proxecto de fomento do uso do galego.

m. Continuar coa reposición de mobiliario do centro debido as pésimas condicións en que se atopa o mesmo.

n. Favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellorar a convivencia no centro a través dun programa de educación responsable.

ñ. Instalación dun sistema de protección solar no patio de Educación Infantil e mobiliario que aumente a seguridade e confort do alumnado.

o. Renovación dos membros que forman parte do Consello Escolar.

2. Datos de identificación do centro.

2.1. Datos xerais do centro:



CEIP MANUEL RESPINO

Avenida Vilela, 34
32350 A Rúa (Ourense)

Centro: 988310631

Dirección: 682492354

Xefatura de estudos: 699385321

Secretaría: 653035336



ceip.manuel.respino@edu.xunta.gal

3. Obxectivos do centro.

3.1. Obxectivos xerais:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do noso alumnado.
2. Coñecer os valores e as normas de convivencia, obrando de acordo con elas, respectando as demais persoas, fomentando un ambiente familiar, cálido e acolledor.
3. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
4. A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
5. A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
6. A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos así como na adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
7. O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
8. A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e de la interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
9. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
10. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
11. A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, e en unha ou máis linguas estranxeiras.
12. A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

3.2. Obxectivos específicos.

- Realizar a correspondente revisión do Proxecto Educativo de Centro.
- Levar a cabo unha profunda revisión dos documentos oficiais do centro.
- Continuar coa mellora da biblioteca logo da confirmación de continuidade no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. Neste curso seguiremos mellorando o espazo e o funcionamento ordinario da Biblioteca, un dos motores máis importantes do centro na xeración de actividades e formación complementaria.
- Seguir coa renovación do material deportivo co que conta o centro debido a escasez e ao mal estado do mesmo.
- Optimizar os recursos que nos oferta a Rede Abalar e ampliar progresivamente os mesmos e os seus usos, así como avanzar na dotación xeral do centro en medios e recursos audiovisuais e informáticos. Despois da experiencia dos últimos tempos, continuaremos coa implantación e xeneralización do uso das TICs tratando de acadar ao longo do curso os obxectivos do Plan Dixital do Centro. Como xa fixeramos o ano lectivo anterior, comezamos este novo curso facendo inquéritos ao alumnado e ao profesorado sobre os seus recursos telemáticos e sobre as súas capacidades para a utilización das ferramentas básicas. No momento de elaborarmos esta PXA, estanse a analizar os resultados deste inquérito global, ora para implementar a formación que for precisa tanto para o profesorado como para o alumnado e detectar as necesidades particulares que permitan superar os casos de brecha dixital. Asimesmo, procuraremos seguir avanzando coa dotación de medios audiovisuais co obxectivo de contribuír á modernización e á mellora e á calidade do proceso educativo.
- Desde a Xefatura de Estudos, a Área de Convivencia e o Departamento de Orientación, continuaremos aprofundando como no curso pasado na detección e tratamento dos casos de especial vulnerabilidade psicopedagóxica do noso alumnado, intervindo con equipos profesionais naqueles casos que así o requiran.
- Cremos pertinente analizar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e adoptar as medidas que redunden na súa mellora. Á vista dos resultados académicos atinxidos no curso 2023-24, así como na avaliación diagnóstica en 4º de educación Primaria, queremos desenvolver a análise nos órganos competentes, nomeadamente na CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica), para adoptar as medidas oportunas que redunden na mellora deses resultados.
- Transmitir información ás familias do alumnado do centro sobre o funcionamento xeral do mesmo e, principalmente, sobre o proceso instrutivo e formativo dos seus fillos e fillas.
- Manter e continuar aumentando os proxectos de centro que perseguen a formación do profesorado e a mellora na educación integral do alumnado (PFPP, PLAMBE, EDIXGAL, VOZ NATURA, PROXECTA...)
- Do mesmo xeito, e á espera da súa aprobación definitiva, agardamos desenvolver os Contratos Programa vencellados ás cinco modalidades: EDUinnova, EDUexcelencia, EDUsaúde, EDUsostibilidade e EDUcalidade.

- Incorporaremonos ao programa Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade. Esta iniciativa está recollida na Estratexia Galega de Convivencia Escolar, dentro da liña cinco, centrada no benestar emocional do alumnado. Nela, búscase a participación e o compromiso de toda a comunidade educativa para conseguir unha formación plena do alumnado incidindo na importancia da educación emocional no seu desenvolvemento persoal e académico.
- Fomentar o uso do galego solicitando a participación na sexta edición de 21 días co galego e +, un programa impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística para promover o uso do galego oral entre a xente mais nova dentro e fora da aula.
- Mellorar a competencia comunicativa en lingua estranxeira a través dun programa de inmersión lingüística impulsado polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.
- Aínda que coa prudencia necesaria, seguiremos apoiando e fortalecendo aquelas actividades culturais e extraescolares que se poidan desenvolver.
- Realizar a revisión anual do Plan de Autoprotección para estarmos preparados diante dun posible sinistro.
- Continuar coa implicación de todos os sectores da comunidade educativa na planificación do centro (ANPA, Consello Escolar, Concello de A Rúa...).

3.3. Obxectivos da xestión económica.

3.3.1. Criterios de adquisición de material:

1. Cada titoría e especialistas establecen os criterios para a compra e uso do material funxible.
2. As familias do alumnado poderán colaborar economicamente naquelas actividades extraescolares que demanden un elevado custo económico para o centro.
3. Intentaremos que cada titoría dispoña dunha cantidade variable cada curso escolar, segundo as achegas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para adquirir material didáctico non funxible para o nivel.
4. O centro poderá contar coa axuda económica das familias para os gastos motivados das celebracións festivas de distinta natureza que se produzan no centro.
5. Existe un compromiso coa dotación económica para a biblioteca escolar dun 7% dos ingresos en concepto de funcionamento.

3.3.2. Investimento dotado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As cantidades de diñeiro ingresadas neste Centro, teñen como obxectivo manter operativo o mesmo. Con elas cóbrense os gastos que xeran o mantemento de mobiliario e utensilios, as necesidades administrativas, comunicacións, subministracións, gastos de comedor e gastos diversos que apoiem a actividade docente.

Dentro destes orzamentos anuais do Centro, contemplaranse distintas partidas para poder facer fronte aos gastos económicos que poidan ser necesarios para conseguir os obxectivos propostos.

No mes de xaneiro elaboraremos o resumo das contas, de gastos e ingresos de funcionamento, e os presentaremos ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha vez sexan aprobadas polo Consello Escolar.

3.4. Medidas a desenvolver para a súa consecución:

1. Desenvolvemento do Plan de comunicación para favorecer unha relación fluída e dinámica, grazas as diferentes canles de comunicación do centro.
2. Dar a coñecer as normas xerais do centro e propoñer actividades ao alumnado que nos inviten á reflexión, a coñecer os dereitos e as obrigas. Así como tamén, realizar actividades de prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.
3. Manter informadas ás familias e titores legais sobre todo o relativo ao colexio, tanto nas reunións con eles como a través doutras canles: páxina web, app abalarMóbil, correo electrónico.
4. Proporcionar asesoramento e comunicación fluída e constante coas familias do ANEAE.
5. Participación no PFPP para o desenvolvemento dunha correcta dinamización e xestión da biblioteca, do Polo Creativo e do Plan de Convivencia e Benestar.
6. Coordinación entre todos os titores e especialistas do centro para un desenvolvemento coordinado e activo dos Plan Proxecta e doutros plans ou proxectos que se leven a cabo no centro.
7. Traballar na mesma liña unificando criterios de avaliación e criterios de cualificación así como o peso de porcentaxes en relación a contidos, destrezas, actitudes ante o traballo individual e en equipo, a través de rúbricas consensuadas en cada nivel.
8. Contacto permanente e coordinado do equipo directivo, titores e especialistas coa orientadora do centro.
9. Participación activa do profesorado nas reunións docentes, propoñendo obxectivos concretos e viables, de xeito que todo o profesorado considere máis frutíferas e útiles as decisións tomadas en ditas reunións.

10. Dispoñer dun calendario de reunións dos distintos órganos de coordinación docente.
11. Involucrar ás familias no desenvolvemento dos proxectos do centro.
12. Manter reunión coa directiva da ANPA tantas veces como sexan necesarias.
13. Favorecer a realización das actividades potenciadoras do uso da nosa lingua propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
14. Dotación de recursos da aula das TICs, a fin de poder contar cos ordenadores axeitados para traballar a través da aula virtual, centrando todos os recursos desta índole neste espazo para un mellor aproveitamento educativo.
15. Dotación de kits dixitais para as aulas de Educación Infantil.
16. Dinamización da Biblioteca como a protagonista dos proxectos de traballo. O punto de acceso á cultura impresa e dixital.
17. Revisar e actuaizar o PEC e os documentos que o integran, a fin de contar con documentos funcionais que enriquezan o noso labor profesional e redunden nunha educación de calidade.
19. O equipo directivo realizará as xestións necesarias para que sexan atendidas, por parte das entidades correspondentes, as necesidades que presenten as instalacións.
20. Revisión do Plan de autoprotección.
22. Mantemento periódico de reunións e adopción de acordos e decisións consensuadas, encamiñadas todas elas cara á mellora da calidade do ensino.

35. Recursos previstos para o efecto:

Tanto os recursos humanos como os materiais deberán ser optimizados. Para iso é importante coñecer todos os recursos dos que dispón o centro e coordinarse no seu uso.

En canto aos recursos humanos é importante formar un grupo asumindo tarefas e responsabilidades naqueles ámbitos nos que cada quen se sente máis cualificado, ou se atopa máis a gusto coa finalidade de formar un equipo no que a diversidade enriquece.

Non debemos esquecer tampouco os recursos da localidade: bibliotecas próximas, exposicións, persoal como educadora familiar, asistente social, persoal de cultura, cos que ao longo do curso se colabora en diversas actividades de interese didáctico, tanto nas que organizan eles e participa o centro como a viceversa, as impulsadas polo centro e se lles pide colaboración.

A contorna e as familias son recursos que tampouco podemos esquecer. Ao longo do curso implicámoslos na colaboración de múltiples actividades.

No que aos recursos materiais se refire, o centro contaba cun equipamento TIC bastante deficiente e obsoleto que pouco a pouco foise renovando, polo que se adoptarán as medidas que se consideren oportunas para a súa renovación e para que todas as aulas do centro estén equipadas por igual, favorecendo deste xeito a non discriminación do alumnado.

En canto ao material deportivo co que conta o centro, este é escaso e parte atópase nunhas condicións deficientes, polo que tamén se tratará de proceder á súa renovación na medida do posible.

O material didáctico tamén é escaso e a maior parte atópase en mal estado ou está obsoleto.

Por outra parte, moito do mobiliario co que está equipado o centro atópase en malas condición que pouco a pouco vaise renovando.

4. Proxecto Educativo.

4.1. Concrección anual do PEC.

A nosa proposta educativa concrétase cada ano na Programación Xeral Anual. Para a súa elaboración temos en conta o resultado da avaliación do curso anterior e a reflexión realizada sobre as necesidades detectadas da nosa práctica educativa e no marco do proxecto Educativo de Centro.

Toda a comunidade educativa traballa para que o centro eduque dende o principio dos sinais de identidade que se definen no PEC.

Como obxectivo xeral neste sentido e durante os cursos anteriores veuse traballando nesta liña e consideramos importante seguir co traballo iniciado e cos diferentes proxectos que del se derivan.

A concreción anual do PEC para o presente curso 2024/25, baséase na consecución dos obxectivos xerais se fixan para o centro:

4.1.1. Obxectivos pedagóxicos.

DE CAPACIDADES XERAIS

- Educar ao alumnado para que sexa capaz de valorar, respectar e integrarse na realidade sociocultural e no medio natural no que vive.
- Lograr que, ao rematar a EP, o alumnado sexa capaz de empregar axeitadamente as linguas do currículo: galego, castelán e inglés.

- Axudar ao alumnado a realizarse intelectualmente e a ampliar as potencialidades mediante hábitos de traballo, estudo e esforzo.
- Desenvolver as capacidades de reflexión, espírito crítico, iniciativa e creatividade.
- Inculcar os valores de tolerancia e solidariedade.
- Xerar os hábitos necesarios para conseguir unha boa saúde.

DE METODOLOXÍA

- Fomentar a coordinación entre o profesorado para unificar criterios e garantir a coherencia nos procesos de aprendizaxe.
- Acomodar as estratexias de aprendizaxe ás necesidades de cada alumno ou alumna, respectando os seus ritmos de maduración.
- Aumentar a práctica da metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de aprendizaxe: observación directa, experimentación, descubrimento...
- Potenciar a acción tutorial a través dun plan específico.
- Favorecer a formación permanente do profesorado.
- Avaliar anualmente o funcionamento do colexio nos distintos ámbitos: pedagóxico, organizativo, administrativo...
- Fomentar o acordo entre o profesorado para chegar a unha postura coherente que racionalice as tarefas extraescolares. Os principios de individualidade, de autonomía e de motivación para o estudo promulgados polo centro educativo permitirán tempo para que o alumnado poida atender outros intereses formativos.

4.1.2. Obxectivos de organización e xestión

- Favorecer unha xestión democrática potenciando a participación dos membros da comunidade educativa na organización do centro, segundo a normativa vixente.
- Acadar un funcionamento que aproveite de maneira óptima os recursos humanos e materiais, poñéndoo á disposición do interese xeral do colexio.

4.1.3. Obxectivos de carácter social e convivencial

- Desenvolver a nosa acción educativa nun clima equilibrado e acolledor.
- Favorecer unha comunicación fluída e distendida entre todas as persoas e colectivos do centro.

- Implicar ás familias, e ao alumnado, nas tarefas do centro e promover a súa organización.
- Conseguir que a lingua galega sexa o vehículo de comunicación entre os membros da comunidade educativa.

4.1.4. Obxectivos institucionais

- Desenvolver a nosa acción educativa nun clima equilibrado e acolledor.
- Lograr unha mellor dotación do centro en persoal, materiais e infraestruturas a través dunha colaboración eficaz coas institucións responsables.
- Implicar ás institucións nas tarefas do centro en na súa programación.

4.2. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao ANEAE.

Tendo en conta os principios básicos que se establecen na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación: a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación, a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, lévanos a outro principio: a calidade educativa para todo o alumnado e, por outra banda, se establecen os canles para adecuar as actuacións organizativas e curriculares co obxectivo de acadar o máximo desenvolvemento persoal, emocional e social do alumnado.

Esa mesma Lei Orgánica establece que “todo o alumnado disporá dos medios necesarios para acadar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.”

A. Estratexias metodolóxicas:

Trataremos de levar a cabo unha detección temperá das necesidades educativas do alumnado mediante: a avaliación inicial das titorías, tamén, por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe con respecto aos casos que atenderán neste curso, da orientadora nos casos de alumnado procedente do estranxeiro e dos que sospeitamos que presentan un problema importante; as sesións de avaliación; a valoración individual que fai o profesorado do desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe dunha determinada alumna/o; as avaliacións psicopedagóxicas e o emprego de protocolos para a detección temperá de discapacidades, trastornos, dificultades de aprendizaxe, altas capacidades..

Potenciaranse as estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, habilidades sociais, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual (traballo cooperativo, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe por tarefas...).

Investigadas e detectadas as necesidades educativas, deseñaranse aquelas medidas de atención educativa que máis favorezan o proceso de ensino- aprendizaxe do alumnado/a.

B. Estratexias organizativas:

Os criterios básicos xerais para a organización dos recursos cos que conta o centro son:

- Optimizar os recursos existentes e investigar a fondo as necesidades deles e tamén, dos materiais.
- Procurar que os recursos cos que conta o centro beneficien ao maior número de alumnado.

As medidas ordinarias de apoio educativo serán impartidas por:

- Mestra ou mestre titor/a (reforzo educativo para ao casos que o precisen).
- Mestra ou mestre que imparte docencia nunha área obxecto de reforzo.

As medidas extraordinarias, serán impartidas polas mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL). Excepcionalmente, a orientadora, con permiso da familia e titoría, poderá atender algunhas sesións e dun xeito temporal a algún caso especial e cunha problemática moi importante doutra índole.

Os criterios que abranguen as medidas, tanto ordinarias, como extraordinarias (PT e AL), son:

- Prioritariamente, a atención ao alumnado proporcionarase nas áreas instrumentais básicas (agás, nos casos de problemas de conduta ou urxentes) e, no posible, tentarase evitar naquelas áreas que favorecen a integración.
- Realizaranse, sempre que sexa posible ou conveniente, dentro do grupo ordinario. De realizarse fóra, xamais terá lugar na totalidade da sesión de dita área, xa que é a mestra/e ordinaria a que se encarga da avaliación da alumna/o.
- Terase, especialmente en conta á hora de organizar os apoios educativos, os casos de NEE tendo en conta o seu diagnóstico, se ten un ou máis e aquel alumnado que esgotou as medidas ordinarias (alumnado que repetiu curso...), cun considerable desfase curricular..
- En igualdade de necesidades, darase prioridade á atención educativa nos cursos baixos.

A orientadora eleva a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención terase en conta, os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase, preferentemente, os casos que presenten unha problemática grave de conduta, que precisen dunha atención urxente e os que son obxecto dunha ACS.
- Atenderase o alumnado con necesidades educativas especiais, diagnosticados polo Departamento de Orientación do centro, Equipo de Orientación Específico (EOE), Saúde Mental e organismos ou servizos correspondentes, teñan ou non unha Adaptación Curricular.
- Outro alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (non de reforzo ou que non amosan interese).

Lembramos que os casos urxentes terán prioridade no estudo, avaliación psicopedagóxica e atención, por parte da orientadora, o que implica unha alteración importante do seu traballo habitual ou programado. E, neste caso, lembramos, tamén, que a orientadora está compartida con outro centro.

Ao rematar o curso escolar, o profesorado de PT e de AL elaborarán un informe relativo ao apoio realizado. Este documento será arquivado no Departamento de Orientación.

c. Liñas prioritarias de atención e protocolos

- Asesoramento, colaboración e apoio á función titorial. Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as distintas medidas de atención ao alumnado con NEAE.
- Atención a toda a diversidade presente no centro (equidade na educación). Promoción da participación e implicación das familias.
- Orientación educativa.


4.3. Modificación ao Proxecto Educativo.

Como consecuencia dos obxectivos propostos no apartado 3 da PXA e a entrada en vigor da Lei 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio de educación, realizaremos, ao longo do curso 2024/2025, actualizacións/revisións de todos os documentos oficiais do centro.

O Proxecto Educativo do centro e os documentos que del forman parte aparecen recollidos no Anexo I deste documento.

5. Organización do centro.

5.1. Estructura orgánica:



5.2. Órganos colexiados.

5.2.1. O **Equipo Directivo** está formado por:

- Don Emilio Manuel González López (director)
- Dona Paula Pose López (xefa de estudos)
- Dona Patricia García Arias (secretaria)

5.2.2. O **Claustro de Mestres** está formado por:

- Blanco Beneitez, Margarita
- Borrazas Verdía, Elena María
- Carracedo López, Natividad
- Castro López, Soraya
- Castro López, Tomás
- Díaz-Caneja Castro, Alba
- Domínguez Hervella, Erminda
- Estévez Cebrián, Marta
- García Arias, Patricia
- Gómez Taboada, Cristina
- González López, Emilio Manuel
- Martínez Gómez, Alba
- Martínez Martínez, Cristina
- Pérez Rivas, Silvia
- Pol Álvarez, Estefanía

- Pol Álvarez, Esther
- Pose López, Paula
- Ríos Rodríguez, Luisa María
- Rodríguez Díaz, Vicente
- Rodríguez López, María Dolores
- Rodríguez Real, Álvaro
- Rojo Domínguez, Adriana

5.2.3. O **Consello Escolar** está formado por:

- Don Emilio Manuel González López (presidente)
 - Dona Paula Pose López (xefa de estudos)
- Representate do Concello:
- Dona María González Albert (alcaldesa e representante do Concello)

Representates dos pais/nais/titores legais:

- Fernández García, Adrián
- Fernández González, Marcos
- Rodríguez Rodríguez, Natalia
- Trincado Fernández, David

Representates do profesorado:

- Domínguez Hervella, Erminda
- Gómez Taboada, Cristina
- González López, Emilio Manuel
- López Rodríguez, María Elena
- Pol Álvarez, Estefanía
- Rodríguez Real, Álvaro

Representante PAS:

- Don Leonardo García Fernández

Atendendo á Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de elección dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, no presente curso renovarase parte dos membros do Consello Escolar.

5.3.1. **Persoal de cociña:**

- Dona Alba López Fernández (en substitución de Dona Carmen Casas Martínez).

- Dona María Mercedes Iglesias Conde (en sustitución de Dona María Teresa García Martínez).
- Dona Verónica Rodríguez Ramos.

5.3.2. Subalterno:

- Don Leonardo García Fernández.

5.3.3. Auxiliar Técnico Educativo:

- Don Xose Anxo Pérez Argibay.

5.4. Estadísticas de principio de curso.

5.4.1. Alumnado:

Etapa	Educación Infantil			Educación Primaria					
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Nº alumnos	13	14	18	20	12	25	16	30	40
Total etapa	45			143					
Total centro	188								

5.4.2. Grupos:

	Educación Infantil			Educación Primaria					
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
		1	1	1	1	1	1	1	2
	3			8					
Total grupos	11								

5.4.3. Composición de unidades:

	Catalogadas	En funcionamiento	Diferenza
Educación Infantil	3	3	0
Educación Primaria	8	8	0

5.4.4. Profesorado:

	EI	FI	FF	EM	EF	PT	AL	EP	REL	DO	AUX	TOTAIS
<i>Persoal definitivo</i>	3	1	0	1	1	1	0	3	1	1	0	12
<i>Provisionais a tempo completo</i>	1	0	1	0	0	1	1	6	0	0	0	10
<i>Provisionais a tempo parcial</i>	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	1
												23

5.4.5. Adscrición do profesorado:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º Infantil A	Gómez Taboada, Cristina
	5º Infantil A	Domínguez Hervella, Erminda
	6º Infantil A	Pérez Rivas, Silvia
	Apoio	Pose López, Paula
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º A	Martínez Martínez, Cristina
	2º A	Pol Álvarez, Estefanía
	3º A	Martínez Gómez, Alba
	4º A	García Arias, Patricia
	5º A	Rodríguez Díaz, Vicente
	5º B	Pol Álvarez, Esther
	6º A	Castro López, Tomás
	6º B	Rodríguez López, María Dolores
	Apoio primaria	González López, Emilio Manuel
	Educación Física	
Lingua Estranxeira	Inglés	Rojo Domínguez, Adriana
	Francés	Martínez Martínez, Cristina
Educación Musical		Luisa María Ríos Rodríguez
Orientadora		María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)
Pedagogía Terapéutica		Natividad Carracedo López
Pedagogía Terapéutica		Díaz-Caneja Castro, Alba
Audición e Linguaxe		Castro López, Soraya
Audición e Linguaxe		Borrazas Verdía, Elena María
Relixión Católica		Margarita Blanco Beneitez

A mestra Martínez Gómez, Alba titora do 3º A de Educación Primaria, ademais de impartir as áreas propias da súa titoría, impartirá as Plásticas de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria.

A mestra García Arias, Patricia, titora de 4ºA de Educación Primaria, ademais de impartir as áreas propias da súa titoría, exercerá as funcións de secretaria do Equipo Directivo.

O mestre Rodríguez Díaz, Vicente, titor de 5ª de Educación Primaria, ademais de impartir as áreas propias da súa titoría, impartirá as ciencias en 6ª de Educación Primaria.

O mestre , Castro López, Tomás titor de 6ª de Educación Primaria, ademais de impartir as áreas propias da súa titoría, Lingua Inglesa en EI e 1º e 2º de EP; Educación Plástica e Visual en 5º e 6º de EP e, Educación en Valores en 6ºB de Educación Primaria

O mestre de apoio de Educación Primaria, González López, Emilio Manuel, ademais de exercer as súas función como director, impartirá Matemáticas en 6ª e Proxecto Competencial en 5ª,5ºB,6ª e 6ºB de Educación Primaria.

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica Díaz-Caneja Castro, Alba será compartida dous días á semana co CEIP O Bolo e a Orientadora Estévez Cebrián, Marta un día á semana

Ao abeiro da lexislación vixente constituense os seguintes Equipos docentes e comisión, quedando composto cada un tal e como se recolle na seguinte táboa:

CCP	Director	Emilio M. González López
	Xefa de Estudos	Paula Pose López
	Orientadora	María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)
	Coordinadora de Educación Infantil	Erminda Domínguez Hervella
	Coordinadora 1º ciclo de Ed. Primaria	Estefanía Pol Álvarez
	Coordinadora 2º ciclo de Ed. Primaria	Martínez Gómez, Alba
	Coordinador 3º ciclo de Ed. Primaria	Vicente Rodríguez Díaz
	Coordinadora do EDLG	Rodríguez López, María Dolores
	Coordinadora do EACeE	Emilio M. González López
	Responsable da Dinamización da Biblioteca Escolar	Luisa María Ríos Rodríguez
	D.O (PT/AL)	Borrazas Verdía, Elena María Carracedo López, Natividad Castro López, Soraya Díaz-Caneja Castro, Alba

EDLG	Coordinadora	Rodríguez López, María Dolores
	E.Infantil	Gómez Taboada, Cristina
	E.Infantil	Domínguez Hervella, Erminda

DO	Orientadora	María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)
	Pedagogía Terapéutica	Natividad Carracedo López
	Pedagogía Terapéutica	Díaz-Caneja Castro, Alba
	Audición e Linguaxe	Castro López, Soraya
	Audición e Linguaxe	Borrazas Verdía, Elena María

	Coordinadora Educación Infantil	Erminda Domínguez Hervella
	Coordinadora 1º ciclo Ed. Primaria	Estefanía Pol Álvarez
	Coordinadora 2º ciclo Ed. Primaria	Martínez Gómez, Alba
	Coordinador 3º ciclo Ed. Primaria	Vicente Rodríguez Díaz

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR	Coordinadora	Luisa María Ríos Rodríguez
	Pedagogía Terapéutica	Natividad Carracedo López
	Educación Infantil	Pérez Rivas, Silvia
	Educación Primaria	Martínez Martínez, Cristina
	Pedagogía Terapéutica	Natividad Carracedo López

DINAMIZACIÓN TICS	Coordinadora	Paula Pose López
	Educación Primaria	Vicente Rodríguez Díaz
	Educación Física	Álvaro Rodríguez Real

EQUIPO DE ACeE	Coordinador	Emilio M. González López
	Pedagogía Terapéutica	Díaz-Caneja Castro, Alba
	Orientadora	María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)

EQUIPO DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	Coordinadora	Borrazas Verdía, Elena María
	Educación Primaria	Patricia García Arias
	Audición Lingüística	Castro López, Soraya

EQUIPO ESCOLA VERDE	Coordinadora	Margarita Blanco Beneitez
	Educación Primaria	Pol Álvarez, Estefanía
	Educación Primaria	Pol Álvarez, Esther

EQUIPO SECCIONES BILINGÜES	Coordinadora	Rojo Domínguez, Adriana
	Educación Primaria	Martínez Gómez, Alba
	Educación Primaria	Castro López, Tomás

EQUIPO DE EMERGENCIAS SANITARIAS	Coordinador	Álvaro Rodríguez Real
	Orientadora	María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)

DINAMIZACIÓN PLAN DIXITAL	Director e Coordinador	González López, Emilio Manuel
	Xefa de estudos	Pose López, Paula
	Secretaria	García Arias, Patricia

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA	Director e Coordinador	González López, Emilio Manuel
	Xefa de estudos	Pose López, Paula
	Secretaria	García Arias, Patricia

EQUIPO 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL	Coordinadora	Erminda Domínguez Hervella
	Titora 4º EI	Cristina Gómez Taboada
	Titora 6º EI	Pérez Rivas, Silvia
	Apoio EI	Paula Pose López
	Audición e Linguaxe	Borrazas Verdía, Elena María

EQUIPO 1º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Titora 1º EP. Coordinadora	Estefanía Pol Álvarez
	Titor 1º EP	Martínez Martínez, Cristina
	Pedagogía Terapéutica	Díaz-Caneja Castro, Alba
	Relixión católica	Blanco Beneitez, Margarita
	Educación Física	Rodríguez Real, Álvaro

EQUIPO 2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Titora 3º EP. Coordinadora	Martínez Gómez, Alba
	Titora 4º EP	García Arias, Patricia
	Pedagogía Terapéutica	Castro López, Soraya
	Música e Danza	Ríos Rodríguez, María Luisa
	Lingua Extranxeira: Inglés	Rojo Domínguez, Adriana

EQUIPO 3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Titor 5º A EP. Coordinador	Vicente Rodríguez Díaz
	Titora 5º B EP	Pol Álvarez, Esther
	Titora 6º B EP:	Rodríguez López, María Rodríguez
	Titor 6º A EP	Castro López, Tomás
	Pedagogía Terapéutica	Carracedo López, Natividad

EQUIPO E- DIXGAL	Coordinador	Emilio González López
	Titor 5º A EP	Vicente Rodríguez Díaz
	Titora 5º B EP:	Pol Álvarez, Esther
	Titor 6º A EP	Castro López, Tomás
	Titor 6º B EP	Rodríguez López, María Dolores
	Apoio Primaria	Emilio González López
	Pedagogía Terapéutica	Carracedo López, Natividad
	Educación musical	Ríos Rodríguez, Luisa María
	Lingua Extranxeira: Inglés	Rojo Domínguez, Adriana
	Educación Física	Rodríguez Real, Álvaro

DINAMIZACIÓN POLOS CREATIVOS	Director e Coordinador	González López, Emilio Manuel
	Xefa de estudos	Pose López, Paula

EQUIPO FORMACION EN CENTROS	Coordinador	Rodríguez Real, Álvaro
	Educación Primaria e Director	González López, Emilio Manuel
	E. Primaria e Secretaria	García Arias, Patricia
	E. Infantil e Xefa de Estudios	Pose López, Paula
	Pedagogía Terapéutica	Borrazas Verdía, Elena María

5.5. Horarios.

5.5.1. Xornada Escolar.

O CEIP Manuel Respino conta con xornada única.

Durante os meses de setembro e xuño o horario do centro é o seguinte:

- Entrada ás 09:30 horas.
- Saída ás 14:30 horas.

De outubro a maio o horario do centro é o seguinte:

- Entrada ás 09:15 horas.
- Saída ás 14:15 horas

A xornada escolar dividirase en:

- 5 sesións lectivas de 50 ou 45 minutos.
- 1 recreo de 30 minutos.
- 1 sesión de “Hora de ler” de 30 minutos.

A distribución horaria por sesións é a seguinte:

a) Nos meses de setembro e xuño.

SESIÓN	HORARIO
1º sesión	09:30h – 10:20h
2ª sesión	10:20h – 11:10h
3ª sesión	11:10h – 12:00h
Recreo	12:00h – 12:30h
Lectura	12:30h – 13:00h
4ª sesión	13:00h – 13:45h
5ª sesión	13:45h – 14:30h

b) Nos meses de outubro a maio.

SESIÓN	HORARIO
1º sesión	09:15h – 10:05h
2ª sesión	10:05h – 10:55h
3ª sesión	10:55h – 11:45h
Recreo	11:45h – 12:15h
Lectura	12:15h – 12:45h
4ª sesión	12:45h – 13:30h
5ª sesión	13:30h – 14:15h

Así, os horarios e portas de entrada e saída establecidos polo centro son os seguintes:

Durante os meses de setembro e xuño o horario de entrada ao centro é de 9:15h a 09:30 horas e de outubro a maio de 09:00 a 09:15 horas.


ENTRADA		
09:15 -9:30h// 09:00 – 09:15		
CANCELA GRANDE	PORTA APARCADOIRO	PORTA LUDOTECA
INFANTIL 1º EP 2ºEP 3ºEP	4º EP 5º EP 6º EP	Alumnado transportado e usuario do servizo de ludoteca "madrugadores"

SAÍDAS:

Durante os meses de setembro e xuño o horario de saída do centro ás 14:30 horas e de outubro a maio ás 14:15 horas.

SAÍDA NON USUARIOS COMEDOR		
14:30//14:15		
*PORTA LUDOTECA	CANCELA GRANDE	CANCELA APARCADOIRO
14:15//14:00: 4ºEI	1º EP	4º EP
14:20//14:05: 5º EI	2ºEP	5º EP
14:25//14:10: 6ºEI	3º EP	6º EP

SAÍDAS USUARIOS DE COMEDOR	
CANCELA GRANDE	CANCELA APARCADOIRO
15:15h: 4º de EI	15:15h: 4º EP
15:20h: 5º e 6º de EI	15:20h: 5º EP
15:25h: 1º, 2º e 3º de EP	15:25h: 6ºEP



O profesorado supervisará e velará porque se cumpran as medidas establecidas nas entradas e saídas ao centro, ubicarandose os mestres especialistas en cada un dos tres accesos ao centro na chegada do alumnado, mentras que os titores e resto de profesorado se ubicarán no patio cuberto 10 minutos antes do timbre de subida ás aulas, momento no que se abrirán as portas de acceso ao recinto, e velarán porque cada grupo de alumnos ocupe o lugar asignado e se manteñan en todo momento un orden.

O alumnado entrará con orde e respetará sempre as indicacións do profesorado.

Rógase ás familias puntualidade. No caso de retrasos puntuais e xustificados, deberá entrar polo acceso da Avenida de Vilela sempre acompañado dun adulto. Para acceder deberá tocar o timbre e esperar que persoal do centro o recolla na porta e o acompañe á aula. Deberase entregar a xustificación do retraso en conserxería.

O alumnado con irmáns pequenos/as matriculados en Educación Primaria poderán entrar e sair pola mesma porta.

Non se permitirá a entrada das familias no recinto escolar durante as entradas e saídas (a excepción do alumnado en período de adaptación ou por indicación do/a tutor/a).

5.5.2 Servizos Complementarios.

Os servizos educativos complementarios que ofrece o centro durante o presente ano académico son os seguintes:

- Comedor Escolar de xestión directa.
- Transporte escolar.
- Servizo de madrugadores e de ludoteca, dependentes do Concello de A Rúa.

O centro tamén ofertará actividades extraescolares unha vez finalizada a xornada lectiva:

- Clube de Ciencia
- Campamento Dixital ao longo do primeiro trimestre.

Ademáis de estas actividades, a ANPA do centro, en función da demanda, ofertará as seguintes:

- Manualidades
- Club de lectura creativa
- Pintura
- Inglés
- Robótica escolar
- Natación escolar

5.5.3. Horarios de clase.

Os criterios para a elaboración de horarios atenden a razón pedagóxicas e organizativas, tendo en conta e respetando os criterios xerais establecidos na Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02-09-97) e as competencias ao respecto do Claustro de Mestres incluídas no Decreto 374/1996 do 17 de Outubro (DOG 21-10-96). Ademáis tamén se tivo en conta a Orde do 23-06-11 (DOG 30-06-11).

Para a confección de horarios considerárase, ademáis, os seguintes criterios:

- Os horarios adecuaranse ao disposto na normativa vixente, tratando de prestar a mellor atención ao alumnado e rendibilizando ao máximo o capital humano do que dispón o centro.
- En Educación Infantil o tratamento horario farase tendo en conta a globalización dos contidos e os seus ritmos de actividade e recunchos educativos.
- Serán os mestres os que atendan ao alumnado nas filas durante 10 minutos antes do comezo das clases para deste xeito completar as “5 horas complementarias” xunto cos rotatorios.
- O mestre tutor iniciará a xornada, na medida do posible, co seu grupo de alumnos/as de referencia, sempre que o horario de adicación á área por parte dos distintos mestres especialistas así o permita.
- Sempre que sexa posible deixaranse dúas sesións seguidas das primeiras franxas horarias para as áreas instrumentais.
- Procurárase non impartir máis dunha sesión por día da mesma área.
- Os mestres especialistas en Educación Musical, Educación Física e Lingua Extranxeira completarán o seu horario asumindo funcións de apoio nas aulas que o precisen.
- Faranse coincidir, na medida do posible, as horas de apoio coas áreas instrumentais en Educación Primaria.
- Os apoios distribuiranse en función das necesidades de cada aula:
 - Número de ANEAE.
 - Número de alumnos.
- Os apoios establecidos ao principio de curso poderán ser modificados ao longo do mesmo en función das necesidades.
- O profesorado que imparta apoios nalgunha aula e non asista ao centro será substituído por un mestre de garda, sempre e cando exista dispoñibilidade, sen modificar outros apoios.
- Os titores permanecerán o maior número de horas cos alumnos da súa titoría, na medida do posible.
- Tratarase de non coincidir o horario das especialidades en días seguidos.

- Evitarase, na medida do posible, a entrada dun número excesivo de Mestres nunha mesma titoría.
- As reduccions horarias establecidas na normativa vixente distribuiranse de tal forma que optimicen a súa atención e faciliten o bo funcionamento do centro:
 - Coordinadores de ciclo: 1 hora.
 - Coordinador do EDLG: 1 hora.
 - Coordinador de Seccións Bilingües: 1 hora.
 - Coordinador de Biblioteca: 3 horas.
 - Coordinador de Formación en centros: 1 hora.
 - Coordinador TIC: 1 hora.
 - Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares: 1 hora.
 - Coordinador Convivencia: 1 hora
 - Coordinador Voz Natura: 1 hora
- Establecerase un número de dúas gardas de clase por mestre. No caso de que o persoal de garda non fora suficiente para cubrir as ausencias que se produzan, estas serán cubertas respetando a seguinte orde segundo dispoñibilidade:
 - 1º. Profesorado de apoio
 - 2º. Coordinadores de ciclo/equipo
 - 3º. Xefatura do Departamento de Orientación.
 - 4º. Equipo directivo.
 - 5º. Profesorado de PT e AL.

A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza no mesmo. Das ditas horas, *25 terán carácter lectivo (23 horas atendendo ao Acordo sobre as medidas para mellorar o funcionamento do sistema educativo). Computarán como horario lectivo as gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

O horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, a actividades relacionadas coas titorías e orientación do alumnado, titorías de pais e nais, gardas cando non teñan o carácter de lectivas, reunións de equipos de ciclo, departamento, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunións de órganos colexiados e reunión para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

O resto da xornada semanal -sete horas e media- de non obrigada permanencia no centro, destinarase ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente

O día de permanencia conxunta do profesorado no centro será todos os martes de 16:00h. a 18:00 h. Asemade tódolos días agás os venres, permanecerá no centro profesorado distribuído en quendas en horario de 16:00h a 19:00h.

5.5.4. Horario de atención ao público.

- Entrevistas e reunións coas familias:

Tal como establece a Orde do 22 de xullo de 1997, co fin de facilitar a relación do profesor/a titor/a fixarase na PXA unha hora de reunión semanal para atención aos pais/nais/titores legais. Atendendo ao exposto con anterioridade, a atención aos pais/nais/titores legais do alumnado do centro levarase a cabo os martes en horario de 16:00h a 17:00h. Por causas debidamente xustificadas e previo aviso ao centro poderase atender ás familias noutro momento fóra da xornada lectiva. Os pais/nais/titores legais deberán solicitar as entrevistas mediante a aplicación abalarMóbil. Tamén poderán solicitar entrevistas co profesorado especialista do mesmo xeito que para o profesorado titor, aínda que é convinte que previamente falen co profesor/a titor/a.

Ademais, programaranse, igualmente, reunións globais trimestrais coas familias por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo. En todo caso unha destas reunións deberá ter lugar antes do mes de novembro.

- Entrevistas co Equipo directivo e Xefa do Departamento de Orientación

Estas entrevistas levaranse a cabo previa solicitude e realizaranse preferiblemente de xeito telefónico, quedando as entrevistas presenciais para situacións que así o requiran.

- Horarios de secretaría:

A secretaría do centro funcionará exclusivamente con cita previa que deberá ser solicitada vía telefónica. Estas citas nunca poderán coincidir coa entrada ou saída do alumnado nin co tempo de recreo.

Toda a información relativa aos diferentes horarios establecidos polo centro e aos que se fixo referencia con anterioridade figuran no DOC para o presente curso académico 2024/25.

5.6. Programación e calendario de reunións dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente.

Durante o curso escolar 2024/2025 o profesorado do centro manterá as seguintes reunións nos días e datas que se sinalan a continuación:

- Titorías: Tal como establece a orde do 22 de xullo de 1997, co fin de facilitar a relación do profesor/a titor/a fixarase na PXA unha hora de reunión semanal para atención aos pais. Esa hora queda fixada os martes de 16:00 a 17:00 horas aínda que, pola realidade laboral das familias da zona o resto dos días atenderáselles, se fose o caso, e con previo aviso, no horario destinados ao recreo sempre e cando o mestre correspondente non teña garda do mesmo. Os pais deberán solicitar as entrevistas chamando previamente por teléfono ao centro ou ben a través da aplicación AbalarMobil. Concretaranse un máximo de tres visitas de pais/nais por cada martes. Os pais tamén poderán solicitar entrevistas co profesorado especialista do mesmo xeito e co mesmo horario que para o profesorado titor.

Ademais levaranse a cabo reunións trimestrais globais cos pais/nais por titorías encamiñadas a exponer as liñas xerais do plano de traballo e a evolución dos seus fillos/as.

- Reunións de claustro: unha vez por trimestre en sesión ordinaria, así como unha vez ao principio e ao remate do curso en sesión extraordinaria e sempre que o solicite 1/3 dos seus membros.

- Reunións de Consello Escolar: unha vez por trimestre en sesión ordinaria, así como unha vez ao principio e ao remate do curso en sesión extraordinaria así como todas aquelas veces que se crea conveniente ou sexan necesarias para tratar de temas que sexan competencia dos órganos colexiados do Centro.

- Equipo de Dinamización da Lingua Galega: o primeiro martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00 horas. Ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

- Os equipos de biblioteca, novas tecnoloxías, seccións bilingües, convivencia, escola verde e actividades complementarias e extraescolares, atendendo a lexislación vixente deberán reunirse como mínimo cunha periodicidade trimestral con carácter ordinario. Por motivos de organización, considérase oportuno levar a cabo unha reunión mensual de cada un destes equipos que terá lugar o primeiro martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00 horas.

- Equipo de Educación Infantil: o segundo martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00 horas.

- Equipos de Educación Primaria: o martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00 horas.

- Comisión de Coordinación Pedagóxica: o terceiro martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00 horas. De ser o caso, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.
- Departamento de Orientación: reunirse unha vez ao trimestre e sempre que sexa necesario.
- Comisión de convivencia: sempre que sexan necesario.
- Celebraranse catro reunións de avaliación, con todo o profesorado que incide en cada nivel.

É importante que todo o profesorado antes de comezar a correspondente sesión de avaliación teña introducidas as cualificacións en XADE e, para axilizar o proceso, que teña debidamente cumprimentado o modelo de acta de sesión de avaliación que quedará arquivado no Departamento de Orientación. Tamén sería recomendable levar a cabo unha sesión de preavaliación coa orientadora do centro.

As restantes sesións complementarias semanais adicaranse a: Claustros, Consellos Escolares, sesións de avaliación, formación do profesorado... e terán lugar os luns, mércores, xoves e venres en horario de 16:00 a 19:00 horas.

Ademáis, o Equipo Directivo comunicará ao Claustro e Consello Escolar todos aqueles temas que sexan de interese para o Centro e recadará a súa opinión e aprobación previa á toma de calquera decisión.

As reunións fixadas para o presente ano académico son as que se recollen no seguinte cadro:

CALENDARIO DE REUNIÓN S										
2024-2025										
	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBERO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
EDUC-BIL-TICS-AC-E-COMV- LING	*17	1	5	*3	*14	4	11	1	*6	3
CICLO BI	24 (XDO)	8	12	10	21	11	18 (XDO)	8	13	10
1º CICLO EP	24	8 (XDO)	12	10	21	11 (XDO)	18	8 (XDO)	13	10
2º CICLO EP	24	8	12 (XDO)	10	21 (XDO)	11	18	8	13 (XDO)	10
3º CICLO EP	24	8	12	10 (XDO)	21	11	18	8	13	10 (XDO)
CCP	*17	22	19	*3	28	18	25	22	27	17
DEP. ORIENTACIÓN	-	-	26	-	-	25		-	6	-
CALUSTRO	2 de setembro + 3 de setembro + 10 de setembro + 29 de outubro				*14 de xaneiro				29 de abril + 27 de xuño	
SESIÓN DE AVALIACIÓN	Avaliación inicial: semana do 14 ao 18 de outubro 1ª avaliación: Semana do 16 ao 20 de decembro				2ª Avaliación: Semana do 7 ao 11 de abril				3ª Avaliación: Semana do 23 ao 27 de xuño	
CONSELLO ESCOLAR	6 de setembro + 29 de outubro				14 de xaneiro				29 de abril + 27 de xuño	
TUTORÍA COAS FAMILIAS	SETEMBRO				XANEIRO				ABRIL	
TUTORÍAS INDIVIDUAIS	Todos os martes de 16:00h a 17:00 h									

5.7. Entrega de notas.

As notas serán entregadas polos titores ao alumnado os seguintes días:

- Primeira avaliación: o día 20 de decembro de 2024.
- Segunda avaliación: o día 11 de abril de 2025.
- Terceira avaliación: o 25 de xuño de 2025.

Os boletíns informativos das cualificacións dos alumnado entréganse os días marcados anteriormente. As familias tamén poderán consultar as cualificacións a través da aplicación AbalarMobil.

Unha vez realizada cada unha das catro avaliacións, os titores elaborarán un informe individualizado de cada alumno que remitirán ás familias e nos que se recollan os indicadores de logro establecidos para cada unha das áreas obxecto de avaliación, a valoración de cada un deles e todo tipo de información relevante no logro dos obxectivos e no grao de desenvolvemento das Competencias Clave.

Ademais, os mestres de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, elaborará un informe de cada un dos alumnos que reciben apoio pola súa parte.

5.8. ANEAE.

A atención ao alumnado con NEAE correrá a cargo do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe así como do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Realizaranse apoios e reforzo educativos, segundo se establece no DOC e no Plan de orientación, tanto dentro da aula como fóra da mesma. As estratexias metodolóxicas e organizativas de atención a este alumnado están reflectidas na programación de aula, na programación do profesorado da aula de apoio, no Plan de orientación, no Plan de atención á diversidade, e no Plan de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe. Todos estes plans figuran no proxecto educativo do centro.

5.9. Libros de texto e material didáctico.

A relación de libros de texto que se empregarán no presente ano académico para cada unha das materias do currículo pode ser consultada na páxina web do centro.

Ademais, en cada nivel fixéronse unha serie de materiais didácticos complementarios. Considérase tamén a posibilidade de requerir, si o titor/a o considera oportuno, algún libro de lectura e cuadernillos de ortografía, caligrafía, cálculo e razoamento de problemas matemáticos ao longo do curso.

5.10. Faltas de asistencia.

No que ás faltas de asistencia ao centro por parte do alumnado se refire, as familias deberán xustificar estas ausencias por escrito segundo o modelo elaborado polo centro que está dispoñible na web e na secretaría do centro. O titor/a será o/a encargado/a de rexistrar as faltas en XADE.

Nos casos de reiteradas faltas de asistencia seguiranse os procedementos establecidos no Protocolo de Absentismo Escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No que atinxe ás faltas de mestres, seguirase a lexislación vixente sobre o tema, presentando documentación ante a dirección do centro educativo segundo o modelo dixitalizado que se atopa na web ou ben nas dependencias da dirección do centro.

5.11. Instalacións do centro.


As dependencias do centro están distribuídas do seguinte xeito:

a. Un edificio principal con tres plantas nas que se atopan as seguintes dependencias:

PLANTA BAIXA	PRIMEIRO ANDAR	SEGUNDO ANDAR
<ul style="list-style-type: none">- Despacho equipo directivo.- Sala de mestres.- Aseos profesorado.- Recepción- Ximnasio e vestiarios.- Conserxería.- Local persoal limpeza.-Departamento de Orientación.- Arquivo.- Comedor Escolar.	<ul style="list-style-type: none">- Aulas titorías.- Aula lingua estranxeira: inglés.- Aula de Audición e Linguaxe.- Aula de recursos didácticos.- Aula de Relixión Católica.- Aseos.	<ul style="list-style-type: none">- Biblioteca Escolar.-Aula de Pedagogía Terapéutica.-Aula de Audición e Linguaxe.- Aula de Audiovisuais- Polos Creativos.- Clube de Ciencia- Aseos.



PLANO AULAS SEGUNDA PLANTA:



b. Un edificio secundario de dúas plantas nas que están ubicadas as seguintes dependencias:

PLANTA BAIXA	PRIMEIRO ANDAR
<ul style="list-style-type: none"> - 1 aula de Educación Infantil con aseo. - Aula de Educación Artística: Música. - Salón de actos. 	<ul style="list-style-type: none"> - 2 aulas de Educación Infantil. - 1 aula sensorial - 1 aula de recursos didácticos. - Aseos.

Durante o horario lectivo as instalacións escolares están destinadas para ser utilizadas polo alumnado e polo profesorado do centro.

Fóra do horario lectivo poderán ser utilizadas polo Concello, ANPA e outras asociación con autorización do Consello Escolar e da Xefatura Territorial para diferentes actividades

Para a cesión das instalacións, a persoa ou entidade solicitante deberá cubrir e asinar un impreso que solicitará á dirección do centro e no que comunicará os datos da persoa ou entidade solicitante, datos da actividade a desenvolver e as obrigas coas que se compromete.

Este impreso deberá ser presentado á dirección do centro para que posteriormente o presente ao claustro de Mestres e ao Consello Escolar.

A cesión das instalacións deberá contar coa aprobación do claustro e do consello escolar do centro e seguirá a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1997, no seu capítulo 3, punto 9, resumido no protocolo que estableceu a Xefatura Territorial no curso escolar 2015/2016.

Calquera estrago que se puidera producir nas instalacións do Centro por calquera tipo de cesión deberá ser arranzado, e será responsable do mesmo a persoa encargada da actividade, ou o solicitante da cesión.

Ao tratarse dun CEIP, a conservación e mantemento das instalacións do centro son competencia do Concello.

En canto ao salón de actos deberase acometer a súa reforma integral despois dos estragos ocasionados polas continuas inundacións sufridas. Levar a cabo as obras detalladas canto antes e atallar novas deficiencias debidas á antigüidade das instalacións cun plan de mantemento preciso, programado e efectivo é primordial.

En canto ao servizo de limpeza, éste depende do Concello. As necesidades en canto a este servizo son as seguintes:

- Limpeza diaria en profundidade especialmente nas dependencias empregadas por alumnado e profesorado con patoloxías alérxicas que garantice o seu benestar.

-Limpeza da cristalería do centro.

c. Pavillón polideportivo

A actuación máis necesaria a levar a cabo é o control de aves que acceden ao mesmo para así evitar que manchen a superficie cos seus excrementos.

d. Patio de recreo.

- Cabe salientar a situación de deterioro das zonas de recreo que precisan dunha rehabilitación e acondicionamento que garanten o benestar e a seguridade do noso alumnado.
- Resulta prioritario crear unha zona de sombreado para o noso alumnado de infantil, así como reemplazar o mobiliario adaptado á súa idade.

5.12. Servizos educativos complementarios.

Durante o presente ano académico 2024/25 o centro conta cos servizos educativos complementarios de transporte escolar e comedor escolar.

Transporte escolar

Ao centro asisten nenos e nenas de diferentes aldeas do Concello empregando diariamente o transporte escolar, que conta con tres rutas. Cada alumno/a usuario/a de transporte dispón dunha tarxeta, seguindo as cores das correspondentes rutas, na que figuran os seus datos, a ruta e a parada que lle corresponde, tanto para a entrada ou ida, como para a saída ou volta.

O Equipo Directo, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (desde a chegada dos autobuses ata a hora de entrada nas aulas) e a saída (desde o remate da xornada escolar ata que son atendidos polas acompañantes de transporte).

O centro conta cun protocolo de actuación e as normas que rexen o funcionamento do servizo de transporte escolar e que é actualizado ao inicio de cada curso. Está á disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

Comedor escolar.

O centro conta con servizo de comedor escolar de xestión directa.

O Comedor Escolar funcionará desde o primeiro ata o último día lectivo de cada curso segundo a Orde que regula o Calendario Escolar para cada curso e coas excepcións dos días non lectivos solicitados polo claustro de Mestres, aprobados polo Consellor Escolar e autorizados pola Xefatura Territorial.

A organización e funcionamento do comedor regúlase polo Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG 13/08/2013) de funcionamento de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; pola Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG 05/03/07) que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola orde de 13 de xuño que a modifica e polo Decreto 374/2009 polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de educación e Ordenación Universitaria.

O comedor escolar do centro será dirixido e coordinado polo director e pola encargada do servizo, que durante o presente ano académico será Dona María Elena Borrazas Verdía, cuxas funcións son as que establece a lexislación vixente. Entre as súas funcións atópase a da elaboración dos menús escolares en colaboración co persoal de cociña. Os menús mensuais para o presente ano académico foron aprobados polo servizo de pediatría do CS do Barco e están a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

O alumnado usuario do servizo será atendido polo persoal colaborador do mesmo.

Atendendo ao número de alumnos de Educación Infantil usuarios do servizo, serán tres as persoas que colaboren no seu coidado e atención.

En canto ao coidado e atención do alumnado usuario de Educación Primaria, serán seis as persoas encargadas.

Na actualidade o centro conta cun protocolo de actuación e as normas que rexen a organización e funcionamento do comedor escolar que é actualizado cada curso escolar.

O alumnado usuario dos servizos educativos complementarios deberá facer un uso continuado dos mesmos para manter a condición de usuario léxítimo.

As ausencias do alumnado aos servizos educativos complementarios deberán ser comunicadas á dirección do centro antes das 10:00 horas.

5.12. Tarefas extraescolares.

Tal e como se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no que se fai referencia as tarefas extraescolares, os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de maneira que entronquen co adecuado desenvolvemento das competencias do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

Tamén se menciona que no caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao mesmo tempo, fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Ademais do exposto con anterioridade, os deberes ou tarefas escolares no fogar terán como finalidade reforzar as actividades de aula, finalizar as tarefas iniciadas en horario lectivo ou non acabadas por ausencia ou outros motivos e, promover a implicación familiar na educación dos seus fillos, á vez que implicarán a coordinación dos equipos docentes de cada grupo clase.

Coas aportacións do profesorado mediante as reunións de ciclo, a CCP do CEIP Manuel Respino elaborou o presente documento que recolle os criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares no centro.

Como criterios xerais establécense os seguintes:

- Deben deseñarse para ser realizadas autónomamente por parte do alumnado.

- Deben ser accesibles para todo o alumnado ao que van dirixidas.
- A previsión de tempo para a súa realización contemplará a totalidade das tarefas que se encargan no conxunto de áreas, evitando unha excesiva acumulación de tarefas.
- Avaliarase a realización e presentación das tarefas no fogar pero non o resultado da corrección das mesmas.
- As tarefas escolares recolleranse nun cuadrante na pizarra da aula que facilitará a coordinación e que o alumnado dos cursos superiores poida copiar as tarefas na súa axenda escolar. Tamén se exporán na pizarra ou nun calendario de parede as datas das probas para evitar que se sitúe máis dunha ao día (salvo en 6º de Educación Primaria, que poderán fixarse dúas probas o mesmo día para habituar aos alumnos á dinámica da Educación Secundaria Obrigatoria).
- Para o alumnado que non segue o ritmo escolar, ACNEAE, planificaranse tarefas en relación co seu nivel de competencia curricular e en coherencia co seu Plan de Traballo Individual, de modo que se axusten á súa capacidade de resolución de forma autónoma.

- Os mestres/as aclararán o sentido e alcance das tarefas extraescolares que pon aos seus alumnos/as, explicará cómo deben facelos e, no seu caso, si serán valorados e avaliados e cómo.

Algunhas destas tarefas extraescolares iniciaranse na aula para detectar as dificultades ás que se enfrentará o alumnado.

- O profesorado ofrecerá estratexias de organización e planificación do tempo na realización das tarefas extraescolares, así como técnicas de estudo, especialmente nos últimos cursos da etapa, para fomentar o traballo autónomo do alumnado e facilitar a labor de acompañamento familiar.

- Realizarase un seguimento das tarefas extraescolares que irá desde a comprobación da súa execución, ata a corrección, colectiva ou individual, na aula.

- As tarefas extraescolares non consistirán unha medida disciplinaria para aqueles alumnos que non presten atención na aula ou adoiten ter un comportamento disruptivo.

O claustro, tras un proceso de reflexión e de revisión do proceso de ensino-aprendizaxe, recolle unhas liñas acordadas para levar a cabo un plan de deberes común, coordinado e progresivo. Tivéronse en conta os seguintes aspectos: progresividade, tempo, coordinación entre profesorado dunha mesma aula e tipo de tarefas.

Considérase que é adecuado que o alumnado realice tarefas no fogar porque se atopan efectos positivos a tres niveles:

1) Para crear hábitos de estudo e desenvolver a autonomía do alumnado.

a. Establecen o hábito de estudar en casa.

- b. Preparan ao alumnado para aprender de forma autónoma.
- c. Ensinan ao alumnado a desenvolver habilidades e técnicas de estudo.
- d. Favorecen o desenvolvemento do pensamento crítico.
- e. Contribúen á aprendizaxe da administración eficaz do seu tempo e a saber cumprir coas súas responsabilidades.

2) Para favorecer a información e seguimento da familia-escola.

- a. Permiten ás familias saber o que o alumnado está a aprender no colexio.
- b. Permiten ao profesorado/familia detectar dificultades do alumnado.
- c. Poden ser unha oportunidade para xerar unha interacción familiar constructiva.

3) Para mellorar o rendemento académico do alumnado:

- a. Porque axudan a desenvolver a atención e a memoria e aplicar os coñecementos aprendidos.
- b. Supoñen un tempo extra de traballo intelectual e de mecanización de habilidades instrumentais básicas para a aprendizaxe.
- c. O alumnado que ten hábito de estudo xeralmente rende mellor nas áreas e obtén mellores resultados, diferenza que se acentúa a medida que soben de nivel.

O plan de tarefas é unha orientación que favorece a organización a nivel de aula e tamén familiar. Pretende axudar ao alumnado para o desenvolvemento das súas competencias e racionalizar o tempo e o esforzo dedicado ás tarefas escolares. É un plan flexible, que cada mestre ou mestra pode adaptar en función das circunstancias da aula, a programación, o calendario ou outras actividades escolares. Pretende ser un marco-guía.

Esta flexibilidade do plan implica que nalgúns ocasións poderá non haber tarefas escolares para casa, ou non ser necesariamente fichas ao uso, senón actividades tipo reto, de revisión do traballado en clase, adestramento de memoria, lectura, realización de esquemas ou mapas conceptuais.

Tarefas por Niveis Educativos.

- 1º e 2º de Educación Primaria:

Empézase a mandar deberes de forma sistemática, diaria e ben estruturada. A axuda das familias considérase unha guía, un apoio e non unha nova explicación. Débese fomentar unha actitude autónoma ante a tarefa, baseada nunha boa lectura de enunciados, procura de datos, repaso do realizado. As tarefas introducíranse en 1º de forma gradual e na medida que os nenos e nenas

teñan adquirida a lectura como ferramenta vehicular do requirido na tarefa. Predominarán tarefas de carácter mecánico, de reforzo e automatización, fundamentalmente de competencias propias das áreas instrumentais: expresión e comprensión escrita e oral, cálculo, resolución de problemas... aínda que de maneira puntual proporanse actividades de investigación que sexan de interese individual de cada neno/nena ou en relación con pequenos proxectos de investigación (2º EP).

As tarefas levaranse nun cartafol específico para deberes e a indicación de ler todos os días. En primeiro farase máis énfase na Lectoescritura (grafomotricidade, conciencia fonolóxica, velocidade, fluidez, comprensión...) pola súa consideración como ferramenta vehicular para o acceso a outros contidos. En segundo, en actividades de cálculo (contas, táboas de multiplicar e problemas) e a lectura.

No caderno de notas para a familia establecida como procedemento de comunicación, indícanse as probas de avaliación, as súas datas, así como necesidades puntuais que xurdan.

En 1º de Educación Primaria establecerase un tempo máximo estimado de 10-15 minutos + lectura diaria. En total, o tempo estimado non será superior a 20 minutos, aínda que dependerá do ritmo individual de traballo.

- 3º e 4º de Educación Primaria:

Os deberes seguirán a programación e actividades propostas polo mestre ou mestra sobre os contidos de cada unidade de programación. Nestes niveis requírese maior autonomía e responsabilidade do neno ou nena. A axenda escolar utilizarase como instrumento para apuntar as tarefas, copiándoas do cuadrante que se situará na pizarra e que servirá así mesmo como instrumento de coordinación do profesorado.

A tarefa fundamental das familias é supervisar o traballo que ten que facer o alumnado e orientalos na súa realización.

Como tarefas expóranse actividades moi variadas e que impliquen unha actitude de esforzo, interese por unha boa presentación e superación de tarefas: redactar vivencias, finalizar un conto dado, realizar resumos ou esquemas que axudan á comprensión e aprendizaxe de contidos. Na área de Matemáticas a resolución de problemas é fundamental, de aí a importancia dunha boa lectura. A lectura constitúe unha actividade diaria moi recomendable.

No fin de semana pódese repasar e estudar o traballado durante a semana.

Como tempo máximo estimado para a realización de tarefas prevese 1 hora: 30-40 minutos + lectura frecuente.

- 5º e 6º de Educación Primaria:

Do mesmo xeito que en cursos anteriores, as tarefas para o fogar deberían supor maior autonomía e responsabilidade por parte do alumnado. Como en 3º e 4º de Educación Primaria, utilizarase a axenda escolar como instrumento para apuntar as tarefas.

A familia debe supervisar e orientar as tarefas; non corraxirá nin realizará as tarefas polo neno ou nena, senón que lle mostrará pautas de planificación e revisará exclusivamente que o traballo estea completado e cunha boa presentación. As dúbidas serán resoltas polo mestre ou mestra.

En 5º e 6º os deberes han de converterse nunha rutina diaria, na cal sempre han de estudar ou repasar contidos dados no día.

O tempo máximo estimado é de 1 hora diaria. O procedemento de comunicación de tarefas e de coordinación das mesmas será a pizarra, como nos cursos de 3º e 4º.

A coordinación de deberes a través da pizarra como instrumento, permitirá non sobrecargar ao alumnado de tarefas e asegurará unha racionalización dos mesmos.

Colaboración das familias.

- As familias servirán de de apoio, reforzo, estímulo e guía: buscando o positivo e evitando as críticas; revisando que os deberes estean feitos, pero non obsesionarse con que estean correctos; sendo esixentes coa boa presentación, letra adecuada e evitando faltas de ortografía; suspendendo privilexios de maneira consistente cando sexa necesario.

- Lugar para facer as tarefas: un espazo que se asocie aos deberes escolares e que estea ademais ben organizado, ventilado e iluminado. É preciso eliminar da zona de traballo todo canto poida xerar distracción: xoguetes, televisión, equipos de música, tabletas, móbiles, consolas... O escritorio ha de ser amplo, cadeira e mesa adaptadas ás dimensións do neno ou nena, que garantan a postura correcta das costas e da vista. Dispor o material necesario: lapis, goma, cores, regra, diccionario...

- Momento: Convén pospor as tarefas a un período da tarde no que o neno estea despexado e en condicións favorables. As familias deben tentar que o seu fillo ou filla realice as tarefas e estude como parte da rutina diaria, deben reservar un tempo regular e programado, tendo en conta os seus costumes e compromisos familiares.

- Como facelos: O traballo debe realizarse de maneira constante sen interrupcións para favorecer a concentración e o rendemento. Na zona de traballo debería incluír o horario das áreas e a axenda para ver a tarefa que teñen que realizar no día. O papel das familias tamén ha de cambiar ante as tarefas, en función da idade. Retirando a axuda progresivamente, até lograr a autonomía do alumnado. Cando non hai tarefas é conveniente non deixar a rutina de traballo e dedicar o tempo a aprender doutras maneiras: investigar, experimentar, ler, ver vídeos, xogar...

- Preparar o material do día seguinte: Revisar a mochila, o estoxo, a axenda... Chándal, fruta, material de plástica...

- Fomentar a responsabilidade do neno ou nena progresivamente: Apuntar os deberes e as datas de entrega de traballos ou avaliacións. Asumir as consecuencias dos seus esquecementos ou equivocacións como parte da súa aprendizaxe. Ir dando autonomía na planificación do tempo.

5.14. Días non lectivos.

Segundo a orde do 12 de abril de 2024 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2024/25 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia nos centros no que unha ou as dúas festas laborais de carácter local non coincidan con días de clase, os consellos escolares poderán solicitar, segundo proceda, un ou dous días non lectivos, que deberán preverse na programación xeral do centro, argumentando razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica, polo que ao abeiro desta orde, o centro pode solicitar un día non lectivos no presente curso escolar.

No concello de A Rúa un dos festivos locais celébrase en período estival, polo que tal e como se recomenda en dita orde, todos os centros educativos do concello tratarán de seleccionar as mesmas xornadas non lectivas. Este curso serán o 14 de febrero e o 2 de maio de 2025.

6. Plans de actuación dos órganos colexiados e de coordinación docente.

6.1. Consello Escolar.

O Consello Escolar estará integrado polos membros que se citan no apartado 5.2.3 do presente documento e terá como funcións principais as establecidas no artigo 127 da LOE, modificada pola LOMLOE.

Dentro do Consello Escolar existen dúas comisións, a comisión económica e a de convivencia, que están constituídas tal e como se recolle na lexislación vixente e que se reunirán trimestralmente e sempre que sexa necesario.

O Consello Escolar reunirase, cando menos e obrigatoriamente, unha vez por trimestre, previa convocatoria do Presidente ou, por delegación deste, do Secretario, realizada cun mínimo de 48 horas de antelación. Realizarase unha reunión de Consello Escolar ao principio e outro ao remate do curso.

A convocatoria de reunión Consello Escolar recollerá a orde do día e, dende ese momento a información dos temas a tratar estará ao dispor de todos os membros.

Da reunión de Consello Escolar levantará acta a Secretaria, e na mesma deberán contemplarse: os asistentes, a orde do día da reunión, o lugar e o tempo en que se celebrou, os puntos principais de deliberación e o contido dos acordos adoptados. A acta da reunión de Consello Escolar será aprobada na seguinte sesión.

No seo do Consello Escolar estableceuse a comisión de convivencia, integrada polo director, a xefa de estudos, un/ha representante do profesorado, un/ha representante das familias e un/ha representante do persoal laboral non docente. Na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa e un/ha integrante será a encargada de velar pola igualdade en tódolos ámbitos do funcionamento do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director por proposta dos colectivos representados.

Reunirase para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia do centro docente concréntanse no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Tamén se constitúe no seno do consello escolar una comisión económica, integrada polo director, un representante do profesorado, un representante dos pais/nais/titores legais do alumno e a secretaria.

A comisión de convivencia e a comisión económica están constituída tal e como se recolle no punto 5.2.3 deste documento.

Asimesmo, poderán constituirse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, ao menos, un representante do profesorado e un representante dos pais/nais/titores legais do alumnado.

6.2. Claustro de mestres.

O Claustro de mestres é o órgano propio de participación dos mestres no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

Será presidido polo director do centro e está integrado pola totalidade do profesorado do centro que preste servizos no centro, tal e como figura nas táboas dos apartados 5.4.5 deste documento.

As competencias do claustro de mestres son as fixadas no artigo 129 da LOE modificada pola LOMLOE.

O Claustro de mestres reunirse, cando menos e obrigatoriamente, unha vez por trimestre, previa convocatoria do Director ou, por delegación deste, do Secretario, realizada cun mínimo de 48 horas de antelación. Realizarase unha reunión de claustro ao principio e outro ao remate do curso.

A convocatoria de reunión do claustro recollerá a orde do día e, dende ese momento a información dos temas a tratar estará ao dispor de todos os membros.

Da reunión de claustro levantará acta a secretaria, e na mesma deberán contemplarse: os asistentes, a orde do día da reunión, o lugar e o tempo en que se celebrou, os puntos principais de deliberación e o contido dos acordos adoptados. A acta da reunión de claustro será aprobada na seguinte sesión.

6.3. Titores e titoras.

Cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor ou titora que será designado polo director por proposta da xefa de estudos tal e como se recolle no punto 5.4.5 deste documento.

O mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción tutorial do seu grupo.

A comunicación dos tutores/as cos pais/nais/tutores legais do alumnado do seu grupo de referencia é fundamental para un óptimo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de ahí que se fixe unha hora semanal fóra do horario lectivo para a súa atención. Tamén se establece un calendario de reunións globais por trimestre.

A xefa de estudos coordinará o traballo dos tutores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos.

- Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de cualificación e promoción.
- Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académica do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo docente do grupo das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dun nivel a outro, logo de audiencia dos seus pais ou tutores legais.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais tutores e titoras no marco dos proxectos educativos do centro.
- Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos

e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- Exercer a coordinación entre os demais mestres do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais, nais ou titores e á xefa de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

6.4. Plan de traballo do equipo do 2º ciclo de Educación Infantil.

1.EQUIPO DOCENTE.

1.1.TITORES.

MESTRE	TITORÍA
Cristina Gómez Taboada	4º DE EDUCACIÓN INFANTIL
Erminda Domínguez Hervella	5º DE EDUCACIÓN INFANTIL (coordinadora)
Silvia Pérez Rivas	6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

1.2.PROFESORADO ADSCRITO AO CICLO.

MESTRE	ESPECIALIDADE
Paula Pose López	Apoio Infantil.Psicomotricidade
Mª Luisa Ríos Rodríguez	Educación Musical
Margarita Blanco Beneitez	Relixión
Tomás Castro López	Inglés

1.3.OUTRO PROFESORADO QUE IMPARTE NO CICLO

MESTRE	ESPECIALIDADE
Elena María Borrazas Verdía	Audición e Linguaxe
Marta Estévez Cebrian	Orientación

2.ALUMNADO

2.1.Número de alumnos por nivel.

CURSO	Nº ALUMNADO	RELIXIÓN/A.EDUCATIVA
4º Nivel E.I	13	6/7
5º Nivel E.I	14	5/9
6º Nivel E.I	18	9/9

3.CARACTERÍSTICAS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

A educación infantil constitúe unha etapa educativa de capital importancia para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa. Así establécese como principal finalidade nesta etapa contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Os contidos organízanse arredor de tres áreas:

- Comunicación e Representación da realidade.
- Crecemento en Harmonía.
- Descubrimento e relación coa contorna.

En un contexto global, cada vez máis complexo e cambiante, a Educación Infantil é unha etapa de vital importancia xa que nela séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social do individuo e intégranse aprendizaxes que están na base do logro das competencias que se consideran básicas para a cidadanía. Partindo destas premisas, os enfoques curriculares que subxacen nesta programación non se limitan tan só a adquisición de conceptos e coñecementos puramente académicos senón que inclúen tamén aqueles aspectos que contribúen ao desenvolvemento integral de nenos e nenas.

A Educación Infantil é, dende os primeiros cursos, como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e nenas no desenvolvemento global de todas as súas capacidades. Por iso a nova ordenación educativa considéraa unha etapa educativa con entidade propia.

A importancia de un adecuado desenvolvemento das capacidades do neno durante os seus primeiros anos de vida en relación co seu proceso de aprendizaxe é un feito contrastado pola psicoloxía evolutiva e educativa. Cada persoa ten unha particular maneira de ser e de estar no mundo, de relacionarse con outras persoas, con espazo e os obxectos, e estes esquemas constrúense

especialmente durante os primeiros seis anos de vida, de maneira que esta etapa ten implicacións positivas, no social, económico e educativo ao longo de toda a vida.

4.FINALIDADES.

A principal finalidade nesta etapa contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións.

Na educación infantil atenderemos progresivamente:

- Ao desenvolvemento afectivo.
- Ao movemento e aos hábitos de control corporal.
- Ás manifestacións da comunicación e da linguaxe.
- Ás pautas elementais de convivencia e relación social.
- Ao descubrimento das características físicas e sociais do medio.

Ademais, facilitaremos que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

Potenciaremos a transmisión daqueles valores que favorezan:

- A liberdade persoal.
- A responsabilidade.
- A cidadanía democrática.
- A solidariedade.
- A tolerancia.
- O respecto.
- A xustiza.
- A prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades.
- O fomento da igualdade entre homes e mulleres.

5.OBXECTIVOS DO CICLO.

Os obxectivos poden definirse como as capacidades ou habilidades que un neno debe ter adquiridas ao finalizar a etapa de educación infantil. Esta etapa, segundo o establecido no Decreto 150/2022, ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións. Para conseguir esta finalidade, así como unha maior coordinación entre a educación infantil e as diferentes etapas da educación fórmulanse os obxectivos.

5.1. OBXECTIVOS DE ETAPA

Segundo o establecido no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos de etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

5.2.COMPETENCIAS CLAVE

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave foron adaptadas ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidos na LOMLOE 3/2020 do 29 de Decembro.

As devanditas competencias son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (Competencia dixital (CD)).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Espérase que a adquisición destas competencias ao longo da súa escolarización lle permita ao alumnado prepararse para afrontar con éxito os principais retos do século XXI: planificar hábitos de vida saudables, protexer o ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e son abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman esta etapa.

5.3.OBXECTIVOS DE ÁREA

Os obxectivos de área correspóndense coas competencias específicas establecidas no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o Currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación recóllense algúns deles:

1.Comunicación e Representación da Realidade.

OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.

OBX2. Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

OBX4. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

2. Crecemento en Harmonía.

OBX1. Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.

OBX2. Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.

OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.

OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.

3.Descubrimiento e Relación coa Contorna.

OBX1. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.

OBX2. Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.

OBX3. Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

6.ACCIÓN TITORIAL

Segundo o Decreto 150/2022 do 8 de setembro, as persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrárase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as valoracións realizadas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

OBXECTIVOS:

→Propiciar o coñecemento das características propias do alumnado. **Responsables:** Titor e Orientador.

→Realizar o seguimento personalizado de cada alumno/a.

→Adequar as programacións. **Responsables:** equipo de ciclo, especialistas e titor.

→Potenciar a coordinación dos mestres que imparten ensinanzas a un mesmo grupo de alumnos.

Responsable: titor.

→Implicar ás familias na educación dos alumnos par unificar criterios e pautas educativas que redunden nunha maior coherencia entre escola e familia. **Responsables:** Titor, Orientador, Equipo directivo.

→Asumir como tarefa propia dos docentes a orientación e a acción tutorial dos alumnos. **Responsables:** Todo o profesorado do centro.

→Atender aos alumnos que presentan necesidades educativas especiais buscando a optimización dos recursos e a máxima integración do alumnado. **Responsables:** profesorado, titor e orientador.

→Propiciar o clima de clase adecuado para a convivencia e o traballo escolar buscando a aceptación de todos os alumnos. **Responsables:** Titor e orientador.

ACTUACIÓNS:

→Recollida de información:

- Datos persoais e familiares.
- Datos relevantes sobre a súa historia familiar e escolar.
- Características persoais; intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, adaptación persoal, familiar e social e integración no grupo-clase.
- Competencia curricular.
- Necesidades educativas.

→Diseño dunha ficha ou carpeta individual de titoría que facilite a recollida de información e seguimento.

→Rexistro acumulativo de información relevante:

- Recollida de información mediante entrevistas periódicas.
- Rexistro de incidentes.
- Observacións sobre a súa actitude, comportamento, dificultades...

→Selección de contidos prioritarios e básicos.

→Diseño da avaliación inicial ao comezo do ciclo ou curso.

→Criterios e indicadores.

→Instrumentos.

→Técnicas.

→Reunións:

- Establecer un calendario de reunións.
- Establecer o guión das reunións.
- Levantar acta das conclusións.
 - Calendario de reunións xerais coas familias:
- Procedemento para manter entrevistas coas familias con periodicidade.
 - Entrevistas de titoría.

- Entrevistas co profesorado.
- Entrevistas co/coa orientador/ora.
- Diseñar modelos de informes, notas e comunicados...etc
- Colaborar co Consello Escolar e a AMPA na organización de charlas...
- Colaborar na elaboración e revisión do Plan de titoría e orientación.
- Elaborar as Programacións de titoría de acordo aos plans establecidos.
- Identificar as necesidades educativas do alumnado:
 - A partir da avaliación inicial.
 - Mediante o seguimento do alumnado observando o proceso de ensinanza-aprendizaxe, etc.
 - Tomar decisións sobre a modalidade de escolarización.
 - Elaborar as adaptacións curriculares.
 - Conocer as características do grupo-clase:
 - Mediante observación directa.
 - Técnicas sociométricas.
 - Encuestas.
 - Observación externa.
 - Programar actividades complementarias e extraescolares.
 - Covivencia.

7.ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN 4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL.

HORARIO CO PERIODO DE ADAPTACIÓN PARA 4º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL			
	MÉRCORES 11	XOVES 12	VENRES 13
09:45-10:30	A	A	A-B (CON APERITIVO)
10:45-11:30	B	B	
11:45-12:35	C	C	C-D (CON APERITIVO)
12:45-13:30	D	D	

LUNS 16		MARTES 17	
09:45-11:45	A-B (CON APERITIVO)	10:00 - 13:30	TODOS XUNTOS (MOCHILA CON ALMORZO)
11:45 -13:45	C-D (CON APERITIVO)		

DENDE O MÉRCORES 18 DE SETEMBRO: HORARIO HABITUAL DE 09:30 A 14:15

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
GRUPO FORMADO POR 3 NENOS/AS	GRUPO FORMADO POR 4 NENOS/AS	GRUPO FORMADO POR 3 NENOS/AS	GRUPO FORMADO POR 3 NENOS/AS

A ENTRADA E A SAÍDA SERÁ POLA PORTA DA LUDOTECA ATA NOVO AVISO.

8.DETERMINACIÓN DA LINGUA MATERNA.

Tal e como se recolle no Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o pluringüismo , nesta Etapa o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado tendo en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa ou ciclo.

Teremos en conta tamén que dentro da Área Linguaxes: Comunicación e representación un dos obxectivos é Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais.

9.LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO.

A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

A nosa práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e etapas.

Fomentaremos o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité. De igual modo, sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, po Favoreceremos unha primeira aproximación á lectura e á escritura(**non esixible pero necesaria para afrontar a educación primaria**), así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical.

Prestaremos especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

Atenderemos progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres

vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluimos a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenta uns hábitos saudables.

Ademais, favoreceremos que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Amplíanse e refórzanse as aprendizaxes adquiridas previamente e intensifícase o protagonismo da adquisición de destrezas que contribúan a «aprender a ser» e a «aprender a facer», para avanzar así no camiño cara ao desenvolvemento dun certo grao de autonomía, responsabilidade e iniciativa na realización de tarefas. En ambos os ciclos, o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe está marcado pola observación, a escoita activa e o aumento progresivo da actividade a través da experimentación e do xogo.

-Aprendizaxe significativa de Ausubel, a partir do contorno próximo, aprendizaxe construtiva de Piaget “aprender a aprender”, distancia óptima de Vigotsky ao partir do coñecido para chegar ao descoñecido, globalización de Decroly ao partir dun centro de interese, mediadores de Feustein, paradigma ecolóxico conceptual, antecesores, representantes e precursores da escola nova, o uso das novas tecnoloxías, o principio de individualización, organización da clase por rutinas marcadas por ritos nun clima de afecto e confianza, o xogo, debido a que é a linguaxe máis natural do neno e da nena, é espontáneo, autotélico xa que produce pracer por si mesmo.

-Seguirase unha liña participativa, activa e globalizada.

O alumnado chega á Educación Infantil con multitude de ideas previas. O noso traballo como mestres e mediadores é partir das súas ideas previas, do seu nivel de desenvolvemento, asegurar aprendizaxe significativas e construtivas que poñan ao alumnado no seu desenvolvemento e modificar ou complementar as súas ideas previas.

Así mesmo traballaremos na liña dos grandes pedagogos do século XX incluíndo na nosa proposta didáctica métodos de relaxación, cancións, xogos lúdicos e musicais, etc.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa a:

-As características persoais de cada alumno.

-As necesidades e intereses dos nenos e das nenas.

-O estilo cognitivo de cada alumno.

Partimos da heteroxeneidade como compoñente esencial da nosa aula, ademais das necesidades educativas que todos os nenos/as teñen, faremos especial consideración ás necesidades educativas especiais presentes na nosa aula.

Unha vez que se detecten estas necesidades ou se observen dificultades de aprendizaxe, poranse en práctica as actividades ou procedementos de reforzo, en coordinación co Departamento de Orientación. En caso de solicitude de Avaliación Psicopedagóxica por parte do profesor titor en liñas xerais o protocolo a seguir será o seguinte:

- Ante a sospeita do titor dunha necesidade terá que solicitar á xefatura de estudos a convocatoria dunha reunión do seu equipo docente.
- A avaliación psicopedagóxica solicitarase en base a unha decisión consensuada de todo o equipo docente e recollida en Acta.
- O titor, en nome do equipo docente, presenta solicitude de valoración ao Departamento de Orientación.

(Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade.)

Algunhas medidas que poden considerarse son:

-O apoio no grupo ordinario.

-Os agrupamentos flexibles.

-As adaptacións no currículo.

-Os reforzos específicos en algún ámbito.

10.PLANS E PROXECTOS QUE SE LEVARÁN A CABO NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Participaremos en todos aqueles Proxectos que se leven a cabo a nivel de centro, sempre que se axusten á idade e características psicoevolutivas do alumnado de Educación Infantil.Participaremos nos seguintes:

▶ Dende a Biblioteca: Proxecto: “Ao son da música”

▶ Proxecto: “Educación Responsable”

▶ Programa Froita fresca e leite na escola.

▶ Outros proxectos que poden xurdir ao longo do curso.

11.RECURSOS E MATERIAIS HUMANOS.

RECURSOS E MATERIAIS CURRICULARES:

LIBROS DE TEXTO

3 ANOS

- ▶ Taller de matemáticas manipulativas. (Nivel I). Ed. Santillana. ISBN: 9788468027807
- ▶ ¡Todo es posible! Grafismo creativo 1. Ed. Luis Vives (Edelvives). ISBN: 9788468027807

MÚSICA

Aprendo Música 3 anos.

Ed. Santillana. ISBN:84-294-7380-7

INGLÉS: Sen libro

OPTATIVAS:

ATENCIÓN EDUCATIVA: Sen libro

RELIXIÓN: Sen libro

4 ANOS

- ▶ + que números 3. M^a D. Miguel Foronda. Ed. Vicens Vives. ISBN: 978-84-682-8296-1.
- ▶ + que números 4. M^a D. Miguel Foronda. Ed. Vicens Vives. ISBN: 978-84-682-8297-8.
- ▶ + que números 5. M^a D. Miguel Foronda. Ed. Vicens Vives. ISBN: 978-84-682-8298-5
- ▶ Grafismo creativo 2. M^a Consuelo Fuentes Casañ. Ed. Anaya. ISBN: 978-84-143-4114-8

MÚSICA:

Aprendo Música 4 anos.

Ed. Santillana. ISBN:84-294-7418-8

OPTATIVAS:

ATENCIÓN EDUCATIVA: Sen libro.

Relixión: Sen libro.

INGLÉS: Sen libro

5 ANOS

- ▶ + que números 7. M^a D. Miguel Foronda. Ed. Vicens Vives. ISBN: 978-84-682-8300-5
- ▶ Aprendo con Lilo y Lila 5. Ed. Vicens Vives. ISBN: 978-84-682-8289-3

MÚSICA:

Aprendo Música 5 anos.

Ed. Santillana. ISBN:84-294-7419-6

OPTATIVAS:

ATENCIÓN EDUCATIVA: Sen libro.

RELIXIÓN: Sen libro

INGLÉS: Sen libro.

Recursos materiais dispoñíbeis no centro

- Vídeo
- Altavoz bluetooth.
- Altavoz bluetooth portátil
- Ordenadores
- Retroproyectors.
- Encerado Dixital Interactivo

Recursos espaciais dispoñíbeis no centro

- Aula de idiomas
- Aula Polos Creativos
- Patio
- Ximnasio
- Comedor.
- Biblioteca
- Aula de Música
- Aula de Pedagogía Terapéutica
- Aula de Audición e Linguaxe

Distribución do espazo dentro da aula

- Distribución de mesas por pequenos grupos de traballo tanto para actividades de traballo individual como colectivo.
- Mobiliario imprescindible para a organización do material dos nenos, que nos axudará a delimitar espazos e zonas dentro da aula.
- Recantos de actividade individual ou en grupo estable.

Así mesmo tamén empregaremos material específico para cada área.

1- Crecemento en Harmonía.

- Fichas e cadernos apropiados para a Educación Infantil para este ámbito.

- Material de psicomotricidade.

2- Descubrimiento e Exploración da Contorna.

- Fichas en relación co ámbito da natureza, os seus elementos, relacións, medidas e características.
- Traballos individuais e grupais básicos, orais e escritos sobre aspectos da cultura propia e a vida en sociedade.
- Obxectos relacionados co coñecemento do medio que permitan un traballo manipulativo-experimental.

3- Comunicación e Representación da Realidade.

- Fichas de traballo das linguaxes escrita e verbal na lingua propia e extranxeira.
- Material referente as novas tecnoloxías (ordenador, CD, pantalla dixital...) para traballar con eles na aula.
- Elementos de traballo das linguaxes artísticas (plástica, música e dramatización).
- Material de psicomotricidade adaptado para esta área.
- Material auditivo e impreso en lingua estranxeira.
- Recursos e materiais específicos lingua estranxeira.

Os materiais estarán colocados en lugares accesibles de maneira que podan ser vistos e utilizados por os nenos e nenas de forma autónoma, evitando a dependencia da persoa adulta, e disporanse ordenadamente para facilitar a súa ubicación e colocación posterior. Como docentes temos que asegurarnos de que coñecen e respectan as normas de utilización do material e tenderemos a promover a recuperación e reutilización dos materiais, axudando aos nenos e nenas a descubrir novas posibilidades de uso.

12.AVALIACIÓN: ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación, tal e como se establece no Decreto 150/2022 do 8 de setembro e na Orde do 30 de Maio de 2023 será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

Para a avaliación teremos en conta polo menos os seguintes aspectos:

- ❖ A adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.
- ❖ A selección e secuencia dos contidos.
- ❖ A organización e interrelación das actividades co potencial motivador e a súa importancia en relación co interese e coa zona do desenvolvemento de cada neno e nena

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada das áreas. Destacar que cada titora priorizará os seus criterios tendo en conta obxectivos e contidos

Crterios para o alumnado:

Comunicación e Representación da Realidade

- Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.
- Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.
- Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
- Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.
- Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.
- Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.
- Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.
- Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.
- Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.
- Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.
- Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.
- Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.
- Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
- Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual como en contextos dialóxicos e participativos.
- Percibir, identificar e discriminar sons.
- Expresar sentimentos e emocións.
- Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos e técnicas.
- Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.
- Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.

- Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
- Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuoso e empática.
- Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza..
- Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

Crecedemento en Harmonía

- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.
- Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.
- Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.
- Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.
- Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.
- Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.
- Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.
- Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.
- Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.
- Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.

Descubrimento e Exploración da Contorna

- Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.
- Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.

- Situar-se adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movementos, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.
- Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.
- Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para afectar as medidas.
- Mostrar unha actitude de respecto e coidado cara o medio natural identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre él.
- Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.
- Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.
- Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.
- Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.
- Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.
- Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións., propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación non consiste só na cualificación, senón no seguimento continuado do alumno/a dende que comeza ata que remata o ciclo.

A avaliación é unha ferramenta básica no proceso de ensinanza-aprendizaxe que facilita o logro dos obxectivos didácticos propostos. A avaliación debe estar integrada no proceso educativo e estar ao servizo dunha mellora na ensinanza e na aprendizaxe.

Respondendo a iso, empregamos tres tipos de avaliación: a Inicial, a Formativa e a Sumativa.

- AVALIACIÓN INICIAL:

É a que realizamos ao comezo do ciclo, xa que cómpre comprobar o que o alumnado xa sabe para poder organizar o plan de aprendizaxe de contidos novos.

Tamén se debe facer ao comezar o curso.

Debemos coñecer os coñecementos necesarios que posúe o alumnado para avanzar nun novo contido. O mestre debe aproveitar os coñecementos que o alumnado xa posúe para conectalos cos novos. Así o rapaz/a poderá ir incorporando de forma significativa os novos contidos.

A Avaliación Inicial é moi importante este curso para partir dos coñecementos acadados polos nenos no curso anterior e así poder orientar a estratexia de ensinanza-aprendizaxe.

-AVALIACIÓN FORMATIVA:

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se pretende que acaden os nosos alumnos en relación coas capacidades expresadas nos obxectivos xerais.

A avaliación formativa permítenos establecer un seguimento continua das aprendizaxes, permitíndonos apreciar os progresos e dificultades dos nosos alumnos.

A avaliación formativa debe ter en conta tódolos contidos. Pero non só hai que comprobar a adquisición de conceptos e destrezas, senón tamén tódolos contidos de actitudes que aparecen nesta etapa (orde, colaboración, atención...)

AVALIACIÓN FINAL:

É a que realizamos ao final do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e permítenos apreciar o grao de aprendizaxe acadado ao longo do mesmo. Os resultados obtidos deben contrastarse cos da avaliación Inicial e a avaliación Formativa, co obxecto de concretar o grao de consecución dos obxectivos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O principal instrumento de avaliación a utilizar no segundo ciclo da Educación Infantil é a observación constante, directa e sistemática do alumnado e do seu traballo e evolución diarias.

→ avaliación inicial

- Cuestionario para a entrevista inicial cos pais ao inicio da escolaridade.

- Pautas de observación para o período de adaptación.

- Ficha de avaliación inicial no nivel 3 anos.

-Ficha de avaliación inicial no nivel de 4 e 5 anos.

-Actas de avaliación inicial para 3, 4 e 5 anos.

-Boletín informativo da avaliación inicial dirixido ás familias.

→ avaliación continua e formativa.

- Pautas de observación en cada unha das fichas do alumno.

- Avaliación de cada unidade: Pautas de observación e seguimento ao final de cada unidade didáctica.

- Ficha de avaliación continua e trimestral.

- Boletín informativo, trimestral en cada nivel, dirixido ás familias.

→ Avaliación final

- Informe individualizado de nivel 3, 4 e 5 anos, para o expediente individual.

- Informe final de etapa.

AVALIACION DA INTERVENCION EDUCATIVA

- Pautas de observación para avaliar a intervención educativa.

13.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE 6º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Tal e como recolle a Orde do 30 de Maio de 2023 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

► Con carácter xeral, as nenas e os nenos poderán incorporarse ao segundo ciclo de educación infantil no comezo do curso do ano natural en que cumpran tres anos de idade e poderán permanecer escolarizados ata final do curso correspondente ao ano natural en que cumpran os seis anos.

► Con posterioridade á idade sinalada anteriormente, **poderá permanecer no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorízase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.**

14.REUNIÓN TRIMESTRAIS COAS FAMILIAS.

A comunicación entre escola-familia é fundamental. Para ser efectiva debe ser continua, bidireccional, significativa y debe estar enfocada na aprendizaxe do alumno. A comunicación é a base de toda relación educativa sólida.

As reunións serán presenciais.

Ao longo do curso escolar realizaranse as seguintes:

- Reunión de grupo en xuño coas familias do alumnado de 3 anos.
- Reunión de grupo ao inicio de curso.
- Alumnado de Infantil: 9 de Setembro ás 10:00.
 - Reunións ao comezo do 2º e 3º trimestre sempre e cando sexan necesarias.
 - O horario de atención ás familias será os martes de 16:00-17:00h.

As persoas titoras (Decreto 150/2022 do 8 de setembro) informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén. Esta información subministrárase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as valoracións realizadas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

Facilitaranse medios para aquelas familias que non poidan asistir neste horario.

► Atención ás familias noutros horarios sempre que xurda algún problema.

15.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

1º TRIMESTRE:

- ▶ Celebración do día da **Biblioteca**, o 24 de Outubro.
- ▶ Celebración do **Samaín**, o 30 de outubro. En coordinación coa biblioteca e o PFFP do Centro.
- ▶ Celebración do **Magosto**.
- ▶ Celebración do día da **Non Violencia**. O día 25 de novembro.
- ▶ Día Internacional das persoas con discapacidade. 3 de decembro.
- ▶ Celebración de **Nadal**.

2º TRIMESTRE:

- ▶ Celebración **Día da Paz**, o 30 de xaneiro.
- ▶ Celebración do **Entroido**.
- ▶ Celebración do **Día de Rosalía**, o 24 de febreiro.
- ▶ Celebración **Día da muller traballadora**.

3º TRIMESTRE:

- ▶ Celebración do **Día do Libro, 23 de abril**.
- ▶ Celebración da **Letras Galegas**.
- ▶ Fin de curso.
- ▶ Graduacións nen@s de 5 anos e de 6º de Primaria.
- ▶ Participación en concursos ou certames que cada titor considere oportunos.
- ▶ Posibilidade de participar en actividades ofertadas polo concello ou desde fóra do centro.
- ▶ Saídas fóra do centro. (Aínda por acordar)
- ▶ Convivencia Cholo e Nela.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Dente o ANPA ofertan as seguintes actividades:

- Robótica escolar.
- Manualidades.
- Pintura
- Natación escolar.
- Inglés.
- Club de lectura creativa.

XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

Tendo en conta a actual ideoloxía pedagóxica, cada vez se fai máis necesario organizar a práctica educativa de forma sistemática. Isto implica non só tomar como referentes unha serie de bases lexislativas, senón tamén a necesidade de implicar aos diferentes axentes educativos en dito proceso, posto que a escola constituíuse, nos últimos anos, como unha realidade aberta á sociedade que pretende propiciar, por unha parte, o cambio e a mellora non só dos individuos, senón tamén dos grupos aos que estes pertencen; e por outra, salvaguardar unha serie de valores culturais que van a permitir alcanzar unhas sinais de identidade pero sempre sobre a base e o respecto dos principios democráticos e o dereito dos individuos a recibir unha educación acorde coas súas necesidade e intereses.

Sobre a base de dita perspectiva, é necesario xustificar o porqué da planificación da función docente e a necesidade de que o profesorado asuma o seu papel con respecto a mesma.

PLANIFICAR, en sentido riguroso, é prever racional e sistematicamente as accións que hai que realizar para a consecución adecuada duns obxectivos previamente establecidos. A planificación é unha esixencia que se impón en todos os ámbitos da actividade humana con un certo grado de complexidade e, cando se fala do proceso de ensinanza aprendizaxe, a planificación concretízase na elaboración dun plan que prevea, no contexto educativo, a explicitación dun conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas concretas que permitan alcanzar os obxectivos propostos.

A programación nunha debe ser entendida como un proceso acabado, senón máis ben de guía e orientación da práctica dos docentes, os cales deberemos determinar, constantemente, a práctica educativa e adecuala ao contexto para a consecución dos obxectivos

6.5. Plan de traballo do equipo do 1º ciclo de Educación Primaria.

1. EQUIPO DOCENTE.

1.1. TITORES.

MESTRE	TITORÍA
ESTEFANÍA POL ÁLVAREZ	2º DE PRIMARIA E COORDINADORA DE CICLO
CRISTINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ	1º DE PRIMARIA

1.2. PROFESORADO ADSCRITO AO CICLO.

MESTRE	ESPECIALIDADE
MARGARITA BLANCO BENEITEZ	RELIXIÓN
ÁLVARO RODRÍGUEZ REAL	EDUCACIÓN FÍSICA
ALBA DÍA-CANEJA CASTRO	PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1.3. OUTRO PROFESORADO QUE INTERVÉN NO CICLO

MESTRE	ESPECIALIDADE
ELENA BORRAZAS BERDÍA	AUDICIÓN E LINGUAXE
Mº LUISA RODRIGUEZ RIOS	MÚSICA
ALBA MARTÍNEZ GÓMEZ	PLÁSTICA
TOMÁS CASTRO LÓPEZ	INGLÉS

2. ALUMNADO.

2.1. Número de alumnos por nivel.

CURSO	Nº ALUMNADO	RELIXIÓN/A.EDUCATIVA
1º Nivel EP	20	8/12
2º Nivel E.P	12	4/8

3. OBXECTIVOS DO CICLO.

Os obxectivos que pretendemos dendeo 1º ciclo levar a cabo para este ano académico 2024/2025 son os seguintes:

- Potenciar un ambiente de estudio e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga...) e manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.
- Comprensión lectora. Mellora da habilidade de lecto-escritura, velocidade adecuada, entonación adecuad.

Encanto á escritura os aspectos priorizados serán:

- Mellora da caligrafía.
- Copia de oracións.
- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.

No campo das matemáticas:

- Que contén os números ata o cen, series numéricas, as sumas sin levar e restas sin levar.
- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa e democrática na súa aprendizaxe.
- Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, respecto, solidariedade, compañeirismo, honestidade, responsabilidade, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

No eido das habilidades sociais sobre todo de cara a 2º de Educación primaria serán:

- Mellorar o comportamento traballando coas habilidades sociais.
- Recordatorio continuo de normas.
- Traballar co reforzo positivo de condutas.

En relación con hábitos de saúde e benestar:

- Continuar a inculcar hábitos de saúde, así como dende o colexio potenciar as merendas saudables, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

No eido tecnolóxico:

- Potenciar e desenvolver as posibilidades das novas tecnoloxías para a súa aplicación na aula, así como xa desde 1º implicarse no uso da aula virtual e facer o uso da pantalla que temos tanto na aula de 1º como de 2º de Educación primaria para proxectar de maneira virtual calquer contido ou actividade ou mesmo os libros por medio da plataforma Edubook.

4. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2024/25.

No noso modelo pedagóxico coa base lexislativa LOMLOE as programacións didácticas serán feitas a través de proens e deberán estar feitas antes do 11 de setembro do 2024, data na que comeza a actividade escolar. Dende ela, tentaremos superar a visión disciplinar e plantexar traballos globalizados e interdisciplinares, con propostas de tarefas e actividades que promovan o carácter e a utilidade social. En ámbolos dous niveis do ciclo ao longo do curso escolar traballaremos, dende o currículo, tódalas competencias e os seus criterios de avaliación específicos recollidos nas Programacións Didácticas de cada una das materias de cada nivel. Ademais, daráselle un especial tratamento a Educación Emocional, e á Educación para a Saúde e un especial tratamento á lecto-escritura e a súa iniciación centrada no 1º nivel.

5. PLANS E PROXECTOS QUE SE LEVARÁN A CABO NO CICLO.

Os Plans nos que participa o centro educativo e cos que traballaremos dende o 1º ciclo son:

- Voz Natura.
- PLAMBE
- Polos Creativos
- Seccións Bilingües.
- Proxecto Digicraft no teu cole.
- Plan Proxecta
- Educación Responsable

Ademais dos mencionados con anterioridade os membros do equipo mostran a súa dispoñibilidade a participar noutros plans e proxectos que vaian xurdindo ao longo do curso sempre e cando sexan de interese, satisfagan as necesidades do alumnado e a súa implantación no centro sexa viable.

6. ACCIÓN TITORIAL.

A acción titorial responderá á intención de personalizar e de dar sistematicidade aos procesos educativos, axeitando oferta educativa ás necesidades dos alumnos co obxectivo de proceder ás oportunas adaptacións curriculares e á detección e atención das necesidades de apoio dos alumnos que o precisen e, ao mesmo tempo, mediará nas relacións dentro do centro así como coas familias e a contorna que arrodea ao centro educativo.

7. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para achegarnos aos obxectivos de etapa e para lograr desenvolver no alumnado as competencias clave, a proposta curricular neste ciclo realizarase a través de proxectos de aula e as diferentes propostas editoriais dixitais conxuntamente. Durante este curso académico xa pode agruparse o alumnado de forma conxunta para traballar e fomentar a cooperación, traballo en equipo. Salientar que en 1º hai varios alumnos con necesidades de atención educativa, que requiren d'emoito apoio de especialistas por parte da PT e a AL, e tamén apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria para este grupo de 20 alumnos. A metodoloxía será traballar por rincóns gardando certo paralelismo coa etapa anterior de Infantil, se traballará sobre todo a lecto-escritura e comprensión lectora, no 1º trimestre non se comezará directamente con libros de texto senon con fichas e outro recursos para adquirir a lecto-escritura.

En 2º de Primaria se require de apoio en concreto para un enno con posible TDAH xa que presenta condutas disruptivas e o resto do alumnado tende a imitar estas condutas, por tanto se require de apoio e sobre todo traballar as habilidades sociais co grupo en xeral.

Trataremos de fomentar o uso das TIC en todo momento. Todos os curso terán operativa a súa propia aula virtual dentro da páxina Web do centro. Ademais contaremos con todas as posibilidades educativas que ofrece Internet e a biblioteca escolar.

Nesta proposta curricular consideraremos as características dos alumnos con necesidades educativas especiais, dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas. Priorizarase que os apoios impartidos polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe se leven a cabo na aula ordinaria agás nos casos con necesidades máis significativas que se levarán a cabo nas aulas de apoio. Terá que existir unha coordinación semanal entre o titor/a do grupo e o mestre que van prestar apoio. En todo caso, a metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa e lúdica por medio de xogos didácticos.

8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

As aulas do 1º Ciclo están dotadas con multitude de recursos materiais así como libros na biblioteca de aula de lectura, libros que nos aporta a coordinadora da biblioteca do centro, libros de reforzamento, de repaso, diversos cadernos da Editorial GEU, libros de comprensión lectora e matemática, libros da editorial Vicens Vives que son os que se

seguen neste ciclo de carácter funxible, recursos como o uso das TICs por medio dunha pantalla onde se pode acceder a contido dixital, para elaboración de cambas, accesos libros dixitais por medio de edubook, e unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de carácter dixital. Ademáis contamos con material manipulativo así como figuras xeométricas para traballar matemáticas, moedas e billetes didácticos, para traballar o sistema monetario, ábacos para as sumas e restas, entre outros.

Os recursos humanos contamos con dúas mestras titoras unha para o 1º nivel e outra para o 2º nivel, Mestres de apoio que veñen varias sesións á semana para atender as demandas do 1º ciclo, o traballo de especialistas de PT e AL que é moi necesario sobre todo no 1º curso e axuda por parte do D.O.

9. AVALIACIÓN: ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS.

Tendo en conta o modelo educativo das competencias clave utilizaremos distintas estratexias e instrumentos para avaliar os procesos de ensino e de aprendizaxe.

Avaliación inicial de curso: nun primeiro lugar, e durante a primeira quincena do curso realizarase a avaliación inicial a través da cal trataremos de identificar as dificultades do alumnado así como as súas necesidades educativas (análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, desenvolvemento das Competencias Clave e situación emocional do alumnado). Posteriormente basearémonos na observación sistemática do traballo e actitude na aula, levaranse a cabo probas obxectivas, valoraremos o traballo persoal de cada alumno/a, así como a actitude e o comportamento. A información recadada no proceso será comunicada ás familias nas sesións de titorías.

- Avaliación continua ao longo do curso: o proceso de avaliación das diferentes áreas e competencias terá carácter continuo e estableceranse periodicamente, establecéndose tres períodos avaliativos ao final dos cales informarase ás familias a través do boletín de calificacións, ben facendo entrega do mesmo en formato papel ou ben publicando éste na aplicación AbalarMóbil.

- Teremos en conta diversos instrumentos de recollida de información e aplicaremos cada un deles en función dos procesos de aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación empregados serán :actividades de traballo diario ,lista de control ,registro anecdótico, probas orais/ou escritas, cuestionarios, mapas conceptuais, fichas de indagación, fichas gráficas,, exposicións, observación diaria do traballo na aula, elaboración de cuestionarios, traballos de investigación e recollida de información, registro de

actividades na aula, rexistro de entrega de tarefas en prazo, guía de observación, actitude, interese, motivación, curiosidade, constancia e regularidade no traballo, esforzo, participación, colaboración e o cumprimento de normas.

- A proposta é deseñar unha temporalización de probas escritas ao trimestre entregadas ao alumnado para planificar o seu estudo dexeito autónomo e cunha periodicidade que permita deseñar aprendizaxes consentido e significado didáctico.

- A temporalización das diferentes Unidades Didácticas de cada unha das áreas aparecerá reflexada nas Programacións Didácticas e será unha guía para as propostas de actividades, tarefas e proxectos de aula. Será o conxunto do alumnado quen marque os distintos ritmos de cumprimento da programación ou posibles modificacións das unidades didácticas.

10. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de calificación que utilizaremos son os seguintes: Os criterios de avaliación serán os establecidos na programación de nivel para cada área educativa e secuenciado e temporalizado nas unidades didácticas. Non todos os criterios de avaliación terán a mesma ponderación nas calificacións finais. Haberá tres grandes grupos de criterios de avaliación englobados en tres áreas dedesenvolvemento social, persoal e interpersonal en cada área: Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade será un 40% da nota. Traballo persoal40% Actitude 20% Todos estes criterios de avaliación foron aprobados polo claustro o 2 de setembro do 2024 e se recollerán no Anexo I da PXA.

11. REUNIÓN TRIMESTRAIS COAS FAMILIAS.

A comunicación entre pais/nais/titores legais e titores a través das reunións constitúe o mellor medio de que se dispón para o intercambio mutuo de ideas e información sobre o proceso educativo do alumno-fillo ,por iso se establecen o horario de cada un dos docentes unha hora semanal para titorías coas familias. Levouse a cabo unha reunión de presentación do inicio de curso coas familias, a cal ten lugar o luns día 9 de setembro ás 11 da mañá.. O que pretendemos con estas reunión:

- Intercambia rinformacións sobre o alumno.
- Desenvolver conxuntamente un plan de actuación educativa.
- Orientalos na educación dos seus fillos.

- Comprenderse e entenderse mutuamente.

As titoras do ciclo acordan levar a cabo unha reunión por trimestre coas familias do alumando. As vindeiras serán a volta das vacacións de Nadal e a derradeira terá lugar a volta das vacacións de Semana Santa. Se acordou dende o claustro que as reunións xerais cos pais teñen que ser con carácter trimestral.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA.

1º TRIMESTRE:

- ▶ Celebración do día da Biblioteca, o 24 de Outubro.
- ▶ Celebración do Samaín, o 30 de outubro. En coordinación coa biblioteca e o PFFP do Centro.
- ▶ Celebración do Magosto.
- ▶ Día dos dereitos do neno, o 20 de novembro.
- ▶ Celebración do día da Non Violencia. O día 25 de novembro.
- ▶ Celebración de Nadal.

2º TRIMESTRE:

- ▶ Celebración Día da Paz, o 30 de xaneiro.
- ▶ Celebración do Entroido.
- ▶ Celebración do Día de Rosalía, o 24 de febreiro.
- ▶ Celebración Día da muller traballadora.

3º TRIMESTRE:

Celebración do Día do Libro, 23 de abril.

- ▶ Celebración da Letras Galegas.
- ▶ Fin de curso.
- ◀ Participación en concursos ou certames que cada titor considere oportunos.
- ◀ Posibilidade de participar en actividades ofertadas polo concello ou desde fóra do centro.
- ◀ Saídas fóra do centro. (Aínda por acordar)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Dente o ANPA ofertan as seguintes actividades:

- Robótica escolar.
- Lectura creativa.
- Atletismo.
- Manualidades.
- Pintura
- Xadrez
- Natación escolar.

6.6. Plan de traballo do equipo do 2º ciclo de Educación Primaria.

1. EQUIPO DOCENTE.

1.1.TITORS

MESTRE	TITORÍA
Alba Martínez Gómez	3ºEP
Patricia García Arias	4º EP

As funcións de coordinación do 2º ciclo de Educación Primaria serán asumidas por Alba Martínez Gómez tal e como se acordou na clausura do día 2 de setembro de 2023 no que se levou a cabo a adscrición do profesorado.

1.2. PROFESORADO ADSCRITO AO CICLO.

MESTRE	ESPECIALIDADE
Soraya Castro López	Audición e Linguaxe
Luisa M. ^a Ríos Rodríguez	Música e Danza
Adriana Rojo Domínguez	Lingua Estranxeira: Inglés

1.3. OUTRO PROFESORADO QUE INTERVÉN NO CICLO

MESTRE	ESPECIALIDADE
Margarita Blanco Benítez	Relixión Católica
Elena Borrazás Verdía	Audición e Linguaxe

Natividad Carracedo López	Pedagogía Terapéutica
Álvaro Rodríguez Real	Educación Física
María Elena López Rodríguez (sustituída por Estévez Cebrián, Marta)	Orientadora

2. ALUMNADO.

2.1. Número de alumnos por nivel.

CURSO	Nº ALUMNADO	RELIXIÓN/A.EDUCATIVA
3º Educación Primaria	25	16/9
4º Educación Primaria	17	8/9

3. OBXECTIVOS DO CICLO.

Dende o segundo ciclo de Educación Primaria contribuiremos a desenvolver nos nenos e nas nenas os obxectivos de etapa recollidos no artigo 7 do Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na CCAA de Galicia:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizados de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2024/25.

Preténdese a consecución sen excepción das oito competencias clave no alumnado (comunicación lingüística; competencia plurilingüe; competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría; competencia dixital; competencia persoal, social e de aprender a aprender; competencia cidadá; competencia emprendedora; e competencia en conciencia e expresións culturais) o que lles permitirá non só saber e saber facer senón tamén saber ser, garantindo o seu desenvolvemento integral. Traballaremos, dende o currículo, todas as competencias e os seus criterios de avaliación específicos recollidos nas Programacións Didácticas de cada unha das materias de cada nivel. Ademais tentaremos presentar traballos globalizados e interdisciplinares, con propostas de tarefas e actividades que promovan o carácter e a utilidade social, así como, contribuír á educación dos elementos transversais.

5. PLANS E PROXECTOS QUE SE LEVARÁN A CABO NO CICLO.

Durante o presente curso académico, o segundo ciclo participará nos distintos plans e proxectos desenvolto no centro. Ademais, os membros do equipo mostran a súa dispoñibilidade a participar noutros plans e proxectos que vaian xurdindo ao longo do curso sempre e cando sexan de interese, satisfagan as necesidades do alumnado e a súa implantación no centro sexa viable.

6. ACCIÓN TITORIAL.

Coa acción titorial lograremos non só coñecer ao noso alumnado senón, tamén, crear un ambiente de unión coas familias e de traballo cooperativo co resto da comunidade educativa. Desta maneira, axeitarase a oferta educativa ás necesidades dos alumnos respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e adoptando medidas ante as necesidades que van xurdindo.

7. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para achegarnos aos obxectivos de etapa e para lograr desenvolver no alumnado as competencias clave, a proposta curricular neste ciclo realizarase a través de proxectos de aula e as diferentes propostas editoriais. Trataremos de fomentar o uso das TIC mediante o uso da aula virtual dentro da páxina Web do centro. Nesta proposta curricular consideraremos as características dos alumnos con necesidades educativas, dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas. A metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Os recursos didácticos son un elemento clave para presentar e apoiar os contidos, tendo en conta para a súa elección que sexan de fácil uso, adaptables, atractivos, didácticos..., para facilitar a tarefa educativa. Podémoslos clasificar en:

- Recursos materiais: materiais funxibles, libros, fichas de traballo, revistas, periódicos...

- Recursos TIC: o ordenador e o panel dixital...

- Recursos humanos: profesorado, alumnado e familias...

- Recursos espaciais: aula base, ximnasio, aula de música, aula de inglés, comedor, biblioteca, patio...

9. AVALIACIÓN: ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS.

Tendo en conta o modelo educativo das competencias clave utilizaremos distintas estratexias e instrumentos para avaliar os procesos de ensino e de aprendizaxe.

Avaliación inicial de curso: Durante o primeiro mes deste curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de detectar as necesidades existentes na aula, adecuando as

enseñanzas ao alumnado, facilitando a progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe e incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación (que incluírá a análise dos informes persoais do curso anterior, a información obtida das familias e a realización de probas relativas á competencia lingüística e matemática) será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas.

Posteriormente basearémonos na observación sistemática do traballo e actitude na aula. Levaranse a cabo probas obxectivas, valoraremos o traballo persoal de cada alumno/a, así como a actitude e o comportamento. A información recollida no proceso será comunicada ás familias nas sesións de titorías.

Avaliación continua ao longo do curso: o proceso de avaliación das diferentes áreas e competencias terá carácter continuo e periódico, fixando tres períodos avaliativos a final dos cales se informará ás familias por medio do boletín de cualificacións, ben facendo entrega do mesmo en formato papel ou ben publicándoo na aplicación AbalarMóbil. Teremos en conta diversos instrumentos de recollida de información e aplicaremos cada un deles en función dos procesos de aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación empregados serán: actividades de traballo diario, lista de control, rexistro anecdótico, probas orais e/ou escritas, cuestionarios, mapas conceptuais, fichas de indagación, fichas gráficas, exposicións, observación diaria do traballo na aula, elaboración de cuestionarios, traballos de investigación e recollida de información, presentación de proxectos, rexistro de actividades na aula, rexistro de entrega de tarefas en prazo, fichas de metacognición, resumos, traballos, resolución de exercicios, guía de observación, actitude, interese, motivación, curiosidade, constancia e regularidade no traballo, esforzo, participación, colaboración e o cumprimento de normas.

A proposta é deseñar unha temporalización de probas escritas ao trimestre entregadas ao alumnado para planificar o seu estudo de xeito autónomo e cunha periodicidade que permita deseñar aprendizaxes con sentido e significado didáctico. A temporalización das diferentes Unidades Didácticas de cada unha das áreas aparecerá reflectida nas Programacións Didácticas e será unha guía para as propostas de actividades, tarefas e proxectos de aula. Será o conxunto do alumnado quen marque os distintos ritmos de cumprimento da programación ou as posibles modificacións das unidades didácticas.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.

En canto aos criterios de cualificación, no 2º ciclo de primaria teremos en conta os seguintes aspectos:

- Valoración de contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.
- Traballo persoal.
- Actitude

A valoración de contidos e competencias terá un peso do 50% na cualificación final de cada avaliación, o traballo persoal un 30% e a actitude un 20%.

11. REUNIÓNS TRIMESTRAIS COAS FAMILIAS.

A comunicación entre pais/nais/titores legais e titores a través das reunións constitúe o mellor medio de que se dispón para o intercambio mutuo de ideas e información sobre o proceso educativo do alumno/a, por iso se establece no horario de cada un dos docentes unha hora semanal para titorías coas familias. Estas reunións terán lugar os martes en horario de 16:00 a 17:00 horas.

Estas reunións teñen as seguintes finalidades:

- Coñecerse e comprenderse mutuamente.
- Intercambiar informacións sobre o alumno.
- Desenvolver conxuntamente un plan de actuación educativa.
- Orientalos na educación dos seus fillos.

Os titores do ciclo acordan levar a cabo unha reunión colectiva por trimestre coas familias do alumnado. Nestas reunións as familias recibirán información sobre a temporalización de contidos a traballar en cada trimestre. Nas reunións xerais coas familias levarase a cabo un rexistro das familias que participan en cada reunión e coas familias que non participen contactarase telefónicamente ou a través da aplicación Abalar.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA.

Consideramos un complemento esencial no proceso de ensino aprendizaxe a realización de actividades tanto complementarias como extraescolares xa que ademais de posuír un alto compoñente motivador permite o achegamento á cultura e á vida da localidade ao alumnado dende outro punto de vista, ademais de favorecer a adquisición de competencias e completar o desenvolvemento da persoa e a súa integración e compromiso social.

No tocante ás actividades complementarias, dende o segundo ciclo celebraremos a nivel de titoría e a nivel de centro as conmemoracións establecidas na Orde do 12 de abril de de 2024 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2024-2025 e estamos abertos á realización de actividades deste carácter, tanto dentro como fóra do centro. Estas actividades deberán ter unha

relación directa coas actividades académicas e os contidos a tratar nas distintas áreas e sempre enfocadas ao reforzo e consolidación das competencias clave.

6.7. Plan de traballo do equipo do 3º ciclo de Educación Primaria.

6.7. Plan de traballo do equipo do 3º ciclo de Educación Primaria.

1. EQUIPO DOCENTE

1.1. TITORES

MESTRE	TITORÍA
Vicente Rodríguez Díaz	5º A
Esther Pol Álvarez	5º B
Tomás Castro López	6 A e mestre de Arts no ciclo
María Dolores Rodríguez López	6º B

1.2. PROFESORADO ADSCRITO AO CICLO

MESTRE	ESPECIALIDADE
Natividad Carracedo López	Especialista de Pedagogía Terapéutica

1.3. OUTRO PROFESORADO QUE INTERVÉN NO CICLO

MESTRE	ESPECIALIDADE
Álvaro Rodríguez Real	Especialista en Educación Física
Natividad Carracedo López	Especialista de Pedagogía Terapéutica
	Especialista en Audición e Linguaxe
Margarita Blanco Beneitez	Mestra de Relixión
Emilio Manuel González López	Proxecto Competencial no ciclo
María Elena López Rodríguez	Xefa do Departamento de Orientación

As funcións de coordinador do 3º ciclo de Educación Primaria serán asumidas por D. Vicente Rodríguez Díaz, tal e como se acordou na reunión de Claustro de Mestres do día 2 de setembro de 2024 na que se levou a cabo a adscrición funcional do profesorado.

2 ALUMNADO

2.1. Número de alumnos por nivel.

NIVEL	Nº	RELIXIÓN/PROX COMP
5º A de Educación Primaria	15	8 / 7
5º B de Educación Primaria	15	11 / 4
6º A de Educación Primaria	21	10 / 11
6º B de Educación Primaria	19	10 / 9

3. OBXECTIVOS DO CICLO

De conformidade co noso Decreto curricular, ao longo do terceiro ciclo, desde a titoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación educativa, académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións, así como a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

Ó finalizar o 6º curso cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

- Potenciar un ambiente de estudio e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga...) e manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.
- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.
- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura.

Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

- ✓ comprensión.
- ✓ velocidade adecuada
- ✓ entonación

En canto á escritura os aspectos priorizados serán:

- ✓ presentación
 - ✓ adecuación léxica
 - ✓ coherencia na expresión escrita
 - ✓ corrección sintáctica e ortográfica.
 - ✓ Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propias.
-
- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.
 - Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.
 - Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa e democrática na súa aprendizaxe.
 - Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, respecto, solidariedade, compañeirismo, honestidade, responsabilidade, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.
 - Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.
 - Potenciar e desenvolver as posibilidades das novas tecnoloxías para a súa aplicación na aula.
 - Adoptar novos modelos de ensino, tendo en conta as tecnoloxías da información e facendo sa web do centro una fonte de recursos.

4. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2024/25.

Neste curso, a nivel curricular, cabe dicir que agora teremos en conta as oito competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018.

Dende elas, tentaremos superar a visión disciplinar e plantexar traballos globalizados e interdisciplinares, con propostas de tarefas e actividades que promovan o carácter e a utilidade social, buscando situacións de aprendizaxe onde teñan que superar retos e desafíos, sempre relacionados con situacións da vida cotiá.

En ámbolos dous niveis do ciclo ao longo do curso escolar traballaremos, dende o currículo, todas as competencias e os seus criterios de avaliación específicos recollidos nas Programacións Didácticas de cada unha das materias de cada nivel.

Ademáis, daráselle un especial tratamento a todos os elementos transversais presentes no noso

Decreto Curricular levando a cabo diferentes proxectos co alumnado.

5. PLANS E PROXECTOS QUE SE LEVARÁN A CABO NO 3º CICLO.

Durante o presente ano académico solicitaranse os seguintes plans e proxectos:

- Voz Natura.
- PLAMBE
- Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna.
- Proxecto Educativo E-Dixgal
- Polos Creativos
- Seccións Bilingües.
- Proxecto Digicraft no teu cole.
- Plan Proxecta
- Clube de Ciencia
- Educación Responsable
- Plan PROA+
- Programa de Inmersión Lingüística do Ministerio de Educación e Deporte.

Ademais dos mencionados con anterioridade os membros do equipo mostran a súa dispoñibilidade a participar noutros plans e proxectos que vaian xurdindo ao longo do curso sempre e cando sexan de interese, satisfagan as necesidades do alumnado e a súa implantación no centro sexa viable.

6. ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial responderá á intención de personalizar e de dar sistematicidade aos procesos educativos, axeitando a oferta educativa ás necesidades dos alumnos co obxectivo de proceder ás oportunas adaptacións curriculares e á detección e atención das necesidades de apoio dos alumnos que o precisen e, ao mesmo tempo, mediará nas relacións dentro do centro así como coas familias e o entorno.

7. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para achegarnos aos obxectivos de etapa e para lograr desenvolver no alumnado as competencias clave, a proposta curricular neste ciclo realizarase a través de proxectos de aula e as diferentes

propostas editoriais dixitais conxuntamente.

Trataremos de fomentar o uso das TIC en todo momento. Todos os cursos do ciclo son grupos E-Dixgal e terán operativa a súa propia aula virtual onde se traballará con libro dixital, alternando entre varias editoriais, tal e como se sinala no punto 8. Ademais contaremos con todas as posibilidades educativas que ofrece Internet e a biblioteca escolar. Durante as primeiras semanas do curso levarase a cabo un proceso de identificación do alumnado desconectado. Os resultados obtidos de dito proceso serán comunicados ao Equipo Directivo para tomar as medidas oportunas que faciliten o acceso deste alumnado ao proceso educativo.

Nesta proposta curricular consideraremos as características dos alumnos con necesidades educativas especiais, dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas.

Priorizarase que os apoios impartidos polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe se leven a cabo na aula ordinaria agás nos casos con necesidades máis significativas que se levarán a cabo nas aulas de apoio.

En todo caso, a metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

8. AVALIACIÓN: TÉCNICAS E INSTRUMENTOS.

Tendo en conta o modelo educativo das competencias clave utilizaremos distintas estratexias e instrumentos para avaliar os procesos de ensino e de aprendizaxe.

Avaliación inicial de curso: nun primeiro lugar, e durante a primeira quincena do curso realizarase a avaliación inicial a través da cal trataremos de identificar as dificultades do alumnado así como as súas necesidades educativas (análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, desenvolvemento das Competencias Clave e situación emocional do alumnado).

A información recadada no proceso será comunicada ás familias nas sesións de titorías e a través dun boletín que se entregará con posterioridade á sesión de avaliación inicial, que se levará a cabo antes do 18 de outubro de 2024.

Avaliación continua ao longo do curso: o proceso de avaliación das diferentes áreas e competencias terá carácter continuo e estableceranse periodicamente, establecéndose tres avaliacións parciais ao final dos cales informarase ás familias a través do boletín de calificacións, publicando este na aplicación AbalarMóbil.

Teremos en conta diversos procedementos e instrumentos de recollida de información e

aplicaremos cada un deles en función dos procesos de aprendizaxe.

Para elo empregaremos como técnicas a observación directa, a análise das producións do noso alumnado...

Como instrumentos de avaliación empregaremos actividades de traballo diario, lista de control, rexistro anecdótico, probas orais e/ou escritas, cuestionarios, mapas conceptuais, fichas de indagación, fichas gráficas, exposicións, elaboración de cuestionarios, traballos de investigación e recollida de información, presentación de proxectos, rexistro de actividades na aula, rexistro de entrega de tarefas en prazo, fichas de metacognición, resumos, traballos, resolución de exercicios, guía de observación, rúbricas, etc.

Teremos en conta tamén a interese, motivación, curiosidade, constancia e regularidade no traballo, esforzo, participación, colaboración...

Polo tanto, ademais de valorar os contidos e competencias clave, tamén teremos en conta o traballo diario e a actitude.

A proposta é deseñar unha temporalización de probas escritas ao trimestre entregadas ao alumnado para planificar o seu estudio de xeito autónomo e cunha periodicidade que permita deseñar aprendizaxes con sentido e significado didáctico.

A temporalización das diferentes Unidades Didácticas de cada unha das áreas aparecerá reflexada nas Programacións Didácticas e será unha guía para as propostas de actividades, tarefas e proxectos de aula. Será o conxunto do alumnado quen marque os distintos ritmos de cumprimento da programación ou posibles modificacións das unidades didácticas.

En todas as materias se fará uso do libro dixital. A editorial de referencia en cada uns dos cursos do ciclo nas áreas de Lengua Castellana, Lingua Galega e Matemáticas será Vicens Vives, mentres que para as áreas de Ciencias Naturais e Sociais, Educación en Valores Sociais e Cívicos e Relixión será Netex, aínda que en determinados momentos e para traballar determinados contidos se fará uso dos recursos ofertados polas distintas editoriais. Na área de Lingua Estranxeira: Inglés, a editorial de referencia será Netex e no resto de áreas do currículo non se empregará libro de texto.

9. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN ACADÉMICA

Os criterios de calificación que utilizaremos son os seguintes:

Os criterios de avaliación serán os establecidos na programación de nivel para cada área educativa e secuenciado e temporalizado nas unidades didácticas. Non todos os criterios de avaliación terán

a mesma ponderación nas calificacións finais. Haberá tres grandes grupos de criterios de avaliación englobados en tres áreas de desenvolvemento social, personal e interpersonal en cada área:

- a) Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade: acadar os distintos obxectivos propostos nas áreas e lograr un óptimo grao de desenvolvemento das competencias clave.

En todo momento se atenderá ás diferenzas individuais e, ás posibilidades e capacidades dos rapaces e rapazas.

- b) Realización de traballo persoal de cada alumno: realización adecuada do traballo, boa organización dos materiais, presentación do caderno...

- c) Valoración de actitude na aula: valorarase a actitude cara a materia, o interese, a motivación, a curiosidade, a constancia e regularidade no traballo, o esforzo, a participación, a colaboración...

As porcentaxes asignadas a cada un dos grupos son as acordadas na reunión de Claustro celebrada o día 3 de setembro de 2024.

10. REUNIÓN COAS FAMILIAS

A comunicación entre pais/nais/titores legais e titores a través das reunións constitúe o mellor medio de que se dispón para o intercambio mutuo de ideas e información sobre o proceso educativo do alumno-fillo, por iso se establece no horario de cada un dos docentes unha hora semanal para titorías coas familias. Estas reunión terán lugar os martes en horario de 16:00 a 17:00 horas e realizaranse preferentemente de xeito presencial sempre que sexa posible.

O que pretendemos con estas reunións pode resumirse nestes catro puntos:

- Coñecerse e comprenderse mutuamente.
- Intercambiar informacións sobre o alumno.
- Desenvolver conxuntamente un plan de actuación educativa.
- Orientalos na educación dos seus fillos.
- Coordinarse no proceso de ensino- aprendizaxe.

Os titores do ciclo acordan, de ser necesario, levar a cabo unha reunión colectiva por trimestre coas familias do alumando.

As datas fixadas para esta reunións son as que se recollen no seguinte cadro:

TRIMESTRE	CURSO	DATA	HORA
1º	5ºA	09/09/2024	13:00h
	5ºB		
	6ºA		
	6º B		
2º	5ºA	21/01/2025	16:00h
	5ºB		
	6ºA		
	6º B		
3º	5ºA	29/04/2025	16:00h
	5ºB		
	6ºA		
	6º B		

Nestas reunións as familias recibirán información sobre a temporalización de contidos a traballar en cada trimestre, así como valoración do trimestre anterior.

Nas reunións xerais coas familias levarase a cabo un rexistro das familias que participan en cada reunión e coas familias que non participen contactarase telefónicamente ou concertarase unha titoría para tratar os puntos falados na reunión.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

Consideramos un complemento esencial no proceso de ensino aprendizaxe a realización de actividades tanto complementarias como extraescolares xa que ademais de posuír un alto compoñente motivador permite o achegamento á cultura e á vida da localidade ao alumnado dende outro punto de vista, ademais de favorecer a adquisición de competencias e completar o desenvolvemento da persoa e a súa integración e compromiso social.

No tocante ás actividades complementarias, cada grupo do ciclo celebrarán a nivel de titoría, e a nivel de centro as conmemoracións elixidas no primeiro Claustro do curso, establecidas na Orde do 12 de abril de 2024 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2024 -2025, e estamos abertos á realización de actividades deste carácter, tanto dentro como fóra do centro.

Estas actividades deberán ter unha relación directa coas actividades académicas e os contidos a tratar nas distintas áreas e sempre enfocadas ao reforzo e consolidación das competencias clave.

Á hora de celebrar días conmemorativos e realización de saídas procurar non perder moitas sesións de clase, xa que quitan moito tempo lectivo para a impartición das materias.

6.8. Plan de traballo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A CCP do centro para o presente curso académico está constituída tal e como se recolle no apartado 5.6 deste documento.

As súas competencias son as recollidas no artigo 62 do ROC.

As actividades previstas son:

- Coordinar a revisión e actualización das programacións de EI e de EP. Posta en común dos criterios de avaliación, cualificación e estándares de aprendizaxe. Reflexións sobre os resultados e coordinación da realización das propostas de mellora.
- Recoller as propostas do claustro para a actualización dos documentos oficiais do centro obxecto de renovación.
- Coordinar e temporalizar as actividades dos proxectos nos que participe o centro.
- Establecer estratexias para os alumnos que precisan plan de reforzo buscando a reflexión sobre a importancia do traballo e a motivación. Rexistros das tarefas que deben facer e información ás familias.
- Propoñer e coordinar as avaliacións de diagnóstico necesarias e as intervencións cos recursos axeitados.
- Coordinación dos titores a través das reunións coa orientadora, PT e AL a fin de dar resposta ás necesidades detectadas.
- Analizar e priorizar as necesidades de material en torno as necesidades educativas.
- Establecer estratexias e medidas de apoio para atender as necesidades do alumnado optimizando os recursos tanto materiais como humanos.
- Actualización do Plan de Autoprotección do centro. Organizar e coordinar o simulacro de evacuación no primeiro trimestre. Realizar a posterior avaliación e modificacións necesarias.

6.9. Plan de traballo do EDLG

1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO.

1.1. MEMBROS:

MESTRE/A	CARGO
Dna Cristina Gómez Taboada	Titora de 4º Educación Infantil
Dna Erminda Domínguez Hervella	Titora de 5º Educación Infantil

1.2. COORDINADORA

MESTRE	CARGO
Dna. María Dolores Rodríguez López	Titora de 6º B Educación Primaria

2. COMPETENCIAS.

Segundo se recolle no artigo 15º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega crearase para potenciar o uso da lingua galega no centro e terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción no centro educativo.

Os obxectivos, recollidos no Proxecto Lingüístico de Centro, son:

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a concreción dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro (PEC).
- Proponer á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos: Medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do Centro e proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Proponerlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, folclore, etc...no ensino.

- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevé na súa normativa específica.

3. OBXECTIVOS.

Atendendo ás competencias do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de acordo co artigo 14 do Decreto 79/2010 establécense una serie de obxectivos xerais e as liñas de actuación:

OBXECTIVOS XERAIS :

- Fomentar o uso da lingua propia de Galicia, tanto a nivel oral como a nivel escrito; da transmisión e do coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Proporcionar aos membros da comunidade información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionados coa realidade lingüística e participación nas mesmas.
- Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas.
- Realización de actividades en soporte informático para mellorar as competencias lingüísticas da comunidade educativa.
- Dinamizar a lectura, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.

4. MEDIDAS A DESENVOLVER.

A pesar de que o galego é unha das linguas oficiais de Galicia e forma parte integral da nosa identidade, observamos unha diminución no seu uso e que a súa valoración pode mellorar na nosa contorna educativa, motivo para implementar un plan de fomento da lingua galega.

Entre as razóns que xustifican a implementación do plan de traballo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega no centro, temos:

- Preservación da identidade cultural: o galego é un elemento fundamental da identidade cultural de Galicia. Promover o seu uso contribúe a preservar e enriquecer a herdanza cultural.
- Promoción do bilingüismo: fomentar o uso do galego xunto co castelán permite que o alumnado se converta en falante bilingüe, o que é unha vantaxe nun mundo globalizado.
- Desenvolvemento de competencias lingüísticas: a aprendizaxe e o uso activo de dúas linguas fortalecen as habilidades lingüísticas en xeral e melloran a comunicación en ambas as linguas.
- Cumprimento de normativas: a normativa educativa establece a promoción do galego como obxectivo fundamental no sistema educativo.
- Relevancia na comunidade: fomentar o uso do galego é relevante para a comunidade local e contribúe á cohesión social.
- Mellora do rendemento académico: estudos demostran que o uso da lingua materna no proceso de aprendizaxe pode mellorar o rendemento académico do alumnado.

O plan de traballo do EDLG baséase na importancia cultural, lingüística e educativa do galego. Será esencial para manter e enriquecer a nosa herdanza lingüística e cultural, promover o desenvolvemento do alumnado e cumprir cos obxectivos educativos establecidos pola normativa vixente. O compromiso con esta iniciativa é fundamental para fortalecer a comunidade escolar e preservar a diversidade lingüística de Galicia.

Planearemos unha serie de medidas en relación aos seguintes aspectos:

*** Contorno sociolingüístico do centro:**

- Fomentar unha actitude de respecto e valoración cara a lingua galega.
- Potenciar a participación das familias nas tarefas de transmisión da lingua galega.
- Concienciar da importancia do emprego da nosa lingua ao maior número de persoas do contorno do centro.
- Dinamizar a participación das familias e da comunidade educativa na realización de festas tradicionais.

***Profesorado**

- Colaborar con outros equipos docentes (Biblioteca, EACEE, TIC, Benestar...) na realización de actividades, empregando a lingua galega como medio de comunicación.
- Animar ao profesorado a participar nas diferentes actividades que se propoñen desde o EDLG.
- Impulsar actividades anuais nas que se fomente o uso do galego no centro.
- Integrar as TIC en actividades do EDLG.

***Alumnado**

- Propoñer actividades lúdicas e motivadoras que animen ao alumnado a súa realización.
- Dotar ao alumnado de recursos didácticos para o coñecemento e emprego da lingua galega.
- Fomentar unha actitude positiva cara a lingua galega.
- Potenciar o interese no coñecemento e emprego da lingua galega, así como na realización de actividades propostas nesta lingua.

5. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Empregaremos todo tipo de material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades previstas (folios, cartolinas, goma Eva e materiais reciclados aproveitables...) e non funxible (equipamento do centro).

Daremos un uso axeitado aos diferentes materiais audiovisuais: Imaxes, carteis, cancións, audicións, vídeos, curtas, películas...

Contaremos con material específico para a realización de obradoiros.

Como recursos humanos citaremos todo o profesorado que imparte docencia nas aulas, mestres especialistas, mestres do centro asignados á aula e poñentes que participan nas diferentes actividades complementarias que teñan lugar. Contaremos coa colaboración inestimable das familias así como de Asociacións culturais (musicais) que traballan en prol da lingua.

6. ACTIVIDADES. Temporalización:

SETEMBRO: ACTIVIDADES INICIAIS.

- Xornada de sensibilización do alumnado de cara a acadar a súa participación en actividades de promoción da lingua e música tradicional galega (visita da Asociación de música tradicional Abertal).

OUTUBRO: SAMAÍN

- Ambientación e decoración dos espazos do centro con motivo do Samaín.
- Unidades didácticas sobre esta festa para traballar nos diferentes ciclos.
- Contos e lendas relacionados con esta celebración, e relación de páxinas web onde aparecen contidos interesantes relacionados con esta festa.
- Co obxectivo de recuperar a tradición desta festa, na última semana de outubro faremos na entrada do colexio unha exposición de cabazas decoradas polo alumnado.
- Canción relativa ao Samaín.
- O día 30 faranse actividades relacionadas: túnel do terror, contos de medo, baile de disfraces... (colabora equipo de Lingua estranxeira).

- Búsqueda de información e realización dun debuxo por aula sobre un personaxe do medo galego. Plasmar nunha presentación dixital as imaxes dos debuxos realizados polas titorías sobre o personaxe elixido (Meiga chuchona, nubeiro, biosbardos, sacramantecas ou sacaúntos, lobishome, tardo, trasgo, Santa Compañía, Gatipetro, home do saco, chupasangues, Pedro Chosco, o Cocón, olláparo, urco, vedoiro, o zampón, a dama do castro... e outros).

NOVEMBRO: MAGOSTO

- Esta é unha tradición moi arraigada na nosa zona e celebrarámola na primeira quincena de novembro,
- O EDLG porá a disposición do profesorado unha unidade Didáctica para o traballo na aula.
- Recompilación de cantares galegos por ciclos (colabora Equipo de Biblioteca).
- Festa no patio con castañas asadas no bombo e canción temática.
- Xogos tradicionais nos que usaremos as castañas como elemento principal.

DECEMBRO: NADAL (Colaboración co Equipo de ACEE)

- Decoración navideña do centro.
- Tarxetas de Nadal en galego elaboradas polo alumnado.
- Na primeira semana de decembro farase unha exposición de postais no taboleiro da entrada coa mensaxe en galego, contando coa participación de todo o alumnado. Destas postais elixiremos algunhas coas que se elaborará unha presentación en power-point e que se subirá á páxina do centro e ao blogue do EDLG para que sirva como felicitación das festas para toda a Comunidade Educativa. Colaboración de todos os equipos docentes.
- Continuaremos coa recompilación de cantares (Colaboración co Equipo de Biblioteca)
- Festival de Nadal con cantos en galego.

FEBREIRO: DÍA DE ROSALÍA E ENTROIDO

1 DÍA DE ROSALÍA

- Actividades en colaboración coa Biblioteca Escolar.
- Realización de unidades didácticas nas aulas.
- Elaboración de manualidades.
- Conmemoración do día de Rosalía a nivel de Centro. O EDLG porá a disposición do profesorado material ou unidade didáctica para o seu traballo na aula. O 23 de febreiro faremos no patio un pequeno recitado dos seus poemas, e memorizaremos un para cantar entre todos.

2 ENTROIDO

- Elaboración do meco, que durante unha semana dará ordes a toda a comunidade escolar para disfrazarse dun xeito determinado cada día da semana previa ao entroido.
- Difusión de diferentes unidades didácticas sobre o tema para traballar nas aulas e elaboración de coplas...
- Como remate, festa de disfraces no patio con posibilidade de saír polo pobo en desfile (aberto ás familias e/ou á comunidade en xeral).

ABRIL: DÍA DO LIBRO

- En coordinación co Equipo de Biblioteca, levarase a cabo un encontro cun/ha autor/a galega (pendente de concretar), para que ofrezca aos nenos a súa experiencia como escritor/a de contos en galego e asine un dos seus libros (de lectura previa por parte do alumnado).

MAIO: LETRAS GALEGAS

- Dende o inicio de maio o EDLG porá a disposición do profesorado material sobre as homenaxeadas para traballar na aula. Protagonizarán o Día das Letras Galegas 2025 as cantareiras e a poesía popular oral {Adolfina e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía), e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende e mais Manuela Lema Villar –as tres Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños)}. Faremos unha exposición de traballos do alumnado e elixirase un día da segunda quincena de maio para facer no patio unha pequena homenaxe a estas autoras. Actividades de Karaoke con cancións galegas e baile.
- Intentaremos musicar algún poema.

DE TEMPORALIZACIÓN ANUAL (ao longo do curso).

1. Actualización e renovación de contidos no enlace do EDLG na páxina web do centro e tamén usando o blogue “manuelrespinoengalego@blogspot.com” para difundir o noso labor dinamizador.
2. Elaboración da revista escolar. Ao remate do curso, sacaremos á luz un novo número da nosa revista, coas nosas mellores experiencias e inquietudes.
3. Ambientación do centro: motivos alusivos ao uso cotiá e efectivo do galego e á salvagarda da nosa cultura en carteis, murais, exposicións...
4. Elaboración de chapas con lemas que fomenten o uso da nosa lingua.
5. Concursos, participacións en campañas de difusión da lingua, exposicións puntuais que nos acheguen á lingua e á cultura galega.
6. Colaboracións puntuais do EDLG con outras entidades e institucións a través da difusión de informacións, carteis...
7. Informacións varias en galego a toda a Comunidade Educativa: copias de notas informativas e outros materiais en galego.

8. Colaboración familia-escola: Ofertamos ás familias e outros sectores da comunidade educativa a posibilidade de vir ao centro a facer unha pequena exposición de tema libre (Experiencias profesionais, natureza, cultura e tradición, contos ou lendas...).
9. Campaña de fomento da lectura: Elaboraranse carteis que inviten a ler en lingua galega. En E.I. cada venres os nenos/as levan un libro para ler coas familias; en E.P. teñen acceso ao sistema de préstamo da biblioteca do centro.
10. Recollida de tradición oral: cantares, refráns, adiviñas... a través do alumnado e publicando as achegas no noso blogue, mes a mes.
11. Realización de actividades interactivas nas diferentes conmemoracións.
12. Participación no programa 21 días en galego.
13. Obradoiro de xogos populares.
14. Colaboración cos diferentes Equipos do centro (Actividades Complementarias e Extraescolares, biblioteca, Tic, Benestar, Linguas...). Organización conxunta de actividades.
15. Creación dunha historia en galego e gravación dun audio coa súa narración a partires dunha foto (Plans Proxecta Nós tamén creamos e Fotografía en curso).
16. Participación nun proxecto de animación (vídeo ou presentación dixital) con varias fotos, colaborando na narración dunha historia significativa en galego (Plans Proxecta Nós tamén creamos e Fotografía en curso).

7. METODOLOXÍA.

Partiremos dun enfoque globalizador, é dicir, de realidades significativas para o noso alumnado, de centros de interese que recollan a complexidade con que no seu medio aparecen os feitos e acontecementos, para despois pasar á reflexión e análise que faga posible unha explicación da realidade axustada o seu nivel. A metodoloxía debe contemplar a adquisición de estratexias de exploración, descubrimento e investigación do entorno sociocultural.

Para iso debe ser fundamentalmente activa e significativa. Activa porque os nenos e nenas serán os verdadeiros protagonistas nas actividades que aquí se propoñen ó ser os encargados de buscar a información e de representala, tanto de forma oral como por escrito, quedando para os mestres a función de coordinadores e guías das actividades propostas. Significativa porque, partindo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas, trataremos de que amplíen conceptos, de que empreguen técnicas de recollida e de representación da información e de que asuman actitudes positivas cara o coñecemento e o emprego da nosa lingua.

Por outra banda, como a motivación facilita a aprendizaxe significativa, o material obxecto de estudio

debe relacionarse coas necesidades dos discentes, porque só aquilo que centre o interese do individuo quedará incorporado a longo prazo nos seus coñecementos. Pensamos que o traballo que os rapaces e rapazas van desenvolver no noso Proxecto cumpre perfectamente as anteriores premisas xa que aborda o contacto coa realidade e coa súa vida dentro e fóra das aulas.

Os agrupamentos e técnicas de traballo variarán dependendo da tarefa a realizar e irán dende a reflexión individual ata o traballo en equipos ou grupo aula, promovendo sempre o reparto de responsabilidades e impulsando o traballo cooperativo e a reflexión conxunta.

8. CALENDARIO DE REUNIÓNS.

As reunións deste Equipo terán lugar seguindo o calendario aportado pola Xefatura de Estudos, preferentemente o primeiro martes de cada mes e cunha periodicidade mensual. De ser o caso, reunirse de xeito extraordinario cando sexa preciso.

6.10. Plan de traballo do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares xoga un papel crucial no desenvolvemento integral do alumnado, xa que estas actividades achegan valor educativo máis alá do currículo académico formal.

As achegas deste equipo á Programación Xeral Anual (PXA) son fundamentais para asegurar a coherencia e coordinación destas actividades dentro do proxecto educativo do centro.

Ao abeiro dos artigos 69º e 70º do Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Por outra banda terán carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realicen fóra do horario lectivo, sendo voluntaria a participación nas mesmas.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares constitúese no centro co fin de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estará integrado polo xefe do mesmo e durante o presente curso académico por dous mestres/as que colaborarán nas tarefas de planificación e organización das mesmas. Ademais, para cada actividade concreta, formarán parte do mesmo os mestres/as que participan na devandita actividade..

1.1. XEFE DO EQUIPO:

MESTRE/A	CARGO
D. Emilio M. González López	Mestre de Educación Primaria

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares foi nomeado por un período de dous anos actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo. As súas funcións son as recollidas no artigo 75º de decreto mencionado con anterioridade.

1.1. MEMBROS:

MESTRE/A	CARGO
Dna. Alba Castro-Díaz Caneja	Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica.
Dna. M ^a Elena López Rodríguez	Orientadora

2. COMPETENCIAS.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro ten competencias fundamentais na planificación, organización, desenvolvemento e avaliación de actividades que complementan o ensino regulado e fomentan o desenvolvemento integral do alumnado. As principais competencias do equipo serán as que a continuación se relacionan:

1. Planificación de actividades complementarias e extraescolares:

- Identificación de necesidades educativas: detectar áreas que requiran reforzo ou desenvolvemento adicional e propor actividades que complementen a formación do alumnado en aspectos culturais, deportivos, artísticos e sociais.
- Elaboración do Plan Anual de Actividades: deseñar e estruturar un plan que detalle as actividades complementarias e extraescolares, integrándoas na Programación Xeral Anual (PXA) do centro.
- Proposta de actividades innovadoras: Introducir novas actividades que respondan aos intereses do alumnado e aos cambios sociais, culturais ou tecnolóxicos, buscando sempre achegar valor educativo.

2. Organización e coordinación:

- Coordinación interna: traballar en colaboración co profesorado do centro e co persoal non docente para asegurar a correcta implementación das actividades.
- Colaboración con entidades externas: xestionar acordos e colaboracións con institucións, empresas, asociacións e expertos externos que poidan achegar valor ás actividades complementarias e extraescolares.
- Organización loxística: encargarse da loxística e aspectos organizativos, como a xestión de espazos, transporte, permisos e recursos materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

- Control de horarios e calendarios: asegurar que as actividades estean ben distribuídas ao longo do curso, evitando interferencias co desenvolvemento académico regular.

3. Supervisión e seguridade:

- Garantir a seguridade do alumnado: asegurar que as actividades, tanto dentro como fóra do centro, se desenvolvan nunha contorna segura, cumprindo con todas as normativas de

prevención de riscos e contando coa supervisión adecuada.

- Protocolos de actuación: implementar protocolos claros en caso de incidentes, accidentes ou emerxencias durante a realización de actividades.

4. Promoción da participación e a inclusión:

- Fomento da participación do alumnado: incentivar que todos o alumnado, independentemente da súa orixe, habilidades ou intereses, poidan participar nas actividades propostas.

- Atención á diversidade: asegurar que as actividades sexan inclusivas, adaptando as propostas para alumnos con necesidades educativas especiais ou con dificultades económicas ou sociais.

- Implicación das familias: fomentar a participación das familias, especialmente a través da colaboración coa ANPA (Asociación de Nais e Pais de Alumnos), tanto na organización como na asistencia ás actividades.

5. Avaliación e seguimento:

- Avaliación de actividades: realizar un seguimento continuo das actividades desenvolvidas, avaliando a participación, o impacto educativo e a satisfacción do alumnado, familias e docentes.

- Introducción de melloras: a partir da avaliación, propor axustes e melloras en futuras programacións para optimizar os resultados.

- Memoria de actividades: elaborar unha memoria final ao remate do curso na que se recollan os logros, dificultades e aspectos a mellorar, contribuíndo á avaliación global da PXA.

6. Promoción de valores e competencias clave:

- Fomento de competencias clave: a través das actividades, contribuír ao desenvolvemento de competencias clave establecidas no currículo, como o traballo en equipo, a autonomía persoal, a competencia social e cidadá, o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, etc.

- Promoción de valores: deseñar actividades que promovan valores fundamentais como a solidariedade, o respecto, a igualdade de xénero, a convivencia pacífica, o respecto polo medio ambiente, etc

7. Colaboración co Proxecto Educativo do Centro:

- Concordancia cos obxectivos do centro: asegurar que as actividades complementarias e extraescolares sexan coherentes co Proxecto Educativo de Centro (PE) e contribúan ao desenvolvemento dos obxectivos pedagóxicos e formativos establecidos no mesmo.

- Coordinación coas áreas curriculares: colaborar cos diferentes órganos de coordinación

docente do centro para integrar as actividades complementarias no currículo escolar de maneira que reforcen os contidos académicos traballados en clase.

8. Xestión administrativa:

- Orzamentos: xestionar os recursos económicos asignados para as actividades complementarias e extraescolares, asegurando unha distribución equilibrada e responsable do orzamento dispoñible.
- Rendición de contas: levar un control de gastos e xustificar o uso dos fondos asignados para as actividades.

9. Difusión e comunicación:

- Promoción das actividades: deseñar estratexias para dar a coñecer as actividades entre a comunidade educativa, utilizando distintos medios de comunicación interna (circulares, carteis, web do centro, AbalarMóbil).
- Información ás familias: informar de maneira clara e accesible ás familias sobre as actividades, obxectivos, datas e procedementos, promovendo unha comunicación efectiva e bidireccional.
- Difusión dos resultados: compartir os logros e aprendizaxes das actividades realizadas, tanto dentro da comunidade educativa como cara ao exterior, a través de boletíns, web do centro ou encontros con familias.

3. OBXECTIVOS.

Como xa se mencionou con anterioridade, o equipo de actividades complementarias e extraescolares ten como misión fomentar o desenvolvemento integral do alumnado mediante a organización de actividades que complementen e amplíen a educación formal. Os obxectivos principais do EACeE serán os que a continuación se relacionan:

- Ofrecer actividades que complementen os contidos traballados na aula, brindando novas oportunidades de aprendizaxe en contextos diferentes ao académico tradicional.
- Fomentar o traballo en equipo, a creatividade, o pensamento crítico, a resolución de problemas e a capacidade de comunicación a través de actividades extracurriculares e complementarias.
- Favorecer o crecemento emocional e social do alumnado mediante experiencias que promovan o respecto, a empatía, a responsabilidade e o traballo colaborativo.
- Potenciar a independencia e a toma de decisións responsable por parte dos alumnos en contextos máis flexibles e menos estruturados que a aula.
- Propor actividades que permitan ao alumnado explorar diferentes áreas, como a arte, a música, o teatro, a ciencia, a tecnoloxía, e os deportes, contribuíndo á formación integral.
- Promover a participación en actividades deportivas e de educación física, contribuíndo ao benestar físico e emocional do alumnado.

- Organizar actividades que fortalezcan a interacción positiva entre o alumnado, creando un ambiente de respecto e compañeirismo.
- Planificar actividades que promovan valores como a igualdade, a solidariedade, a inclusión e a diversidade, en sintonía co Proxecto Educativo do Centro.
- Asegurar que as actividades estean deseñadas para incluír a todo o alumnado, independentemente das súas capacidades, intereses ou necesidades educativas especiais.
- Propor actividades adaptadas á diversidade cultural, social e económica do alumnado, asegurando que todos teñan a oportunidade de participar.
- Organizar actividades que faciliten o coñecemento e a integración na contorna local e a comunidade, a través de visitas culturais, excursións e colaboración con entidades locais.
- Fomentar actividades relacionadas coa sostibilidade e o respecto polo medio ambiente, inculcando conciencia ecolóxica nos alumnos.
- Involucrar aos pais e nais nas actividades do centro, promovendo a súa participación en eventos, talleres ou xornadas.
- Crear oportunidades para que as familias se impliquen na vida escolar, mellorando a comunicación e o vínculo co centro educativo.
- Fomentar o sentimento de pertenza á comunidade escolar a través de actividades colaborativas.
- Organizar eventos relacionados coa cultura local, nacional ou internacional, reforzando o coñecemento e a valoración das tradicións e a historia.
- Ofrecer actividades que axuden ao alumnado a identificar os seus intereses e talentos, proporcionando oportunidades para explorar áreas que poderían ser relevantes para o seu futuro desenvolvemento académico e profesional.
- Facilitar o contacto con diferentes sectores profesionais a través de visitas, charlas ou talleres, vinculando a formación escolar coa realidade laboral e social.
- Integrar a tecnoloxía nas actividades extraescolares e complementarias para que o alumnado adquira competencias dixitais de maneira práctica.
- Fomentar o uso responsable das ferramentas dixitais e da información que circula en internet, cun enfoque na alfabetización mediática.

4. MEDIDAS A DESENVOLVER.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares implementará unha serie de medidas para garantir que as actividades se desenvolvan de forma adecuada, segura e

contribúan ao desenvolvemento integral dos alumnos. As principais medidas que se levarán a cabo son as seguintes:

- Elaboración dun calendario que inclúa todas as actividades complementarias e extraescolares previstas, distribuídas ao longo do curso académico, asegurando que todas as actividades sexan variadas, inclusivas, axustando as propostas e os recursos segundo as necesidades do alumnado con NEAE/NEE e, un acceso equitativo ás actividades.
- Coordinación co equipo docente: asegurarse que as actividades propostas estean en consonancia cos contidos curriculares e obxectivos pedagóxicos do centro. As actividades serán planificadas en colaboración cos titores e especialistas.
- Colaboración con entidades externas para enriquecer a oferta de actividades complementarias e extraescolares.
- Valoración previa de posibles riscos en cada actividade, sobre todo en saídas e excursións, e tomar medidas preventivas para garantir a seguridade do alumnado.
- Supervisión e acompañamento: asegurarse a presenza de persoal suficiente para supervisar ao alumnado durante o desenvolvemento das actividades, tanto dentro como fóse do centro.
- Comunicación coas familias: información constante ás familias sobre as actividades a través de circulares, plataformas dixitais ou reunións presenciais, explicando os obxectivos, datas, custos (se os houberse), e beneficios para o alumnado.
- Fomento da participación das familias: proporanse actividades onde as familias poidan participar, como festivais, competicións deportivas, ou xornadas culturais, fomentando así o compromiso e a implicación na vida escolar.
- Enquisas e suxestións: recollida de información por parte das familias, profesorado e alumnado sobre as actividades realizadas, mediante enquisas ou caixas de correos de suxestións, para adaptar a oferta aos seus intereses e expectativas.
- Avaliación das actividades para medir o impacto de cada actividade e axustar a programación para cursos posteriores.
- Documentación e arquivo: rexistro detallado das actividades realizadas, incluíndo informes, fotografías e valoracións, que sirvan para a memoria do centro e a avaliación posterior.
- Difusión e visibilidade das actividades facendo uso das ferramentas de comunicación do centro para dar visibilidade ás actividades realizadas, mostrando os logros e experiencias vividas polos alumnos.
- Supervisión do equipo directivo: informar periodicamente ao equipo directivo sobre o desenvolvemento das actividades, garantindo a súa supervisión e aprobación segundo as

normas de organización e funcionamento do centro.

Estas medidas asegurarán que as actividades complementarias e extraescolares se desenvolvan con éxito, ofrecendo ao alumnado experiencias enriquecedoras e en concordancia co proxecto educativo do centro.

5. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

O éxito do equipo de actividades complementarias e extraescolares depende, en gran medida, da dispoñibilidade e xestión adecuada de recursos materiais e humanos, os cales deben ser coidadosamente xestionados e planificados para garantir o éxito das actividades propostas e a súa concordancia cos obxectivos educativos do centro.

5.1. Recursos humanos:

Os recursos humanos serán clave para o desenvolvemento e xestión das actividades complementarias e extraescolares. Involucran tanto ao persoal do centro como axentes externos.

a) Persoal interno do centro:

- Xefe do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: responsable da planificación, organización e seguimento de todas as actividades. Coordina a participación doutros mestres e colabora coa dirección do centro e as familias.

- Equipo directivo: ofrece apoio e supervisa que as actividades complementarias e extraescolares estean en consonancia co Proxecto Educativo do Centro. Xestiona autorizacións, recursos financeiros e loxísticos.

- Mestres e titores: colaboran na implementación das actividades complementarias, acompañan ao alumnado en saídas e excursións, e nalgúns casos, poden liderar talleres ou actividades dentro das súas áreas de especialidade.

b) Persoal externo ao centro:

- Monitores de actividades complementarias e extraescolares: profesionais contratados especificamente para dirixir talleres ou actividades complementarias e/ou extraescolares en áreas especializadas (deportes, idiomas, tecnoloxía, arte, etc.).

- Voluntarios: poden ser pais/nais/titores legais, membros da comunidade local ou profesorado en prácticas, quen colaboren en actividades puntuais.

- Entidades colaboradoras: asociacións deportivas, culturais ou educativas que acheguen persoal ou guías especializados para saídas, talleres e actividades complementarias.

- Especialistas ou expertos Externos: profesionais invitados para dar charlas, impartir talleres ou dirixir actividades específicas (científicos, artistas, escritores, etc.).

c) Outros colaboradores:

- ANPA: adoitan colaborar na organización de actividades, especialmente en aspectos loxísticos ou económicos. Nalgúns casos, poden suxerir e financiar actividades extraescolares.

5. 2. Recursos materiais:

Os recursos materiais son igualmente importantes, xa que permiten o desenvolvemento físico das actividades tanto dentro como fóra do centro.

a) Infraestruturas e espazos do centro:

- Aulas.

- Biblioteca.
 - Espazo polivalente.
 - Espazo creativo.
 - Patio e espazos ao aire libre.
- b) Material didáctico e deportivo:
- Material deportivo: balóns, raquetas, redes, aros, cordas, e outros elementos para actividades deportivas.
 - Material audiovisual: proxector, pantalla, altosfalantes, micrófonos, cámaras e equipos multimedia para charlas ou presentacións.
 - Material informático e tecnolóxico: ordenadores, tablets, impresoras 3D, kits de robótica educativa, impresoras e software específico para o desenvolvemento de actividades tecnolóxicas.
 - Material escolar: materiais básicos como papel, lapis, pinturas, cartolinas, tesoiras, etc., necesarios para manualidades e talleres artísticos.
 - Instrumentos musicais.
 - Materiais para talleres especiais: materiais reciclados, ferramentas para xardinaría, etc.
- c) Recursos para excursións e saídas:
- Medio de transporte para o traslado do alumnado.
 - Autorizacións: documentación necesaria para garantir a participación do alumnado nas actividades.
 - Kit de primeiros auxilios.
- d) Outros recursos:
- Recursos financeiros: fondos do propio centro, ANPA ou entidades externas para financiar as actividades, transporte e materiais necesarios.
 - Recursos dixitais: acceso a plataformas educativas online, aplicacións móbiles ou sitios web que poidan ser útiles nas actividades, como aplicacións para aprender idiomas ou software para actividades tecnolóxicas.

5.3. Xestión e coordinación de recursos:

- Calendario de actividades: será crucial ter un calendario detallado para a xestión eficiente dos recursos materiais e humanos, asegurando que non haxa solapamentos e que todas as actividades poidan desenvolverse de forma adecuada.
- Avaliación de recursos: realizaranse avaliacións periódicas sobre a eficacia dos recursos utilizados e a posibilidade de melloralos ou renovalos.
- Colaboración con provedores externos: estableceranse acordos con empresas locais ou provedores para a subministración de materiais ou servizos necesarios.

6. ACTIVIDADES.

Ao abeiro do artigo 8 da Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, os centros docentes poderán organizar, no horario lectivo, actividades de interese relacionadas co seu proxecto educativo e funcional co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental, tendo en conta os criterios sobre a incorporación de elementos transversais, adaptadas ás características e idades do alumnado e sobre o deseño das mesmas recollidos na concreción curricular. A estes efectos, establécese un calendario anual, dividido por trimestres e, no que se inclúen as seguintes actividades:

a) Primeiro trimestre:

Setembro:

- Inicio de curso e xornada de benvinda: actividades de integración para o alumnado e presentación de mestres.
- Reunións iniciais coas familias: explicación de obxectivos do curso e do plan de actividades complementarias e extraescolares.
- Recollida de roupa solidaria: campaña de doazón de roupa e calzado para unha organización benéfica (última quincena de setembro).
- Programa de inmersión lingüística en Cáceres (do 29 de setembro ao 5 de outubro de 2024).

Outubro:

- Celebración de Halloween/Samaín: festa e actividades culturais segundo as tradicións locais (31 de outubro de 2024).
- Participación na actividade Funtastik (días 8, 9 e 10 de outubro de 2024).
- Plan Director para a Convivencia (5º e 6º nivel de Educación Primaria). Novembro:

- Semana da Ciencia: talleres experimentais e concurso de proxectos científicos do 4 ao 8 de novembro de 2024).
- Visita ao MUNCYT co alumnado do 5º nivel de Educación Primaria.
- Día Internacional contra a violencia de xénero: actividades conmemorativas (25 de novembro de 2024).
- Magosto: festa e actividades culturais segundo as tradicións locais (8 de novembro de 2024).

Decembro:

- Día Internacional das persoas con discapacidade (3 de decembro de 2024).
- Festa de Nadal: representacións teatrais e musicais (última semana antes das vacacións).

b) Segundo trimestre. Xaneiro:

- Día da Paz: acto conmemorativo, actividades relacionadas cos valores de paz e convivencia (30 de xaneiro de 2025).
- Reparto de froita fresca ao alumnado do centro (10 días lectivos). Febreiro:
- Día de Rosalía (23 de febreiro de 2025).
- Entroido: desfile de disfraces e actividades culturais segundo as tradicións locais.
- Reparto de leite ao alumnado do centro (10 días lectivos) Marzo:
- Día Internacional da Muller: charlas e actividades sobre igualdade de xénero (7 de marzo de 2025).
- Plan Director para a Convivencia: charlas sobre o uso responsable das TIC, o acoso escolar e ciberacoso e, adiccións.

c) Terceiro trimestre:

Abril:

- Obradoiro de xogos populares impartido por persoal do CCP Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense.
- Semana do libro (semana do 23 de abril de 2025).
- Maio: Semana das Letras Galegas (semana do 17 de maio de 2025).
- Reparto de froita fresca ao alumnado do centro (10 días lectivos).
- Xuño: Actos de graduación (última semana antes das vacacións).
- Festa de fin de curso (última semana antes das vacacións).

- Reparto de leite ao alumnado do centro (10 días lectivos)
- Xornada de portas abertas (finais de xuño).

Outras actividades como talleres de lectura, contacontos, talleres de reciclaxe, horto escolar, hábitos deportivos e alimentación saudable e, educación emocional realizaranse ao longo do curso de forma mensual ou trimestral segundo a planificación de cada ciclo.

Por outra banda, consideramos que as actividades complementarias e extraescolares na contorna do centro son esenciais para o desenvolvemento global do alumnado, xa que ofrecen unha forma de aprendizaxe práctica e conectada co mundo real, á vez que promoven a cohesión social e o desenvolvemento persoal e, permiten ao alumnado coñecer e aproveitar os servizos locais, contribuíndo á súa formación como cidadáns responsables e comprometidos coa súa comunidade.

En baseo ao exposto con anterioridade e, coas aportacións do diferentes ciclos, levaranse a cabo as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

	EDUCACION INFANTIL	1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
1º TRIMESTRE	Parque de San Roque e Correos	Biblioteca Municipal	Correos	Autoneum
2º TRIMESTRE	Panadería Peyma	Parque de Bombeirosiros	Cata de Aromas	Adega

O equipo de actividades complementarias e extraescolares revisará o calendario trimestralmente para facer axustes se fose necesario, en función da participación e avaliación das actividades. Este calendario ten como obxectivo promover o desenvolvemento académico e persoal do alumnado, fomentando a súa participación en actividades que complementen a súa aprendizaxe na aula.

7. METODOLOXÍA.

A metodoloxía do equipo de actividades complementarias e extraescolares será integral, inclusiva e colaborativa, baseándose nunha planificación detallada, coordinación eficaz, flexibilidade, e unha avaliación continua para asegurar a calidade das propostas.

Estará orientada a ofrecer experiencias enriquecedoras que complementen o currículo escolar e que favorezan o desenvolvemento persoal e social do alumnado, axustándose sempre ás características e necesidades da comunidade educativa.

8. CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

Tal e como se recolle na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o equipo de actividades complementarias e extraescolares reuniranse cunha periodicidade trimestral e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. Atendendo a esto último e, para un óptimo funcionamento, acórdase que o Equipo de Actividades Complementaria e Extraescolares se reúna cunha perciocidade mensual, ademáis das estipuladas pola lexislación vixente.

As reunións deste Equipo terán lugar seguindo o calendario aportado pola Xefatura de Estudos, preferentemente o segundo martes de cada mes. De ser o caso, reunirase de xeito extraordinario cando sexa preciso.

6.11. Plan de traballo do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO.

1.1. MEMBROS:

MESTRAS	CARGO
Natividad Carracedo López	Mestra de PT
Cristina Martínez Martínez	Mestra de Primaria
Silvia Pérez Rivas	Mestra de Infantil

1.2

MESTRA	CARGO
Luisa María Ríos Rodríguez	Mestra de Música

2. COMPETENCIAS.

- **Competencia lingüística e plurilingüe:** refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, sendo clave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir. Isto foméntase co Proxecto Lector, con 30 minutos diarios de lectura, a dinamización da biblioteca da aula e do centro, enriquecemento con vocabulario, buscando a comprensión lectora de textos sinxelos e mediante debates nas distintas linguas curriculares.

- **Competencia dixital:** consiste en dispoñer habilidades para buscar, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, xunto ao uso de diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. Dentro do Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información, colgaremos todas as actividades de fomento da lecto-escritura que se realicen na páxina web do colexio. Dispoñemos de acceso a internet para que o alumnado poida ler os resultados dun buscador, páxinas web, foros, textos convencionais...No recuncho de informática da BE haberá carteis con páxinas onde os alumnos poderán entrar e atoparán variedade de actividades de estimulación da lecto-escritura así como CD'S-rom que traballan este tipo de actividades.

- **Competencia persoal, social e para aprender a aprender:** supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar de xeito autónomo o que traballaremos deixando na elección do alumnado as lecturas que mais lle gustan.

• A Competencia matemática, Competencia emprendedora, Competencia cidadá, xunto a Competencia en conciencia e expresións culturais potenciáranse co uso de diferentes materiais existentes na nosa Biblioteca.

3. OBXECTIVOS

3.1. XERAIS

▪ Respecto á Biblioteca

1.

- Desenvolver no alumnado as competencias, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores capaces de comprender, interpretar e manexar distintos soportes e textos.
- Crear nos alumnos/as hábitos lectores de maneira que a lectura se converta nunha actividade prazenteira elixida libremente.
- Adestrar na busca de documentos e material útil para a súa formación, habituando os alumnos a manexar libros e outros materiais para conseguir deles o máximo rendemento como fonte de información, de estudo e de lecer.
- Potenciar a mellora da competencia lectora dende todas as áreas e realizar actividades interdisciplinares, complementarias e extraescolares que desenvolvan o gusto pola lectura.

2.

▪ Respecto ao PDI

- 3. - Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- 4.
- 5. Promover o acercamento a producións musicais desde idades temperás.
- Expresar os seus sentimentos a través da linguaxe corporal, da expresión vocal.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación dos nen@s.
- Desenvolver a capacidade auditiva e a capacidade para escoitar música.

3.2. ESPECÍFICOS

▪ Respecto ao tema a tratar

6.

- Mellorar o sentido da coordinación, a concentración e a memoria.
- Fortalecer os músculos e mellorar a súa flexibilidade.

- Socializar, crear vínculos.
- Desenvolver o sentido do ritmo e oído musical.
- Coñecer danzas doutros países.
- Aprender os pasos dunha danza en grupo.
- Descubrir os traxes típicos das danzas doutros países.
- Respetar e valorar as producións propias e alleas.
- Desfrutar e participar das actividades propostas.

▪ **Respecto á lectura e ao uso da biblioteca do alumnado**

7.

8. - Mellorar a velocidade lectora por medio dos karaokes.

9. - Mellorar a práctica doutros idiomas como o inglés a través dos karaokes.

- Mellorar a comprensión lectora e a expresión oral.
- Comprender os diferentes tipos de textos.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de goce, información e riqueza persoal.
- Incentivar o uso da biblioteca e dos seus recursos por parte do alumnado e o profesorado.
- Ofertar os recursos necesarios aos alumnos que o necesiten para axudar a compensar as desigualdades sociais e as necesidades específicas de apoio educativo.
- Crear hábitos de consulta, manexo de información e uso das novas tecnoloxías.
- Saber acceder á páxina web do colexio.
- Adquirir e afianzar hábitos de comportamento nunha biblioteca.
- Dotar ao alumnado das destrezas necesarias para facilitarlle a consulta dos fondos tanto na BE como na rede.

▪ **Respecto ao profesorado**

- Incentivar o uso da biblioteca escolar por parte do profesorado cos seus alumnos/as como recurso didáctico do centro e como eixe vertebrador do Plan Lector.
- Fomentar a colaboración e a coordinación entre o equipo de Biblioteca o de Normalización e o de Extraescolares
- Implicar ao profesorado na participación das actividades promovidas dende a biblioteca.
- Informar ao novo profesorado do funcionamento da biblioteca e dos recursos que ela dispón.
- Manter as bibliotecas de aula nas aulas ordinarias e nas aulas das especialidades.
- Realizar reunións entre o profesorado a ser posible con carácter mensual.

▪ **Respecto á propia biblioteca**

- Publicar no blogue e na páxina web do colexio as distintas actividades que se realicen no centro entorno ao tema do PDI da biblioteca.
- Elaborar guías de lectura, boletíns informativos, etc para o alumnado e as familias.
- Realizar campañas de animación á lectura.
- Continuar co tratamento técnico dos fondos: seleccionar, organizar, clasificar, catalogar co programa Meiga.
- Seguir facendo expurgo, renovando mobiliario e mercando fondos que satisfagan as necesidades do profesorado, os gustos do alumnado e vaian suplindo as carencias curriculares que poidan xurdir.
- Altas e baixas do alumnado.
- Facer e entregarlles o carnet da biblioteca, aos novos usuarios.
- Elaborar os diarios de lectura.

4. MEDIDAS A DESENVOLVER.

O préstamo faise a través do programa Meiga. Gustaríanos que o funcionamento da biblioteca fose como no último trimestre do curso pasado, destinando a media hora de recreo para uso indistinto da biblioteca por parte do alumnado e na hora de lectura, o préstamo de libros. Tanto na primeira situación como na segunda, o alumnado subiría por cursos e por días. O número de libros ou dvd's que se empresta é dun de cada vez. Aqueles nen@s que deterioren ou extravíen os fondos (máxime cando son reincidentes) deberán repoñelo ou pagalo. O tempo máximo para ter un fondo é de 15 días. Cada nen@ canda vaia sacar ou devolver un libro deberá de acostumarse a levar consigo o carné. Aínda que cada curso terá asignado un día para préstamo ou devolución, no caso de que un nen@ faltase ese día ou se tratase dun lector que lle gusta moito ler, poderá subir en calquera outro día da semana sempre que haxa aforo ou a bibliotecaria teña dispoñibilidade para atendelo nese día.

Os préstamos dos fondos serán sempre do mesmo ciclo ou ciclos inferiores, nunca superiores.

5. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Dentro dos recursos materiais contamos cuns 7000 fondos; un canón con pantalla, un Smart-TV, lectores de dvd's, ordenadores portátiles,...(estes últimos vanlles permitir a opción de levalos ás mesas de traballo en grupo e sacarlles máis partido); enciclopedias temáticas para as áreas de naturais e sociais con un importante número de dvd's e cd-rom que tratan da fauna, o home, o espazo e os descubrimentos; achegar aos nen@s aos diferentes estilos literarios como a poesía, teatro, narrativa, banda deseñada; ou perderse no recuncho dos idiomas nos que poderán atopar libros de fácil lectura ou dvd's en inglés, portugués e francés; para continuar coa posibilidade da creación de obradoiros de manualidades consultando bibliografías de artesanía e plástica. Tamén dispoñemos dun recuncho

destinado á creatividade con diferentes xogos de construción (legos, tangram, materiais de robótica como os escornabots...), un recuncho con diferentes tipos de xogos de mesa, puzzles...), tamén unha zona multisensorial (espellos, materiais manipulativos...)

Como recursos humanos, aparte dos propios membros do Equipo de Biblioteca, e dos axudantes de Biblioteca, contaremos coa colaboración de tod@s os membros do claustro e do alumnado que ao longo do curso participará activamente na realización das distintas actividades que se programen durante o curso.

6. ACTIVIDADES.

6.1. Para a xestión e organización da biblioteca escolar. Formación de usuarios.

Espazo Físico	<ul style="list-style-type: none"> • Ampliar os fondos nas bibliotecas de aula dos especialistas.
Tratamento mantemento e difusión dos fondos	<ul style="list-style-type: none"> • Catalogación co Meiga. • Mantemento do equilibrio do fondo. • Adquisición de máis fondos para Infantil, máis fondos impresos ou dixitais para traballar a atención á diversidade, para as diferentes materias curriculares así como máis recursos didácticos para o inglés e outras linguas. • Adquisición de libros, cd-rom, vídeo-xogos... relacionados coa música. • Edición de folletos con suxestión de lectura por idades. • Presentación das novidades no Smart-TV. • Presentación na web do cole das novidades. • Recomendación de lecturas a través dos booktokers.
Formación de usuarios	<ul style="list-style-type: none"> • Seguiremos participando nos PFPP que dende o centro se realicen.

6.2. Para dinamizar a biblioteca.

Celebración de Efemérides		
	Primeiro Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Día das bibliotecas. - O Samaín e o Halloween. - O magosto. - O Nadal.

	Segundo Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Día da Paz - O Entroido - Semana da Prensa
	Terceiro Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Día do libro - Día das Letras Galegas

6.3. Para fomentar o hábito lector.

Cos alumnos	<ul style="list-style-type: none"> • A hora do conto: lectura de historias e contos inventados polos nenos/as (Halloween); representación dalgunha obra de teatro (Nadal); posta en escena dalgún conto, lectura de poesías e textos (Día da Paz); maratón de lectura (Letras galegas); lectura dalgún conto (Día do Libro); creación e lectura de raps relacionados co PDI. • Lecturas compartidas. • Facer gravacións dos contos (Audiocontos).
Coas familias	<ul style="list-style-type: none"> • Caderno viaxeiro. • Crear un recuncho de lectura na casa. • Contacontos. • Gravacións de contos. • Levar aos nenos as librerías, bibliotecas e todo tipo de actos relacionados cos 10. libros especialmente aos do noso entorno. • Colaborar co ANPA nas actividades culturais que organicen. • Scanear e colgar os traballos dos nenos na páxina web do cole vainos permitir múltiples lectores extraescolares, principalmente as familias e, a importancia que dean a este feito, será fundamental para animar na lectura aos nosos alumnos/as. Esta é unha actividade que nos permite levar a cabo en todas as áreas curriculares ao mesmo tempo que utilizamos as novas tecnoloxías.

6.4. Para mellorar a comprensión lectora.

	<ul style="list-style-type: none"> • 30 minutos diarios de lectura silenciosa libre, sen ser dirixida. • Continuar con subscricións. • Todas as clases terán a súa biblioteca de aula dotadas de libros ben da biblioteca ou de libros que os nen@s traian das súas casas.
--	---

	<ul style="list-style-type: none"> • Durante o tempo de lecer tanto despois de comer coma na hora do recreo poderán ter acceso á lectura pois teremos Bibliopatio, un recuncho de lectura para aqueles que desexen ler ao aire libre.
--	--

6.5. Para o fomento da escritura.

	<ul style="list-style-type: none"> • Uso do kamishibai: pequeno teatro no que se va lendo o texto á vez que ollan para a imaxe. O kamishibai vainos permitir crear os nosos contos ou adaptar os clásicos cambiando por exemplo o xénero ás personaxes creando así a “caperucito rojo” ou “as tres porquiñas”. • Realizar correspondencia a través de e-mails. Poderíamos comezar por facelo entre os alumnos de cada aula para posteriormente facelo extensivo entre as distintas clases, con outros colexios ou incluso outros países. Aquí sería importante a colaboración do profesorado de inglés. • Elaboración de materiais relacionados co PDI da Música. • Buscar noticias sobre o PDI. • Buscar información sobre danzas do mundo, bandas sonoras, directores, compositores.
--	---

6.6. Para a atención à diversidade.

	<ul style="list-style-type: none"> • Visionar ou ler contos que traten trastornos como o tdah ou o autismo (especialmente nos cursos onde se encontran estes nenos/as) como: “Pincho el erizo se va de vacaciones”, “Trasto un campeón en la familia”, “Luna destaca en el colegio” “Rosalía la espía” que trata dunha nena que usa audiófono; “Aitor aviador” un neno que ten déficit de atención e hiperactividade; “Aurora locutora” trata o tema da cegueira; “Silvina bailarina” unha nena con síndrome de Down. • Facer referencia a ditas conmemoracións na páxina web do colexio.
--	--

6.7. Para as tics.

	<ul style="list-style-type: none"> • Ter acceso a internet para que o alumno/a poida ler os resultados dun buscador, foros, 11. páxinas web, textos convencionais... • Na páxina web do cole, na sección de biblioteca, farase mención de varias direccións de páxinas web onde o alumnado poderá entrar e atopar variedade de actividades de estimulación da lecto-escritura. Tales como: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Taller de lectura de la Junta de Castilla y León.
--	---

	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Escrilandia el mundo de los escritores. ➤ Childtopía. ➤ Método de lecto-escritura para Infantil Orientación Andújar. ➤ El juego de los cuentos. ➤ Jueduland lecto-escritura. ➤ ToonDoo en Educ@contic ferramenta para deseñar, crear e compartir cómics <ul style="list-style-type: none"> ● Creación de contos dixitais. Permítenos gravar a voz dos nenos/as. ● Creación dun xornal dixital con motivo da Semana da Prensa. ● Crear un cómic dixital.
--	---

6.8. Actividades para realizar en torno ao tema : “Ao son da Música”

“Ao son da Música” .Imos traballar e desenvolver este proxecto durante o curso académico 2024-2025 temporizado en trimestres. A orde dos bloques pode variar.

1º trimestre: expresión vocal e corporal.

Durante o primeiro trimestre, por titorías, os alumn@s por grupos, parellas ou de forma individual, porán a proba as súas habilidades vocais facendo imitacións de grupos musicais, solistas, karaokes ou simplemente mostrando as habilidades que poidan ter tocando un instrumento ou facendo calquera outro tipo de expresión artística.

Coa axuda e asesoramento dos seus titores e especialistas, podería servir perfectamente como festival de Nadal.

2º trimestre: audición.

Aproveitaríamos este trimestre para traballar coas bandas sonoras de películas. Cada nivel elixiría unha banda sonora e delas sairán os disfraces para o entroido. Por exemplo, Piratas do Caribe, unha vez confeccionados os disfraces desfilaríase coa propia música da banda sonora.

Cada titoría deberá de cubrir unha ficha modelo con datos sobre a banda sonora que traballou. O conxunto de ditas fichas serán recollidas, encadernadas e pasarán a formar parte do material de consulta da biblioteca.

3º trimestre: movemento.

A través do movemento traballaremos diferentes danzas do mundo. Cada titoría en colaboración coa profesora de música ou viceversa, preparará unha danza e o correspondente vestiario. Ao final de curso, dedicarase un ou dous días de exhibición de ditas danzas para toda a comunidade educativa.

Como material para a biblioteca, cubriremos unha ficha modelo con datos sobre as danzas en cuestión.

Outras posibles actividades

- Para o **Magosto** podemos facer unha recompilación de cantares.(1º ciclo)
- Para **Halloween** podería facerse un baile.
- Para o **Nadal** faríase o festival. Recompilación de cantares.(2º ciclo)
- Conmemorar o **Día da Paz** con algunha canción.
- No **Entroido** faríamos o desfile cos disfraces de bandas sonoras.
- Para conmemorar o **Día do Libro**, unha canción e/o baile.
- Para a **Semana da Prensa** os nen@s traerán noticias que colocaremos no taboleiro da entrada. relacionadas co PDI.
- Para o día das **Letras Galegas** podemos musicar algún poema.
- Ao longo do curso pódense visualizar filmes relacionados coas bandas sonoras, artistas imitados...
- Recompilación de cantares galegos no 3º ciclo.
- Unha das visitas relacionadas co tema pode ser a do **Museo de Belas Artes** na Coruña.

12.

6.9. Organización mensual das actividades.

SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> -Posta en funcionamento da biblioteca. -Elaborar os carnets para os novos usuarios. -Dar de alta no Meiga ao novo alumnado. -Dar de baixa no Meiga ao alumnado que se foi. -Elaboración dos diarios de lectura. -Rexistro dos fondos pendentos-textuelado-colocación. -Pasar cuestionarios sobre biblioteca escolar e lectura. - 28 de setembro, Día Mundial da Xordeira: colgar información na páxina web do colexio e algún conto que trate deste tema como o de “Rosalía a espía”.
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> -Analizar as necesidades da biblioteca: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Libros relacionados con o PDI (Música). ✓ Materiais para a atención á diversidade: pictogramas, audio-contos, lupa, Braille, lectura fácil... ✓ Fondos relacionados coas áreas curriculares. ✓ Mobiliario e equipamento.

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Material para funcionamento. ✓ Material para robótica, construción, videoxogos, xogos matemáticos e de habilidades... ✓ Recursos electrónicos: libros e revistas electrónicas. ✓ Subscricións a revistas. <p>-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado e colocación.</p> <p>-Organización das actividades a realizar para a formación de usuarios no Día Internacional da Biblioteca: powert-point, vídeos, pictogramas, xogos, fichas, guías...</p> <p>-Formación para o novo profesorado: díptico, tríptico.</p> <p>-11 de outubro Día Mundial da Cegueira: colgar información na páxina web do colexio sobre este tema e de contos relacionados como “Aurora locutora”.</p> <p>Ambientación da biblioteca.</p> <p>-31 de outubro Halloween/Samaín:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Obradoiro de contos por aulas. ✓ Gravación de contos.
NOVEMBRO	<p>-Colgar na web ou nas columnas do colexio información e pasatempos sobre o Samaín-Halloween-Magosto.</p> <p>-Ambientación da Biblioteca.</p> <p>-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación.</p> <p>-Obradoiro de contos.</p> <p>-Gravacións de contos.</p> <p>-Lecturas compartidas.</p>
DECEMBRO	<p>- Colgar na páxina web ou nas columnas información e pasatempos sobre o apalpador e o Nadal.</p> <p>-Ambientación da biblioteca.</p> <p>-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación.</p>
XANEIRO	<p>-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación.</p> <p>-Colgar na páxina web ou nas columnas información e pasatempos sobre a Paz.</p> <p>-Obradoiro de poesías sobre a Paz.</p>

	-Ambientación da biblioteca.
FEBREIRO	-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación. -Colgar na páxina web información e pasatempos sobre o entroido. -Ambientación da biblioteca. - Obradoiro de disfraces. - Gravacións de contos.
MARZO	-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación. -21 de Marzo Síndrome de Down: colgar información sobre este tema e ler contos con esta temática como “Silvina bailarina”. -8 de Marzo Día Internacional da Muller. -Mulleres importantes ao longo da historia. -Semana da Prensa. Recoller noticias sobre o PDI.
ABRIL	-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación. -23 de abril día do libro: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Marcadores de Libriña danzando. ✓ Proxección de cancións, vídeos sobre o libro e a importancia da lectura. -2 de abril Día do Autismo: Colgar información na web sobre o tema e ler contos como “Pincho el erizo se va de vacaciones”, “Trasto un campeón en la familia”, “Luna destaca en el colegio”. - Lecturas compartidas.
MAIO	-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación. -Letras Galegas: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Actividades no colexio. ✓ Información do homenaxeado/a na páxina web. ✓ Lecturas compartidas. -Colgar información e pasatempos sobre os Maios e as Letras Galegas na páxina web. -Facer un maratón de lectura sobre unha obra do autor/a.
XUÑO	-Rexistro dos fondos pendentes-textuelado-colocación. -Pasar cuestionarios sobre biblioteca escolar e lectura. -Recoller todos os fondos emprestados.

7. METODOLOXÍA.

A metodoloxía será activa e participativa onde os alumn@s aprendan de maneira construtiva e significativa, partindo dos coñecementos previos para que se incorporen progresivamente os novos. A metodoloxía enfocárase desde unha perspectiva lúdica, intentando que as actividades sexan motivadoras e que o xogo sexa o principal protagonista para conectalos coa lectura. Se o alumnado percebe a lectura como unha actividade prazenteira e de entretemento será moito máis fácil crear hábitos de lectura que perduren nun futuro.

8. CALENDARIO DE REUNIÓN S.

Reunirémonos os membros do Equipo de Biblioteca un martes ao mes, sendo este o calendario de reunións: 3 de setembro, 17 de setembro, 1 de outubro, 5 de novembro, 3 de decembro, 14 de xaneiro, 4 de febreiro, 11 de marzo, 1 de Abril, 6 de Maio e 3 de xuño.

6.12. Plan de traballo do Equipo de Dinamización das TIC.

1. INTRODUCCIÓN

Tendo en conta a normativa vixente, Decreto 155/2022, do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación primaria e Decreto 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, sinalase que a Consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe e ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os contornos virtuais de aprendizaxe empregados facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polo centro para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Neste senso, co alumnado do 3º ciclo de Educación Primaria seguiremos formando parte do proxecto Edixgal, cuxo obxecto é favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxectivos que atinxen ao profesorado:

- Formarse nas contornas dixitais.

- Seguir fomentando a páxina web do centro e aula virtual, como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes. Contamos cun ordenador en cada aula.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fomentar no alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos virtuais que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a nosa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Coñecer e utilizar os recursos existentes no centro.

2.2. Obxectivos que atinxen ao alumnado:

- Formarse como usuarios dunha aula virtual.
- Seguir a completar e renovar os recursos tecnolóxicos existentes.
- Aprender o manexo básico do ordenador para facer uso dos programas axeitados, do pendrive, da impresora...

- Coñecer programas básicos que lle sexan de utilidade no seu proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Facer un bo uso dos aparatos e as normas para conservalos en bo estado.
- Desenvolver estratexias de busca de información e capacidade para interpretar e seguir técnicas de descubrimento guiado (Webquests).
- Utilizar técnicas de traballo intelectual para a organización e selección da información atopada.
- Desenvolver estratexias de comunicación diferentes segundo as actividades: chats, blogs, actividades interactivas...
- Aprender normas de respecto nos diferentes medios, así como dos diferentes espazos.
- Fomentar un uso responsable das Novas Tecnoloxías.

3. MATERIAIS

- Material audiovisual do Programa Polos Crativos
- Tres aulas dixitais na zona de infantil, que contan cun motitor interactivo cada unha
- Oito aulas dixitais de Educación Primaria.
- Dúas pizarras dixital situadas na aula de inglés e outra na aula de relixión e conectadas a PC
- Ordenadores portátiles.
- Ordenadores nas aulas de PT e AL.
- Ordenadores, impresora e escáner na sala de profesores.
- Ordenadores, dous portátiles con impresora e televisión na biblioteca.
- Ordenadores no despachos do Equipo Directivo coas súas respectivas impresoras.
- Impresoras
- Escáner
- Conexión a Internet en cada aula e con wifi en todo o centro.
- Dúas cámara de vídeo.
- Dúas cámaras de fotos.

No que atinxe ao que desexamos ter no futuro:

- Dar continuidade ao Programa Polos Creativos.
- Seguir na procura de ir completando a dotación de monitores interactivos, para completar as aulas de Primaria e das mestras/es especialistas.
- O equipo-dinamizador TIC leva o control do material informático, a actualización do inventario, asesoramento ao profesorado, información sobre cursos e solicitudes de formación no centro e fóra del, a xestión de horarios de utilización e normativa de uso dos medios, a recollida das incidencias, e a busca de solución aos problemas e comunicación cos servizos.

O equipo de TIC´s reunirse cunha periodicidade mensual co obxectivo de actualizar o inventario do centro e tamén para actualizar e manter dinámica a páxina do centro, colaborando co resto de equipos do centro.

O Equipo de Dinamización das TIC queda composto tal e como se recolle no apartado 5 deste documento.

4. ACCIÓNS A LEVAR A CABO.

As accións principais a levar a cabo serán as seguintes:

- Fomento da formación e perfeccionamento nas TIC
- Instalación de programas educativos
- Mantemento e control de TIC
- Busca de información
- Inventario de TIC do centro
- Creación de material didáctico e actividades interactivas.
- Colaboración na consecución dos obxectivos do Plan Dixital do centro

5. SEGUIMIENTO E AVALIAICÓN.

Farase un seguimento mensual/trimestral do plan. As propostas de mellora que se acorde no remate do curso pasarán a formar parte da memoria final.

6.13. Plan de traballo do Departamento de Orientación.

1. INTRODUCCIÓN

A finalidade do Departamento de Orientación é dar unha resposta axeitada ás demandas do alumnado e do profesorado que forman parte do centro educativo, cubrindo así as súas necesidades e dificultades ao longo do período educativo. Deste xeito, acadar a calidade necesaria para o

desenvolvemento integral de tódolos axentes e os procesos. Por este motivo, os obxectivos propostos dende o Departamento de Orientación para o presente curso xorden da análise das funcións do propio departamento, recollidas no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional así como as Circulares das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, permitindo unificar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional en Galicia, xunto coas necesidades detectadas.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

MESTRE/A	CARGO
Elena M.^a Borrazás Verdía	Especialista en Audición e Linguaxe
Natividad Carracedo López	Especialista en Pedagogía Terapéutica
Soraya Castro López	Especialista en Audición e Linguaxe, afín Pedagogía Terapéutica
Alba Díaz-Caneja Castro	Especialista en Pedagogía Terapéutica (compartida co CEIP O Bolo)
Erminda Domínguez Hervella	Coordinadora de Educación Infantil
Estefanía Pol Álvarez	Coordinadora 1º ciclo de Ed. Primaria
Alba Martínez Gómez	Coordinadora 2º ciclo de Ed. Primaria
Vicente Rodríguez Díaz	Coordinador 3º ciclo de Ed. Primaria
Emilio González López	Dirección, CEIP Manuel Respino
Paula Pose López	Xefa de estudos, CEIP Manuel Respino
Rut Villanueva Oliveira	Responsable de centro, CEIP O Bolo

2.1. XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

MESTRA	CARGO
Marta Estévez Cebrián	Xefatura do Departamento de Orientación

3. OBXECTIVOS.

- Favorecer a participación dos profesionais do centro de maneira que participen directamente na adecuación do desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Facilitar e coordinar a actuación do diferente profesorado que interveñan no proceso educativo do alumnado NEAE, coñecendo en todo momento os aspectos académicos do alumnado e máis concretamente das súas dificultades en cursos anteriores.
- Establecer canles de colaboración cos recursos externos: Centros de Educación Secundaria, Equipos de Orientación Específico, Servizos Sociais, Servizo Médicos e tamén con aquelas Institucións e Asociacións que participen na educación do noso alumnado.
- Favorecer a identificación temperá de necesidades co obxectivo de facilitar as medidas de apoio mais axeitadas.
- Diseñar e coordinar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas (grupais, se é o caso, e individuais) ata os reforzos educativos, os talleres, programas de intervención, etc.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten ao profesorado, na adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que reciba o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Facilitar un seguimento individualizado do alumnado en situación de absentismo escolar de cara a tomar as medidas axeitadas en cada caso concreto.
- Continuar actualizando o equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo.
- Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e

orientadora, recuperación, reforzo, AC, promoción do alumno e apoio psicopedagóxico

- Potenciar a colaboración familiar, implicando ás familias no proceso de ensino e de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

4. DOCUMENTACIÓN.

A Orientación é un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, no proceso de ensino e de aprendizaxe do noso alumnado, durante toda a súa etapa educativa. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino e de aprendizaxe e á toma de decisións. E para que isto se leve a cabo da mellor maneira seguiránse ao longo deste curso 2024 – 2025 os seguintes plans: Plan de orientación, plan xeral de atención á diversidade e plan de acción tutorial.

4.1 Plan de orientación

O Plan de Orientación ten por obxectivo establecer a liña de traballo a seguir no centro educativo en materia de Orientación Educativa. Por en práctica este modelo supón, por unha banda, a posta en marcha actuacións encamiñadas a desenvolver medidas adecuadas que propicien unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e, por outro, un proceso continuo que axuste ao máximo o proxecto educativo ás características e necesidades de todo o alumnado.

Os obxectivos xerais deste plan de orientación son :

- Ampliar o equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico, e informático, así como probas estandarizadas para o adecuado funcionamento do mesmo.
- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da personalidade do alumnado.
- Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro educativo e no grupo de compañeiros e compañeiras, sobre todo nos momentos de transición e chegada ao centro, na transición dunha etapa á outra e no cambio de ciclo.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.
- Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensinanza e de aprendizaxe do alumnado facendo fincapé na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara ao estudo, á comprensión oral e escrita e á

capacidade para a resolución de problemas.

- Coordinar as accións de orientación e tutoría do centro e dos centros adscritos.
- Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Potenciar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo de Orientación Específico, cos servizos sociais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, familias e alumnado.
- Informar ao profesorado sobre a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE.
- Colaborar co equipo docente, baixo a dirección da Xefa de Estudos, na prevención, detección temperá de problemas de aprendizaxe.
- Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico.
- Apoiar, se fose necesario, e completar as intervencións do profesorado coas familias.
- Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.
- Apoiar ao alumnado nos momentos de maior risco e dificultade no ámbito educativo, persoal e social.
- Orientar e implicar á familia na educación dos seus proxenitores, ao igual que establecer as canles axeitadas de información e comunicación.

4.2 Plan xeral de atención á diversidade

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade do centro, no marco da Programación Xeral Anual e seguindo os seguintes principios xerais de actuación.

1. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía do centro e participación de toda a comunidade educativa.

2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención

da diversidade.

4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.

5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

4.3 Plan de acción tutorial

O Plan de Acción Tutorial é a resposta que, de modo sistemático, intencional e coordinado, leva a cabo o centro para poder concretar dita función tutorial, tanto desde o ámbito grupal como desde o ámbito individual. É o documento marco que artella como se van desenvolver as actuacións do profesorado na relación co alumnado e ás súas familias.

O Departamento de Orientación será o encargado de apoiar, asesorar e colaborar neste proceso, axudando a estruturar e organizar a función orientadora e tutorial do profesorado.

Trátase dun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a toda a comunidade educativa, con especial énfase na prevención e no desenvolvemento persoal, social e curricular, que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino e de aprendizaxe, coa implicación de todos os axentes educativos e sociais.

Todo o profesorado do centro ten a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción tutorial, pero a coordinación destas debe estar centrada no profesor titor/a do grupo de alumnos/as, que será o responsable directo da labor tutorial, desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas tarefas específicas reguladas pola normativa.

O Plan de Acción Tutorial ten como finalidade garantir a todo o alumnado, desde que ingresa ata que abandona o colexio, unha orientación educativa continua coordinada e adecuada ao su nivel de desenvolvemento. En consecuencia, establécense unha serie de actuacións, debidamente planificadas e cun seguimento regular, xunto cos programas específicos de intervención que complementan e enriquecen estas accións de carácter xeral. No PAT especificaranse os criterios e procedementos para a organización da tutoría e

programaranse e secuenciaranse as actividades deseñadas segundo as necesidades do alumnado e do centro.

Entre os obxectivos do Plan de acción Titorial atopamos os seguintes relacionados co alumnado, o profesorado, as familias e os servizos externos.

Atención ao alumnado

- Coñecer as características do alumnado a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar, coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Facilitar a integración de cada alumno/a no grupo, fomentando unha actitude participativa no mesmo.
- Favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Adecuar a resposta educativa para proceder á toma de medidas de atención á diversidade.
- Proporcionar ao alumnado unha intervención educativa adecuada conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha acción titorial e orientadora individualizada e planificada.
- Garantir unha guía e axuda personalizada ao alumnado, especialmente a aqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE
- Contribuír a unha adecuada relación e interacción coa comunidade educativa.
- Fomentar actitudes de respecto e tolerancia cara a todas as persoas.

Atención ao profesorado

- Establecer unha liña de comunicación e información permanente entre o equipo docente do grupo do alumnado, posibilitando unha estreita coordinación co resto do profesorado que incide no seu grupo-clase.
- Facilitar toda a información relevante que como titor/a teña de cada alumno/a, coordinándose co equipo docente do seu ciclo e dos outros ciclos.
- Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa do alumnado entre os distintos ciclos e/ou etapas e, no caso, na transición dun centro a outro.
- Fomentar unha metodoloxía educativa por parte dos equipos docentes baseada nas fortalezas do alumnado, nas experiencias de aprendizaxe e na aprendizaxe significativa.
- Prever as dificultades de aprendizaxe evitando, no posible, o baixo rendemento, fracaso e inadaptación escolar.

- Buscar respostas educativas abertas en primeira instancia que impliquen a avaliación da metodoloxía, do contexto, a diversificación da avaliación, a flexibilidade.
- Integrar progresivamente as técnicas e estratexias de traballo intelectual no proceso de aprendizaxe interiorizando un método persoal de traballo.
- Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, baixo a coordinación co equipo directivo e co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Coordinar o proceso avaliador do alumnado.

Atención ás familias


- Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Facilitar o intercambio de información coas familias.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, relacionado coa importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia – escola e de todo o relacionado co proceso de ensino e de aprendizaxe.

Colaboración cos servizos externos ao centro

- Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Colaborar cos servizo sanitarios dos que fagan uso o alumnado: pediatría, saúde mental, fisioterapia, etc.
- Colaborar con outros servizos, institucións ou asociacións cando sexa preciso.

5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO.

Para solicitar a intervención da orientadora do centro, cubrirase previamente un protocolo que estará a disposición de todo o profesorado no que se indicará información relevante para a valoración do/a alumno/a e que axudará a establecer unha orde de actuación en función do alumnado que a precise.



Para unha maior calidade na labor orientadora, evitar a difusión de información dos alumnos e alumnas e garantir a confidencialidade; as entrevistas coa orientadora (sexa a familia ou o persoal docente) serán no Departamento de Orientación, onde quedarán arquivados todos os documentos pertinentes.

A persoa que exerza a titoría deberá enfatizar ás familias a importancia da coordinación co centro e de facilitar toda a información pertinente para o proceso educativo (informes médicos, neurolóxicos, psicolóxicos, de saúde, cambios nas dinámicas familiares...). Esta información será trasladada ao Departamento de Orientación.

Por outra banda o seguimento do Alumnado NEAE seguirá o seguinte procedemento:

PROCEDIMIENTO NEAE

ALUMNOS CON NEAE



Unha vez feita a análise das necesidades, enmarcamos as actuacións que se levarán a cabo, dentro dos seguintes ámbitos:

1. Actuacións que teñan como obxecto a Atención á Diversidade presente no centro.
2. Actuacións dirixidas a apoiar o Proceso de ensino-aprendizaxe: seguimentos individuais, prevención de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento da personalidade, adaptación da resposta educativa a cada necesidade, etc.
3. Actuacións que teñan como eixo o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
4. Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos.
5. Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas.
6. Actuacións para acadar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona, o Equipo de Orientación Específico provincial, e con diferentes organismos: Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, etc.

6. COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO CON OUTRAS INSTANCIAS.

A coordinación será activa e colaborativa, facilitando información sobre o alumnado para dar unha resposta o máis adecuada posible, ante as necesidades educativas do alumnado. A coordinación será presencial, telefónica, telemática e a través do correo postal. A coordinación e colaboración levarase a cabo cos seguintes servizos:

- Coordinación con el Equipo de Orientación Específico (EOE), o Equipo de Atención Temprá e o IES adscrito.
- Coordinación con servicios externos: Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, Neuropsiquiatría Infantil, Servizos Sociais, Gabinetes psicopedagógicos, CEFORE, asociacións que teñan convenio coa consellería, etc.
- Colaboración co servizos da zona: Concello, Cruz Vermella, etc.

7. RECURSOS

7.1 Recursos humanos

- Alumnado.
- Profesorado titor.
- Profesorado das distintas especialidades.
- Profesorado especialista en PT e AL.
- Equipo Directivo.
- Xefa do Departamento de Orientación.
- Inspección Educativa.
- Equipo de Orientación Específica.
- Persoal non docente: auxiliar técnico coidador, conserxe, persoal do servizo de comedor .
- Organismos e entidades externas: Servizo Galego de Saúde (pediatría infantil, Unidade saúde mental

infanto-xuvenil), gabinetes externos, asociacións, servizos sociais, e demais organismos que afecten no proceso de ensino e de aprendizaxe do noso alumnado.

7.2 Recursos materiais

- Material bibliográfico.
- Material creado polas especialistas en AL e PT, así como o elaborado pola persoa titora.
- Equipamentos existentes no centro educativo que esta o servizo de todo o profesorado (plastificadora, encadernadora, fotocopiadora, material funxible,etc).
- Test de screening e probas estandarizadas
- Material específico para atender o alumnado NEE (equipo fm, mesa con escotaduras, etc.)

7.3 Recursos espaciais

- O Departamento de Orientación dispón dun local exclusivo na planta baixa do edificio de Educación Primaria.
- As aulas ordinarias.
- Aulas de apoio (PT-AL).
- No edificio de Educación Infantil, estase creando un aula multisensorial.
- Biblioteca escolar.
- Outras aulas do centro (música, arte, inglés etc).
- Outras dependencias do centro (comedor escolar, ximnasio, aula de informática etc.)

8. CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

As reunións do centro quedan establecidas de forma xeral para os martes de 16:00h -17:00h para familias (titorias, mestres especialista PT-AL. D.O), e de 17:00h-18:00h para CCP; EDLG, TIC, Biblioteca, D.O, Claustro, reunións xerais etc.

9. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

	DATA	ACTIVIDADES A REALIZAR
1º TRIMESTRE	SETEMBRO	<p>Colaboración co equipo directivo na Programación Xeneral Anual do centro educativo (PXA), así como noutros documentos do centro.</p> <p>Organización das medidas de apoio á diversidade.</p> <p>Revisión das listas de alumnos/as que reciben reforzo ou apoio. Elaboración da mesma e autorización dos apoios do director do centro.</p> <p>Elaboración de horarios para ACNEAE.</p> <p>Organización dos apoios: distribución horarios, alumnado e espazos. Reunión do profesorado de apoio e orientadora.</p> <p>Elaboración do plan de traballo de orientación e as accións prioritarias para o presente curso.</p> <p>Revisión da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).</p> <p>Asesoramento e tramitación das becas do MEC para ACNEAE. Colaboración no proceso de avaliación inicial do alumnado.</p> <p>Colaboración na acollida do novo alumnado.</p>
	OUTUBRO	<p>Constitución do Departamento de Orientación.</p> <p>Presentación e aprobación do Plan de Accións Prioritarias e da concreción do PXAD no claustro e noutras estruturas de Coordinación Pedagóxica.</p> <p>Reunións do profesorado de apoio e orientadora. Organización das reunións co profesorado titor e de apoio.</p> <p>Traspaso da información do ACNEAE aos Equipos docentes. Seguimento e revisión do alumnado proposto para AC neste curso.</p> <p>Información ás familias do alumnado que está a recibir unha resposta adaptada reforzo, apoio, adaptación curricular...</p>
	NOVEMBRO	<p>Colaboración para prevención e detección precoz de posibles dificultades de aprendizaxe.</p> <p>Organización e seguimento dos programas de intervención.</p> <p>Reunións persoais con titores para análise dos seus cursos, presentación de propostas para o curso e control da acción tutorial.</p> <p>Información sobre os posibles programas que desexan traballar os titores. Elaboración dos documentos de AC.</p> <p>Cubrir o Documento de Recollida de Datos (DRD)</p>

	DECEMBRO	<p>Colaboración na preparación das sesións de avaliación trimestral: preavaliación, información sobre ACs e RE.</p> <p>Seguimento do Plan de Accións Prioritarias e da concreción anual do PXAD.</p> <p>Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas e dos resultados das mesmas.</p> <p>Colaboración na elaboración de informes trimestrais do ACNEAE.</p>
2ºTRIMESTRE	XANEIRO	<p>Análise dos resultados da primeira avaliación e propostas de medidas de mellora.</p> <p>Reestruturar as medidas de atención á diversidade en función dos novos casos.</p> <p>Coordinar o plan de traballo para o segundo trimestre, realizando posibles modificacións.</p> <p>Revisión psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que finaliza a educación primaria.</p>
	FEBREIRO	<p>Seguimento do plan de orientación.</p> <p>Revisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que finaliza a educación infantil</p>
	MARZO	<p>Solicitud de flexibilización ou anticipación do período escolar do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>Preparación das sesións de avaliación.</p> <p>Orientación ás familias e ao alumnado que finaliza a etapa de educación primaria</p>
3ºTRIMESTRE	ABRIL	<p>Revisión das medidas para atender á diversidade do alumnado na aula ordinaria.</p> <p>Avaliación do traballo realizado durante o segundo trimestre.</p> <p>Reestruturación das medidas de atención á diversidade en función dos resultados obtidos na segunda avaliación.</p> <p>Coordinar o plan de traballo para o terceiro trimestre, realizando posibles modificacións</p>
	MAIO	<p>Preparación das sesións de avaliación.</p> <p>Colaboración cos titores na toma de decisión sobre a promoción de curso do alumnado.</p> <p>Colaboración para favorecer a transición do alumnado de educación infantile e educación primaria e de educación primaria a educación secundaria.</p> <p>Documentación que debe cumprimentar o titor para alumnado que pasa a ESO. Reunión coa xefatura de estudos do IES ao que estamos adscritos.</p> <p>Organización do traspaso de información do ACNEAE por cambio de etapa ou centro.</p> <p>Preparación dos informes finais do ACNEAE que pasa a ESO.</p>

XUÑO	<p>Reunións coas familias de alumnado de novo ingreso. Seguimento psicopedagóxico do ACNEAE.</p> <p>Cubrir o Dradi e o DRDorienta.</p> <p>Avaliación do traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p> <p>Elaboración da Memoria final sobre o traballo do Departamento de Orientación.</p> <p>Presentación ao equipo directivo das propostas de mellora para o vindeiro curso.</p> <p>Revisión, orden e limpeza de materiais, recursos, arquivos, informes, rexistros e ordenador.</p> <p>Solicitudes do material didáctico para ACNEAE.</p>
------	---

DURANTE TODO O CURSO

Dirección, coordinación e mellora permanente do traballo do departamento

- Participación nos claustros e noutras estruturas de coordinación pedagóxica.
- Preparación, desenvolvemento, seguimento e axuste permanente do programado a novas necesidades e demandas.
- Atención ás demandas puntuais do alumnado, profesorado, órganos do centro e familias.
- Atención a casos de alumnos específicos (convivencia, absentismo, demandas do profesorado ou das familias, colaboración con servizos sociais ou centros de saúde...).
- Colaboración para a intervención en problemas de conduta.
- Canalización das demandas de avaliacións psicopedagóxica que poidan xurdir.
- Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de programas de mellora.
- Coordinación co profesorado de apoio
- Elaboración de materiais psicopedagóxicos e enriquecemento dos recursos do departamento.
- Organización dun banco de recursos.
- Coordinación co equipo directivo.
- Colaboración co centro e co seu plan anual de actividades.
- Contacto e coordinación cos servizos externos ao centro.
- Asesoramento para a colaboración familia-escola. Charlas coas familias.
- Revisión dos documentos do centro, engadindo novas aportacións.

En xeral reformularanse as funcións da Xefatura do Departamento de Orientación para dar resposta ás necesidades que poidan xurdir axustadas aos diferentes escenarios.

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

A través dunha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas poñeranse en marcha os procesos de mellora.

Os criterios de avaliación serán:

- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da educación vixente.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos: as reunións de coordinación, cuestionarios, análise dos resultados escolares e das probas de avaliación externas, entrevistas, análise do clima de convivencia no centro, memorias finais, análise de documentos, análise de tarefas que nos darán información acerca de:

- a Desenvolvemento das accións prioritarias.
- b As accións previstas e non realizadas.
- c As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- d Reunións celebradas.
- e A participación nas reunións do Departamento.
- f O número de demandas recibidas.

- g O número de demandas atendidas.
- h Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- i O desenvolvemento do propio Plan Anual do DO.

As conclusións de esta avaliación e análise crítica recollerase na Memoria Anual de departamento que se levará a cabo no mes de xuño.

6.14. Plan de traballo do Equipo do Horto Escolar.

Dende o curso 2014/15 está a funcionar o Noso Horto Escolar, incluído na rede de Voz Natura.

A importancia do horto escolar fundaméntase en que é un lugar onde se realizan experiencias educativas, pero non só as experiencias sobre o crecemento das plantas que servirán de alimento, senón ás experiencias múltiples ligadas ao ensino-aprendizaxe que se desenvolve na educación diaria.

Aspectos relevantes que fan importante un horto escolar:

- Mellora na preparación de comidas saudables no comedor escolar con produtos do horto, segundo a estación e a colleita.
- Ao producir alimentos no horto escolar, poden seguir todo o proceso.
- Convértese nun espazo de recreación, aprendizaxe e concienciación.
- Promóvese o uso de produtos orgánicos.
- Protéxese o medio ambiente e a saúde dos participantes no horto escolar.
- Desenvolve habilidades agrícolas na comunidade educativa.
- É o medio de integración dalgúns contidos en diferentes materias do currículo facendo uso do horto escolar, como un recurso didáctico.
- Involucra aos estudantes no cultivo de alimentos sans e nutritivos no horto escolar e familiar.
- Crea un horto sustentable e produtivo usando métodos orgánicos para reducir riscos de contaminacións e intoxicacións por produtos químicos.
- Fomenta a unión de traballo cooperativo entre o grupo.

Ata fai dous cursos, o horto estaba ubicado nun pequeno recuncho do patio próximo á entrada do centro e ocupaba unha superficie de 65m² sendo un eixe centralizador das distintas actividades do centro. Pero debido

á reforma integral levada a cabo nos cursos anteriores, o horto trasládase á unha zona anexa ás instalación de Educación Infantil mantendo as mesmas características.

O Concello colaborou na colocación de parterres do horto escolar para facilitar o traballo do alumnado. Instalouse un composteiro, para reciclar os restos de verduras do comedor e as malas herbas así como un bidón para a recollida da auga da chuvia que permite aproveitar a auga limpa para a rega.

1.1. MEMBROS:

MESTRE/A	CARGO
Estefanía Pol Álvarez	Titora de 2º de Primaria
Esther Pol Álvarez	Titora de 5º B de Primaria

1.2. COORDINADORA

MESTRE	CARGO
Margarita Blanco Beneitez	Mestra de Relixión Católica

2. COMPETENCIAS.

CCL: Vocabulario específico sobre o horto.

CP: Vocabulario en distintos idiomas/Vocabulario nas distintas zonas de Galicia

STEM:

Matemática: precios dos distintos produtos.

Ciencia: Distintos produtos, insecticidas ecolóxicos.

Tecnoloxía: as distintas técnicas de cultivos Inxeniería

CD: Investigacións que se realizan ao longo do curso.

CPSAA: Cooperación entre os distintos equipos de traballo.

CC: Socialización , colaboración no traballo.

CE: Realización das distintas tarefas do horto.

CCEC: Respetar e fomentar una cultura ecolóxic

3. OBXECTIVOS.

Obxectivo: Iniciarse na actividade científica.

Obxectivo específico:

- Buscar e seleccionar información e transmitila a través dalgún soporte (oral, escrito, plástico,...)
- Manifestar autonomía na planificación de accións e tarefas.
- Utilizar estratexias para traballar en equipo e respectar aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Reflexionar sobre o traballo realizado.
- Valorar de forma constructiva os traballos dos demais.

Obxectivo: Valorar o traballo e o esforzo do coidado da horta e do xardín.

Obxectivo específico:

- Coidar as prantas, macetas do noso centro.
- Favorecer o traballo cooperativo no coidado do noso entorno.

Obxectivo: Incorporar coñecementos sobre a horticultura ecolóxica.

Obxectivos específicos:

- Coñecer os aspectos básicos da horticultura: calendario de sembra, influencia da lúa,...
- Empregar o material de forma axeitada.
- Coñecer diferentes formas de cultivo (sementes, bulbos, talos,...).
- Aprender sobre os principais materiais que precisan as prantas para vivir.
- Aprender a coidar das prantas de forma sostible.
- Experimentar no cultivo de hortalizas: influencia da lúa, beneficios ou perxuicios entre dúas prantas...

Obxectivo: Fomentar actuacións respetuosas co medio ambiente.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a separación de residuos nas aulas.
- Reutilizar o material de refugallo: elaboración de compost, papel reciclado...
- Coñecer as diferentes fontes de enerxías renovables e non renovables.

Obxectivo: Aprender sobre o coidado dos nosos montes, flora e fauna.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as principais especies autóctonas.
- Respetar os seres vivos do contorno.
- Respetar as sinalizacións das rutas de sendeirismo.

Obxectivo: Identificar a auga como recurso fundamental para a vida.

- Recoñecer a presenza da auga no medio.
- Fomentar o uso da auga de forma responsable.
- Identificar actividades que favorezan ou perxudiquen o medio acuático.

Obxectivo: Aprender sobre o tempo atmosférico.

- Identificar e coñecer os cambios principais do tempo.
- Diferenciar as características do noso clima e as do resto do planeta, e como estas foron cambiando ao longo do tempo.
- Comprender o impacto do ser humano no cambio climático.
- Poñer en prácticas iniciativas que reduzan o impacto no cambio climático.

4. CONTIDOS.

O desenvolvemento do proxecto leva a traballar un amplo abano de contidos integrados nas distintas áreas do currículo do alumnado, pero facemos fincapé nos seguintes:

- Ecosistemas naturais (agrícola).
- Relacións co medio e a natureza.
- Coñecemento de plantas, sementes e ferramentas.
- Ciclo da auga e recollida da auga de choiva.
- Influencia do ciclo lunar no medio.
- Tratamento de residuos: compostaxe.
- Diferentes formas de cultivo.
- As plantas: características e necesidades.
- Estudo da influencia de factores ambientais no desenrolo das plantas.

- Observación e rexistro por medio de fichas de control do proceso da vida.
- Herbas aromáticas.

5. MEDIDAS A DESENVOLVER

O desenvolvemento do proxecto leva a traballar un amplo abano de contidos integrados nas distintas áreas do currículo do alumnado, pero facemos fincapé nos seguintes:

- Ecosistemas naturais (agrícola).
- Relacións co medio e a natureza.
- Coñecemento de plantas, sementes e ferramentas.
- Ciclo da auga e recollida da auga de choiva.
- Influencia do ciclo lunar no medio.
- Tratamento de residuos: compostaxe.
- Diferentes formas de cultivo.
- As plantas: características e necesidades.
- Estudo da influencia de factores ambientais no desenvolvemento das plantas.
- Observación e rexistro por medio de fichas de control do proceso da vida.

Herbas aromáticas

6. METODOLOXÍA

O principio básico da nosa metodoloxía é a acción e participación dos alumnos, fomentando a curiosidade, a observación e a experimentación. Pretendendo que cada un dos nosos pequenos horticultores coñeza e participe en todo o proceso dende a semente á recollida. No proceso, o alumno vai incorporando ás técnicas, estratexias e a información que lle proporcionan os seus iguais e os mestres. Favorecendo así a integración entre iguais e co adulto. Atención á diversidade.

7. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Materiais:

Humus de lombriz de 40 L
 Substrato universal de 70 L
 Sementes hortícolas ecolóxicas
 Luvas de goma nenos/as
 Bandexas de semilleiros ecolóxicos
 Plantas hortícolas
 Abono orgánico ecolóxico
 Cordel para xardinería
 Tesoiras

Humanos:

Profesores
Alumnos/as
Familias

8. ACTIVIDADES

- Selección do lixo nas aulas en orgánico, plástico e papel: este ano favoreceremos a realización de actividades en aula onde se empreguen os materiais de refugallo ou onde se potencie un menor uso dos mesmos.
- Seguir sensibilizando aos nenos nunha conciencia do coidado da terra, incorporando contidos de ecoloxía como o reciclado, a reutilización, o uso de enerxías renovables, etc.
- Plantar sementes ou prantas propias de cada mes.
- Apadriñamento de macetas e zonas axardinadas, onde diferentes clases colaboran no coidado e mantemento dunha zona do xardín do centro.
- Recomendacións de libros, poemas, cancións,... de forma mensual coa colaboración da biblioteca.
- Creación de novos espazos verdes no patio do cole.
- Coidado de seres vivos.
- Realizar un manual do horto escolar.
- Participar dende o horto relacionando contidos que poidan incrementar o aprendizaxe dos nenos na escola, dende infantil a 6º de primaria adaptado ao nivel do alumno.
- Coñecer os distintos instrumentos e as súas utilidades.
- Clasificar as plantas segundo as estacións do ano.
- Facer pequenas sinopses das plantas cultivadas e etiquetalas.
- Recoller e degustar os froitos no comedor escolar.
- Facer unha pequena exposición de fotografías de hortos familiares.
- Realizar un catálogo de cultivos.
- Equipamento específica e necesaria para o traballo no horto.
- Aprender refráns da experiencia popular.

- Celebración de días especiais (magosto, samáin, nadal, entroido, día da árbore, día do medioambiente, día do consumo responsable, día da auga, día dos dereitos do consumidor).

- Saídas á contorna.

6. Temporalización.

Setembro	<ul style="list-style-type: none"> - Limpeza de terreos - Rego e coidado.
Outubro	<ul style="list-style-type: none"> - Na aula, plantación en envases reciclados de froitos autóctonos: castaña, nozes e landras. - Colocación dos muros verdes e horto vertical. - Investigar sobre os cogomelos e cabazas.
Novembro	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento do horto, sen malas herbas. - Sementeira de chícharos
Decembro	<ul style="list-style-type: none"> - Sementeira de allos. - Mantemento do horto, sen malas herbas. - Preparación de etiquetas e carteis.
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> - Creación de pequenos sementeiros na aula (cebolas, tomate...). - Mantemento do horto, sen malas herbas. - Rego e coidado.
Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> - Sementeira de calabacín, pementos, distintas variedades de tomate, pepino, berenxena. - Plantación de fresas. - Rego e coidado.
Marzo	<ul style="list-style-type: none"> - Sementeira de cenorias. - Plantación de sementes xerminadas nas aulas: tomillo, millo, xirasoles e leitugas.

	<ul style="list-style-type: none"> - Rego e coidado.
Abril	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento do horto, sen malas herbas. - Transplante e coidado das distintas sementes e plantas. - Rego.
Maio	<ul style="list-style-type: none"> - Sementeira de herbas aromáticas. - Plantación de melóns e sandías. - Rego e coidado.
Xuño	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento do horto, sen malas herbas. - Limpeza e preparación das ferramentas para o próximo curso. - Recolección de todos produtos.

8. CALENDARIO DE REUNIÓN.

As reunión programadas ao longo o curso serán o primeiro martes de cada mes. A estas reunións asistirá un membro de cada nivel, o que permite unha maior coordinación e posta en funcionamento do proxecto.

O equipo do Horto Escolar traballará de xeito coordinado co Equipo de Dinamización da Biblioteca, EDLG e EACeE.

6.15. Plan de traballo do equipo de Convivencia e Benestar.

1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO.

1.1. MEMBROS:

MESTRE/A	CARGO
Patricia García Arias	Titira de 4º de Eduación Primaria.
Soraya Castro López	Mestra Especialista de Audición e Linguaxe.

1.2. COORDINADORA

MESTRE	CARGO
Elena M ^a Borrazás Verdía	Mestra Especialista de Audición e Linguaxe.

2. COMPETENCIAS.

As competencias que dende o Equipo de Convivencia e Benestar se van desenvolver son aquelas que garanten un clima de convivencia positiva e un benestar emocional óptimo.

As competencias básicas son:

- A adquisición dunha conciencia e regulación emocional.
- Adquisición de saúde mental e emocional.
- A prevención de conflitos, promovendo o diálogo, a empatía e a resolución pacífica de disputas.
- A colaboración entre a comunidade educativa.
- Respecto polas diferenzas
- Desenvolvemento persoal fortalecendo habilidades sociais, emocionais e éticas fundamentais na vida cotiá como cidadáns.
- Impacto positivo no rendemento académico. Existe evidencia que apoia a relación positiva entre un bo clima escolar, a convivencia positiva e o rendemento académico. Un ambiente escolar favorable facilita a concentración, o interese por aprender e a disposición para afrontar desafíos académicos.
- Resolución de conflitos.
- Polo tanto, un resumo das competencias son:
- Crear un clima de benestar e convivencia positivo.
- Control e xestión emocional.
- Resolución de conflitos.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos son os seguintes:

En coordinación co equipo directivo:

Fortalecemento do Plan de Convivencia:

Coordinar e dinamizar a implementación do Plan de Convivencia do centro, fortalecendo as accións da comisión de convivencia.

Promoción de Métodos Pacíficos de Resolución de Conflitos:

Obxectivo: Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.

Identificación como referente ante posibles casos de violencia:

Obxectivo: Ser identificado polo alumnado, persoal e comunidade educativa como o referente principal en comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia.

Promoción da comunicación inmediata en situacións de risco:

Obxectivo: Promover a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado en situacións de risco.

Desenvolvemento de plans de formación en prevención e protección:

Obxectivo: Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección dirixidos ao persoal, alumnado e familias.

Promoción dunha Alimentación Saudable:

Obxectivo: Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva.

Protección de datos en situacións de tratamento ilegal:

Obxectivo: Promover a comunicación inmediata en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade.

En coordinación co Departamento de Orientación:

Promoción do benestar, convivencia positiva e valores democráticos:

Obxectivo 1: Coordinar accións promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación, diálogo e cultura de paz.

Obxectivo 2: Planificar e organizar actividades para mellorar o benestar emocional da comunidade educativa.

Obxectivo 3: Planificar, organizar e fomentar o uso de métodos, técnicas, dinámicas de grupo, programas relacionados coas habilidades sociais e a autoestima.

Colaboración na detección de dificultades de convivencia:

Obxectivo: Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e relación.

Fomento do respecto cara á diversidade:

Obxectivo: Fomentar o respecto cara ao alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

Coordinación con Servizos Sociais:

Obxectivo: Coordinar, segundo protocolos establecidos, os casos que requiran intervención de servizos sociais.

Promoción da Participación Familiar:

Obxectivo: Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, especialmente no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

En coordinación coas asociacións de nais e pais:

Formación en prevención e protección para persoas proxenitoras:

Obxectivo: Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección dirixidos a persoas proxenitoras.

Outros obxectivos:

- Fomentar unha escoita activa e acordos comúns por consenso.
- Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia, sexo, condición persoal ou social.
- Facilitar a integración das novas persoas que integran o centro.
- Coordinar o plan de formación do profesorado na liña de convivencia, neste curso académico 24/25 a liña que estará relacionada coa convivencia e benestar emocional é o Programa de Educación Responsable.
- Realizar cambios de estruturación do patio como espazo facilitador dunha convivencia máis positiva.
- Crear unha Escola de Pais e Nais.
- Crear unha aula de recursos de elaboración de materiais sobre as emocións e materiais adaptados ás diferentes necesidades.

4. MEDIDAS A DESENVOLVER.

Estas medidas estarían destinadas a desenvolver os obxectivos anteriores. As medidas a desenvolver serían as seguintes:

En relación ó fortalecemento do Plan de Convivencia:

Accións:

- Revisión e actualización anual do Plan de Convivencia.
- Organización de talleres e charlas para o persoal e a comunidade educativa sobre a importancia e aplicación do plan.
- Creación dun comité de seguimento para avaliar periodicamente a efectividade do plan.

Promoción de Métodos Pacíficos de Resolución de Conflitos:

Accións:

- Implementación de sesións de formación en habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos no plan de acción tutorial.
- Creación de espazos para a práctica da mediación entre o alumnado.
- Monitoreo de casos de conflitos para avaliar a efectividade dos métodos pacíficos.

Identificación como referente ante posibles casos de violencia:

Accións:

- Sesións informativas para presentar a figura da persoa coordinadora.
- Creación de materiais de difusión.
- Participación en eventos e actividades escolares como figura visible.

Promoción da comunicación inmediata en situacións de risco:

Accións:

- Establecemento de protocolos claros e accesibles.
- Sensibilización sobre a importancia da comunicación inmediata.
- Monitoreo constante de situacións de risco.

Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia, sexo, condición persoal ou social.

Accións:

- Identificación de necesidades de formación.
- Deseño de plans adaptados ás necesidades detectadas.
- Avaliación da efectividade dos plans mediante enquisas.

Promoción dunha Alimentación Saudable:

Accións:

- Recomendacións as familias e ó alumnado de merendas saudables.
- Charlas sobre alimentación ó alumnado.
- Vídeos.
- Talleres de cociña saudable.

Protección de datos en situacións de tratamento ilegal:

Accións:

- Sesións de información do uso de protección de datos.

Promoción do benestar e valores democráticos:

Obxectivo 1:

Accións:

- Ensinanza de técnicas, métodos e dinámicas de grupo por grupos para a creación dunha convivencia positiva: valores democráticos, negociación, diálogo.

Obxectivo 2:

Accións:

A nivel de grupo:

- Actividades sobre o coñecemento das emocións.
- Técnicas e dinámicas para ensinar regulación emocional.

A nivel individual:

- Desenvolvemento de programas para traballar as dificultades emocionais.

Obxectivo 3:

- Desenvolvemento de programas individuais: habilidades sociais, autoestima, empatía.

Colaboración na detección de dificultades de convivencia:

Accións:

- Sociogramas a grupos.
- Cuestionarios.
- Programas.

Fomento do respecto cara á diversidade:

Accións:

- Charlas.
- Xogos.
- Técnicas e dinámicas.

Formación en prevención e protección para persoas proxenitoras:

Accións:

- Charlas.
- Obradoiros.
- Talleres.

Fomentar unha escoita activa e acordos comúns por consenso:

Accións:

- Pequenos debates a través de temáticas de contos que tratan a igualdade.
- Técnicas e dinámicas.

Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia, sexo, condición persoal ou social:

Accións:

- Organización de diferentes eventos.

Coordinar o plan de formación do profesorado na liña de convivencia, neste curso académico 24/25 a liña que estará relacionada coa convivencia e benestar emocional é o Programa de Educación Responsable:

Accións:

- Formacións do profesorado (Programa de Educación Responsable).
- Formacións das familias (CEFORE – NEAPAS).
- Asesoramento sobre técnicas, dinámicas de grupo ao profesorado.
- Asesoramento ás familias sobre diferentes temas.

Realizar cambios de estruturación do patio como espazo facilitador dunha convivencia máis positiva:

Accións:

- Técnicas.
- Matriz DAFO.

Crear unha Escola de Pais e Nais:

Accións:

-Charlas.

5. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Os recursos materiais e humanos que dende o Equipo de Convivencia e Benestar que se van a usar son:

- Recursos materiais: as caixas con xogos e material bibliográfico (contos, para traballar as emocións, elaborado o curso pasado para traballar nos contrato-programa e que serve para continuar traballando as emocións neste curso, material que dende o programa de Educación Responsable, no cal participamos, se nos vai dotar para traballar as emocións, a arte e a creatividade, materiais que se poidan elaborar no centro para traballar as emocións, a convivencia positiva, a atención á diversidade adaptándose as diferentes necesidades.

- Recursos humanos: As tres mestras do Equipo de Convivencia e Benestar xunto co resto do profesorado do centro fomentarán a convivencia positiva, a resolución de conflitos e o benestar emocional, como aspectos prioritarios na liña de actuación do Equipo, alumnado e familias, todos e todas elas partícipes do proxecto común do centro, baseado nas emocións.

Os profesionais externos que impartan a formación requirida.

6. ACTIVIDADES.

Todos os obxectivos e accións nomeadas anteriormente teñan a súa aplicación por medio de diferentes actividades:

En relación ó fortalecemento do Plan de Convivencia: realización de cuestionarios, matrices DAFO.

En canto ós demais obxectivos e apartados xa se nomearon moitas accións, nas cales de nomearon actividades.

Outras actividades a desenvolver son:

- En relación ó Benestar Emocional:

Lectura de contos sobre as emocións

Obras de teatro.

Dinámicas de conciencia emocional.

Técnicas de Regulación emocional: Técnica da Tortuga,...

Técnicas de Relaxación: Jacobson, ...

Exercicios de Respiración: Las olas, las montañas, El búho, ...

-En relación á Convivencia Positiva:

Dinámicas de presentación: Técnica do Ovillo, Estrellas en cielo, Oficina de Objetos Perdidos, Yo, me, mi, conmigo, Pasapelota ...

Dinámicas de cohesión de Grupo: El último de la fila, Abrazo de oso, Al corro de la patata, Choco La La, Choco Te Te, Yo quiero tener un millón de amigos, Rumore, rumore, La tempestad, La reina de Sibi Saba, Reparto de paquetes, A sus órdenes, majestad ...

Dinámicas de Integración: Pulso chino, Gallinita ciega, Entrelazados, Espejo, espejito...

Programas de Habilidades Sociais con pictogramas de ARASAAC.

-En relación ás Técnicas de Resolución de conflictos:

La mesa de la Paz.

-En relación á conduta.

-Promoción dunha Alimentación Saudable: realización de diferentes talleres de comida o de estimulación gustativa.

-Desenvolvemento de plans de formación en prevención e protección: actividades de colaboración coa ASEAF (Asociación Española de Acogimiento Familiar, 20 de novembro.

-Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia, sexo, condición persoal ou social: Semana da cultura.

-Coordinar o plan de formación do profesorado na liña de convivencia, neste curso académico 24/25 a liña que estará relacionada coa convivencia e benestar emocional é o Programa de Educación Responsable:

PROGRAMA DE EDUCACIÓN RESPONSABLE

Actividades para educación Infantil de:

Lectura e emocións.

Coro de emocións.

Banco de Ferramentas.

Actividades para educación Primaria de:

Banco de Ferramentas.

Coro de emocións.

ReflexArte.

Literatura, emocións e creatividade.

-Commemoracións organizadas polo Equipo de Convivencia e Benestar:

25 de Novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

3 de Decembro: Día Internacional sobre a Discapacidade.

7. METODOLOXÍA.

A metodoloxía usada vai ser unha metodoloxía lúdico educativa, nas actividades que se lle vai a hacer co alumnado e profesorado.

8. CALENDARIO DE REUNIÓN.

O calendario de Reunións do Equipo de Convivencia vai a ser o seguinte:

A reunión de Constitución do Equipo de Convivencia y Benestar: 4 de setembro 2024.

As demais sesión estarán repartidas de xeito mensual:

17 de setembro.

1 de outubro.

5 de novembro.

3 de decembro.

14 de xaneiro.

4 de febreiro.

11 de marzo.

1 de abril.

6 de maio.

3 de xuño.

6.16. Plan de traballo do Persoal NON Docente.

As funcións encomendadas ao Persoal Docente son as que a continuación se relacionan:

1. CONSERXE

- Control dos puntos de acceso ao centro.
- Coidado, mantemento e vixilancia das instalacións do Centro.
- Mantemento das zonas verdes e limpeza do colexio.

- Abrir o centro.
- Recollida e entrega da correspondencia.
- Realización de copias en fotocopiadora, encuadernación e demais operacións sinxelas de carácter análogo.
- Toma de recados e avisos telefónicos sin que ambas cousas o ocupen permanentemente.
- Encendido e apagado da calefacción.
- Recepción ás persoas que acceden ao centro.

2. COCIÑEIRA E AXUDANTES DE COCIÑA

- Preparación dos menús diarios do comedor de forma saudable e sana, seguindo as instrucións da encargada do servizo.
- Limpeza da cociña e do comedor.
- Rexistrar temperaturas, entradas e saídas dos alimentos.
- Contactar cos provedores para o encargo dos alimentos.

3. PERSOAL AUXILIAR TÉCNICO EDUCATIVO

Á espera dunha concreción das funcións do persoal coidador na nosa Comunidade, trázanse unhas liñas, baseadas na lexislación doutras comunidades, sobre que son e en que consiste o traballo destes profesionais.

Os auxiliares técnicos educativos son traballadores non docentes que dependen da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Complementan aportando técnicas específicas no campo do desenvolvemento persoal e curricular do alumno.

As súas funcións centranse na atención ás NEE do alumnado determinado ó que se lle ditaminou oficialmente como alumnado de NEE que necesita coidador.

As súas funcións teñen carácter educativo e asistencial e, entre outras posibles, participan nas seguintes:

- Colaborar no deseño e execución de programas de autonomía persoal cos profesionais correspondentes: programas de hábitos básicos, alimentación, vestido e control de esfínteres.
- Colaborar nos traslados do alumnado con NEE, nos cambios de actividade, entradas e saídas ó centro, co obxectivo de fomentar o desprazamento autónomo do alumno.
- Colaborar activamente na atención, vixilancia e coidado destes alumnos nos períodos de recreo e descanso, procurando unha adecuada relación co resto.

- En función do carácter educativo do comedor escolar, desenvolver as técnicas necesarias para a adquisición de hábitos e destrezas alimentarias facilitando os mecanismos necesarios.
- Colaborar nas saídas, excursións ou conmemoracións, programadas na PXA, que afecten ó alumnado con NEE.
- Acompañamento desde que o alumnado con NEE chega ao centro e ata que entra na súa clase.
- Colaborar no desenvolvemento dos programas de autonomía social, vinculados a hábitos de conduta e comunicativos do alumno con NEE en períodos de recreo, comedor.
- Participación nas reunións onde se aborden temas relacionados co alumnado con NEE que atende, informando do seguimento e aplicación do labor desenvolvido.
- Afianzamento e desenvolvemento das capacidades do alumnado con NEE nos aspectos físicos, afectivos, cognitivos e comunicativos, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.

7. Plan de actuación do Equipo Directivo.

O Equipo Directivo do CEIP Manuel Respino está integrado polos mestres que se citan no apartado 5 do presente documento.

O Equipo Directivo do centro foi nomeado con carácter extraordinario por un período de dous cursos académicos.

7.1. Obxectivos do Equipo Directivo:

O Regulamento orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), Capítulo II, Órganos unipersoais de goberno, elección, nomeamento e competencias deles, describe as competencias dos diferentes integrantes do equipo directivo e máis as súas liñas xerais de actuación. A isto imos engadirlle os seguintes obxectivos específicos que complementarán o seu plan de actuación:

1. Garantir unha xestión transparente, áxil e eficaz do presuposto, dos procesos de información e xestión do persoal e da relación familia-centro coa idea de continuar no camiño iniciado cara un centro educativo de calidade na xestión e na organización.
2. Fomentar un clima escolar que favoreza o respecto, o esforzo, o traballo en equipo, a participación democrática, a resolución e a mediación de conflitos así como o desenvolvemento de actuacións que propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado, co fin de contribuír á formación de cidadáns libres, críticos e democráticos.

3. Consolidar mecanismos de avaliación e análise dos resultados das Avaliacións Individualizadas buscando un maior desenvolvemento dos acordos e decisións que se tomen na busca dunha mellora dos rendementos educativos, sobre todo na mellora da competencia en comunicación lingüística, lingua estranxeira, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como a formación integral a través da iniciación, coñecemento e uso funcional das novas tecnoloxías da información e da comunicación atendendo á diversidade do noso alumnado.
4. Concretar a implantación do Plan de Autoprotección.
5. Apoiar a ANPA, axudando a esta entidade, dentro das posibilidades legais a realización das súas actividades.
6. Establecer mecanismos de axuste nas concrecións curriculares, tanto na etapa de Educación Infantil, pero sobre todo na etapa de Educación Primaria para unha adecuación ás esixencias da lexislación vixente.
7. Achegar o centro ás familias e a toda a comunidade educativa, buscando unha maior colaboración e participación democrática nas actividades do colexio fomentando unha maior conciencia da filosofía integradora que ten o centro.
8. Continuar participando nos Plan Proxecta, Seccións Bilingües, Programa de Auxiliar de Conversa na escola, proxecto E-Dixgal e o proxecto de fomento do emprego do galego, así como en todos aqueles que se adapten as necesidades do centro.
9. Impulsar e animar á elaboración dun Plan de Formación no que a actualización e a formación do profesorado sexa un dos obxectivos prioritarios baseado no consenso xeral, tendo en conta as necesidades e as achegas da comunidade educativa.
10. Favorecer a implantación e participación do profesorado en proxectos de innovación educativa, procurando un centro dinámico e constantemente actualizado.
11. Revisar, coordinar e adecuar os requirimentos da comunidade educativa o funcionamento dos Servizos Complementarios en resposta ás demandas das familias e á mellora da calidade do servizo.
12. Continuar desenvolvendo o Proxecto Lector, Plan TIC e manter o Programa de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos incluíndo dentro do Plan de Centro.
13. Adecuar o Proxecto Educativo á normativa actual, así como os diferentes documentos que o integran integrando os novos protocolos da Xunta de Galicia e potenciando as achegas realizadas polos diferentes axentes educativos para a elaboración dos mesmos e difundíndoos a través da páxina web do colexio.

14. Manter unido o Claustro de mestres, facilitando a integración persoal e profesional do profesorado de nova incorporación. Concretar e adecuar os espazos de uso común e o clima de convivencia entre os docentes do centro, sendo o punto de partida do desenvolvemento das relacións persoais e profesionais e atendendo ás demandas dos mesmos fomentando a participación do profesorado nas decisións do colexio a través dos órganos de goberno colexiados e os órganos de coordinación docente.
15. Adecuar e actualizar o NOFC e o Plan de Convivencia á normativa actual, así como os diferentes documentos que o integran integrando os diferentes protocolos da Xunta de Galicia.
16. Velar polo correcto funcionamento das Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC).
17. Desenvolver accións que melloren a convivencia no centro, velando polo cumprimento do establecido no Plan de Convivencia do centro.
18. Establecer un plan de comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.
19. Favorecer a comunicación e a información no centro educativo, tanto entre os membros e os órganos internos do colexio, como entre estes e as familias, e coa Administración educativa en xeral, para conseguir que as relacións sexan fluídas e cordiais quedando recollido no Plan de Comunicación.
20. Favorecer e colaborar na realización do Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares que se sustente dentro das concrecións curriculares. Que conecte o noso centro co entorno máis próximo que é a nosa localidade/comarca. Planificar e adecuar as mesmas aos espazos e aos tempos nos que se realizan para dar resposta as inquietudes das familias, favorecendo a cohesión e a integración do colexio co entorno.
21. Potenciar a participación e a colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do colexio para conseguir unha formación básica, solidaria e que contribúa á efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tal e como se recolle nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (DOG. 03/08/2004), dito aspecto incluírase no Plan de Igualdade.
22. Continuar mellorando os recursos tecnolóxicos, materiais curriculares, as infraestruturas, así como o coidado a limpeza e a ornamentación do centro, dando resposta ás inquietudes da comunidade educativa e dentro dos límites que establece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
23. Optimizar os recursos dos que dispoñemos tanto persoais como materiais.
24. Adecuar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, prestando especial atención ao alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

A labor do Equipo Directivo será de servizo ao profesorado, ás familias, ao alumnado e ao persoal non docente, e exercerá as súas funcións dun xeito colexiado, tomando as decisións que lle sexan competentes tendo sempre presentes as achegas de todos os membros da comunidade educativa.

O Equipo Directivo esforzarase por manter no centro un clima de traballo e relacións humanas afectivas e efectivas que conduzan á consecución dos obxectivos e actividades que se propoñan. Polo que, os membros do equipo tratarán de cumprir fielmente coas competencias básicas que lle corresponden e que se citan a continuación:

7.2. Director

- Representar oficialmente á administración educativa no centro.
- Ostentar a representación do centro.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro.
- Executar os acordos dos órganos colexiados.
- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente.
- Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro
- Garantir o dereito de reunión

7.3. Xefa de Estudos

- Exercer, por delegación do Director, a xefatura do persoal docente.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico.
- Coordinar as actividades dos coordinadores e dinamizadores.
- Coordinar e orientar a acción dos titores.
- Coordinar a actividade docente do centro.
- Elaborar os horarios académicos do alumnado e profesorado.
- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación.
- Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado

7.4. Secretaria

- Ordenar o réxime administrativo do centro.

- Actuar como Secretario dos órganos de goberno do centro.
- Custodiar os libros e arquivos.
- Expedir as certificacións.
- Elaborar o anteproxecto de orzamento.
- Ordenar o réxime económico do centro coas instrución do Director.
- Velar polo mantemento do material do centro.
- Informar sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional.

O Equipo Directivo, independentemente dos necesarios e habituais contactos diarios, que poidan e deban producirse entre os seus membros, reunirse todos os martes de 18:00 a 19:00 horas.

8. Plans e programas do centro.

8.1. Plan de Formación do Profesorado.

O profesorado ten solicitada a súa inscrición en cursos nas modalidades presencial, semipresencial e en rede en distintos ámbitos do seu interese segundo o plan de formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2024/25.

Independentemente da formación que pola súa conta leve a cabo cada docente, o claustro de mestres terá a posibilidade de participar no PFPP no curso 2024/25 con tres liñas de actuación e catro itinerarios:

1. Biblioteca Creativa
2. Convivencia e Bemestar
3. Polos Creativos
4. Emerxencias sanitarias

8.2. Plan de convivencia e NOFC.

Estes Plans foron aprobados no curso 2016/17. Foi revisado e adaptado á lexislación vixente no curso 21/22 (Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, Decreto 8/2015 e Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa), pero precisa de unha nova adaptación no presente curso.

8.3. Proxecto lingüístico.

Neste documento concrétese a planificación lingüística do centro axustándose ao descrito no Decreto 79/2010. Especificaranse, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega.

Tal e como se indica no artigo 14º, o PLC será redactado por unha comisión nomeada polo equipo directivo da que formará parte o coordinador/a do EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega). No dito decreto establécese tamén que deberá remitirse á Inspección Educativa cada 4 anos e actualizarse anualmente nunha addenda que recolla os cambios producidos a respecto do curso anterior.

Addenda do Proxecto Lingüístico. Curso académico 2024/25

1. INTRODUCCIÓN

Atendendo ao artigo 14.4 elabórase a presente addenda cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo.

2. LINGUA MATERNA PREDOMINANTE NA EDUCACIÓN INFANTIL

Para o coñecemento da lingua materna predominantante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no Decreto 79/2010. Neste senso levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (4º de Educación Infantil), ao final do curso anterior, na que se explicou a función da enquisa cuberta durante o proceso de matrícula para a determinación da lingua materna do alumnado. Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recabada esta información nas entrevistas iniciais coas familias. Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicada no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual do contorno é o galego.

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 4º de Educación Infantil no curso 2024/25 é o castelán nun 65%.

Por outra banda a lingua matena predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é tamén o castelán nunha porcentaxe similar ao do alumnado incorporado por primeira vez ao centro. Ante estes resultados, establécese que o castelán será empregado como lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil

do centro, sen perxuízo das indicacións feitas tanto no PEC, PXA e Programacións didácticas, para a adquisición de ambas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregárase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

As estratexias e actividades concretas para a adquisición doutra lingua atópanse indicadas pormenorizadamente na programación de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto Educativo do Centro o no propio Proxecto Lingüístico.

3. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, moitas delas dentro das “axudas para os equipos de dinamización da lingua galega” convocadas anualmente, e que están detalladas polo miúdo tanto no Proxecto como na Memoria elaborada polo Equipo para a dinamización da lingua galega.

Entre as actividades realizadas e que se pretenden manter no actual curso destacamos as que a continuación se relacionan:

A nivel oral:

- Asembleas diarias, nas que o alumno empregará de forma natural a súa lingua materna, considerándose o galego como lingua vehicular na aula, segundo o indicado neste documento, e sendo empregada esta por parte do mestre durante as asembleas. Desta forma darase naturalidade á diversidade lingüística da aula, valorizando a propia lingua materna e escoitando a lingua materna diferente de outros compañeiros.
- Memorización e recitado de cancións, rimas, trabalinguas e poemas en ambas dúas linguas cooficiais de forma indistinta, como forma de uso lúdico de ambas dúas linguas, especialmente aquela diferente da súa lingua materna.
- Dramatizacións en ambas dúas linguas cooficiais. Dependendo da ocasión serán en galego ou en castelán, optando polo galego naquelas a nivel de centro como forma de valorizar socialmente a lingua galega.
- Creación de videocontos: grabación da súa expresión oral en ambas dúas linguas, segundo o contexto, predominando a lingua materna dominante de xeito que se valore a presenza das dúas linguas en entornos dixitais e na rede.
- Actividade de contacontos.

- escoita de contos de tradición oral por parte de competentes lectores, mestres, familia e outros, en ámbalas linguas.
- Participación en sesións de contacontos organizados por diferentes entidades, así como a asistencia a obras teatrais, obradoiros e outras saídas culturais, desenvoltas segundo o contexto das mesmas nas dúas linguas.
- Nos proxectos de traballo e investigación que se desenvolven nas aulas (así como noutra serie de tarefas) o alumnado empregará a súa lingua materna para comunicarse cos compañeiros/as dos seus equipos cooperativos, establecéndose diálogos nas diferentes linguas cooficiais en pé de igualdade dentro dos equipos.
- Os mestres empregarán a lingua castelá, considerada como vehicular nesta addenda, para dirixirse ao gran grupo ou pequenos grupos, procurando empregar a lingua materna de cada alumno cando se fale directamente con cada alumno.

A nivel escrito:

- Elaboración de material didáctico en galego.
- Os textos escritos presentes na aula (carteis, murais...) sempre con finalidade funcional clara, estarán escritos preferentemente na lingua vehicular da aula (galego), se ben aseguraráse a presenza de rótulos na outra lingua cooficial.
- Os textos escritos, elaborados por parte do alumnado, terán sempre carácter funcional, levaráanse a cabo na lingua materna de cada neno/a ou no caso de tarefas en grupo, na lingua acordada polo mesmo ou ben a maioritaria do grupo.
- Invención, creación e escritura, segundo a hipótese na que se atope o proceso de adquisición da lectoescritura, en ámbalas dúas linguas cooficiais, preferentemente na lingua materna de cada alumno cando se trate de traballos de carácter individual, ou en calquera das dúas linguas segundo as características e contexto no que se desenvolvan.
- Presenza nas bibliotecas de aula de libros en ámbalas lingua cooficiais, en igualdade de condicións e cantidade e, en menor medida, na primeira lingua estranxeira (inglés).
- Préstamo semanal de libros da biblioteca de aula para as casas do alumnado, atopándose estes en ámbalas dúas linguas tal como se indicou anteriormente, de xeito que se “transmita ás familias” a valorización e presenza de ámbalas dúas linguas na literatura infantil.

- As notas informativas, elaboradas polo alumnado, para ser entregadas nas casas (solicitude de información para os proxectos de traballo, notas informativas de feitos que suceden na aula...) elaboraránse na lingua materna de cada alumno cando sexan elaboradas a nivel individual, sendo en galego (como lingua vehicular da aula) cando se trate de creacións en gran grupo.

- escoita da lectura de contos por parte de competentes lectores, mestres e outros, en ámbalas linguas cooficiais, tanto da biblioteca de aula como na biblioteca do centro, como forma de achegarse ao uso e presenza indistinta de ámbalas dúas linguas no eido literario.

- Presenza de aplicacións on line (xogos e outras) na web do centro, no recanto de infantil, en ámbalas dúas linguas cooficiais, primando na parte expositiva para as familias o emprego do galego, como forma de valorizar socialmente a presenza do galego en internet como lingua de comunicación na internet.

- Nos proxectos de traballo e investigación, así como noutra serie de tarefas, a plasmación escrita dos descubrimentos a nivel individual (dossier) levaráse a cabo na lingua materna de cada alumno. Para a plasmación a nivel grupal de ditos descubrimentos (mural) empregaráse a lingua galega, ao ser esta a lingua vehicular da aula, segundo o indicado na presente addenda ao proxecto lingüístico.

En ámbolos eidos emprégase un enfoque constructivista no que o alumnado, a partir dos seus coñecementos previos, e coa aparición de conflitos cognitivos, reconstrúa os seus esquemas mentais e adquira progresivamente o coñecemento de ámbalas linguas. Neste senso, a participación activa do alumnado, a funcionalidade dos textos escritos presentes na aula, a aprendizaxe por descubrimento, o respecto ao ritmo madurativo de cada neno/a xunto co traballo en grupo, estarán presentes en tódalas actividades e estratexias indicadas anteriormente.

- Mantemento da páxina web do Centro, elaborada na súa totalidade en lingua galega (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelrespino/>). Asemade, os distintos blogs que se vaian creando dos distintos cursos tamén serán elaborados en galego.

Ademáis destas, destacamos tamén as seguintes:

- Celebración, participación e conmemoración do “Día das letras galegas”, “Día da Paz”, “O Medio Ambiente”, Semana da Prensa...

- Celebración de festas tradicionais galegas: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios...

- Participación nas axudas aos Equipos de dinamización da lingua galega elaborando o preceptivo proxecto.

- Revista escolar “A Laverquiña”.

- Participación no Programa “21 días co galego e+”.

4. AVALIACIÓN.

Centrarémonos na observación das dificultades que se presenten no programa proposto anteriormente para poder levar a cabo as modificacións oportunas; así como nos resultados positivos que academos, rexistrando todos estes aspectos co fin de que sirvan como base para a planificación dos obxectivos e actividades do vindeiro curso.

5. INCLUSIÓN NO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO: Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.

8.4. Plan Lectura e Bibliotecas escolares.

O título III do *Decreto 155/2022 do 15 de setembro, que establece o currículo de Educación Primaria, así como o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, que establece o currículo de Educación Infantil*, dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento dunha aproximación á lectura e nas que se indica que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Deberán, ademais, incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promoverla como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Polo tanto, no presente curso 24/25 actualizaranse os Plans de Lectura e Biblioteca elaborados no curso pasado e concretados para acadar unha das etapas educativas do noso centro.

8.5. Plan de Actividades Físicas e Hábitos saudables

Ao abeiro do artigo 31 do *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e, do artigo 16 da *Orde do 30 de maio de 2023* que

o desenvolve, e do artigo 35 do *Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e do artigo artigo 15 da *Orde do 26 de maio de 2023 que o desenvolve*, actualizárase o presente plan no curso 24/25, co cal pretendemos liderar un cambio positivo na vida do alumnado, promovendo a práctica diaria de deportes e exercicio físico, así como a adopción de hábitos de vida activa, saudable e autónoma durante a xornada escolar e nas súas vidas cotiás.

8.6. Plan de Orientación.

Este Plan foi revisado polo Equipo Directivo e a Xefa do Departamento de Orientación ao inicio do curso académico 2021/22, polo que precisa de actualización no presente curso escolar.

8.7. Plan de Acción tutorial.

Foi revisado e actualizado polo Equipo Directivo e a Xefatura do Departamento de Orientación ao inicio do curso académico 2021/22, polo que precisa dunha nova actualización no presente curso escolar.

8.8. Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Este Plan foi revisado e actualizado polo Equipo Directivo e a Xefatura do Departamento de Orientación ao inicio do curso académico 2021/22. Preséntase aos órganos de goberno do centro unha nova concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade

1. Xustificación.

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres/as, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no proxecto educativo, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación do alumnado, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

No marco da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, enténdese por atención á diversidade “o conxunto

de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (artigo 3). Polo que, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, transtorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

A partir desta concepción da diversidade, elabórase o Plan Xeral de Atención á Diversidade. Nel concrétanse todas as actuacións e medidas que se desenvolven no centro, co fin de adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado, compensando as diferenzas individuais que poidan existir. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, en cumprimento do disposto no artigo 4 do mencionado decreto.

As medidas e accións que se propoñen baséanse nos principios de normalización e a inclusión; a equidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación; a flexibilidade e a accesibilidade; a interculturalidade e a promoción da convivencia; a autonomía dos centros docentes e a participación de toda a comunidade educativa.

O presente documento é unha concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e forma parte da Programación Xeral Anual. Nel inclúense as actuacións a implementar no curso 2024/25. Calquera modificación será recollida na memoria que se elaborará ao final do curso.

2. Identificación e valoración de necesidades.

Detectaranse as necesidades educativas canto antes, para dar unha resposta axeitada e poder acadar o éxito escolar, e será fundamental a colaboración e coordinación tanto coa familia como cos servizos externos implicados na educación dos alumnos e alumnas.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: observación; avaliación inicial; informes previos; sesións de avaliación trimestrais; avaliación final; avaliación psicopedagóxica individualizada.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao alumnado:

- En xeral é necesario mellorar aspectos que se detallaban na concreción anual do pasado curso. En concreto:
 - Dificultades de linguaxe, especialmente en educación infantil e primeiros cursos de primaria.
 - Hábitos básicos de autonomía e rutinas.
 - Hábitos de traballo e autonomía persoal.
 - Técnicas de traballo e a competencia dixital do alumnado.
 - Aspectos curriculares pouco afianzados.
 - Aspectos emocionais.
 - Habilidades sociais no alumnado para que saiba resolver os conflitos dentro dunha cultura de paz.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ás familias do alumnado:

- Fomento da autonomía dos fillos/as.
- Necesidade de marcar rutinas, límites e normas e como facelo desde a disciplina positiva.
- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización.
- Distintas situacións que dificultan a participación e conectividade en actividades non presenciais; necesidade de apoio ás familias máis vulnerables en situacións moi específicas.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao profesorado:

- Tempos para coordinarse o equipo docente co profesorado de apoio e a orientadora.
- Estratexias inclusivas para a atención do ACNEE.
- Mellora na competencia dixital para uso de determinados medios e recursos tecnolóxicos.

3. Obxectivos.

- Planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- Organizar medidas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.

- Establecer as medidas que permitan unha detección temperá das posibles dificultades.
- Diseñar e realizar actividades grupais de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Garantir a actuación coordinada de mestres/as e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con neae (ACNEAE).
- Proporcionar e adaptar unha resposta educativa axeitada e de calidade ao alumnado, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Promover a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Promover a formación permanente do profesorado.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte
- Obxectivos específicos derivados da situación provocada pola pandemia:
 - Valorar as situacións familiares que puideran dificultar a colaboración co centro para que os seus fillos/as poida seguir as rutinas e dinámicas propostas.
 - Valorar a situación emocional do alumnado.
 - Fomentar a coordinación dos equipos docentes do alumnado, a través do profesorado titor.
 - Revisar a información referida á avaliación do proceso educativo do alumnado nos documentos que se elaboraron no centro a tal efecto.
 - Establecer os obxectivos a traballar cos alumnos/as durante o curso tanto a nivel xeral de aula como a nivel individual, debido ás necesidades específicas de apoio educativo que presente un alumno/a.

- Elaborar plans de reforzo cando se considere oportuno que terán en conta as adecuacións necesarias nas áreas que precise o alumno/a. Realizar todas as adaptacións curriculares non significativas que se consideren pertinentes. Ao longo do curso iranse avaliando e introducindo as modificacións no mesmo que poidan xurdir.

- Traballar na procura de materiais específicos adecuados para o alumnado que permitan ser traballados do xeito máis autónomo posible.

4. Actuacións que contribúen á atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca dende a prevención á intervención específica.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras, segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

MEDIDAS ORDINARIAS

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso.
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.
- Cada mestre/a, desde a súa materia adaptará a programación didáctica do seu nivel acada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial en canto a obxectivos e contidos.
- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de nivel e de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.

- Realizar compactación curricular.
- Metodoloxía baseada no modelo SEM, no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na tutoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e noutras que promovan a inclusión.
- Capacitar ao noso alumnado para que sexan capaces de axudar aos compañeiros que o precisen e para comprender as diferenzas individuais.
- Grupos cooperativos.
- Tutorización entre iguais.
- Levar a cabo adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) con aquel alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH ou TEA.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos determinados e breves que favorezan a seguridade do alumnado.
- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando as mesmas e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- Realización de actividades de reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- Realización de actividades de ampliación (para alumnado avantaxados).
- Plantear un enfoque centrado na aprendizaxe significativa e no desenvolvemento das fortalezase talentos de todo o alumnado.
- Adaptar materiais didácticos: seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: adecuar tempos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.

- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Entender como válidas diferentes formas de avaliación que dean cabida a modalidades de expresión ou comunicación do aprendido, xa sexan escritas, verbais, a través de esquemas, carteis, fotos, etc.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos persoal e actitude.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Valorar as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que respondan aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- Coordinar os apoios desde a perspectiva do alumnado e o seu desenvolvemento. Realizar os apoios preferentemente en contextos compartidos e para o grupo. Estes deben incidir na coordinación do profesorado e na colaboración entre profesionais, para responder ás necesidades de todo o alumnado.
- Desdoblamento de grupos.
- Docencia compartida.
- Agrupamentos flexibles.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Apoio auxiliar ao profesorado titor. Neste modelo o mestre auxiliar serve de apoio constante as dúbidas que poidan xurdirlle a calquera alumno na aula. O traballo do mestre de apoio debe centrarse en propiciar as estratexias e adaptacións necesarias para que os alumnos participen na aula traballando o mesmo currículo que os seus compañeiros.
- Programas de enriquecemento curriculares horizontais.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, especialmente para:
 - Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso.
 - Alumnado que estea repetindo e se considere que esta medida pode atender as súas necesidades.
- Programas específicos personalizados (modificación de conduta, habilidades sociais...)
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

- Atender á diversidade no seu conxunto, buscando optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe respectando a individualidade dos alumnos/as, positivizando as posibilidades do alumnado.
- Despregar programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola, facendo uso dos recursos propios do centro e daqueles outros que aproveitan alianzas co contorno.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Apoio do profesorado especialista de PT/AL. Traballo colaborativo entre profesorado titor e profesorado de apoio.
- Adaptacións curriculares significativas (AC). A avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.
- Escolarización nun curso inferior para alumnado que se incorpora tardíamente ao sistema educativo con desfase na competencia curricular de máis de dous anos. No caso de superar o desfase incorporárase ao curso que lle corresponda por idade.
- Repetición (medida excepcional). Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores
- Flexibilización da duración do período de escolarización

É conveniente que queden recollidas no expediente académicos as medidas tomadas co ACNEAE.

So se levarán a cabo unha vez esgotadas as máis ordinarias.

Existen medidas extraordinarias e excepcionais, como poden ser as Adaptacións Curriculares e a repetición, para as que non existe actualmente lexislación sobre como se priorizan. Por ese motivo o equipo docente e a orientadora resolverán en cada caso particular a opción máis indicada.

Mentres non haxa normativa ao respecto, primará sempre o criterio pedagóxico e o que menos restrinja as opcións do alumno/a.

OUTRAS

- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Ten por finalidade continuar o proceso formativo do alumnado de educación obrigatoria que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.
- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

- O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro escolar de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

4. Protocolo para solicitude das medidas de atención á diversidade.

Intervención do DO

- O titor/a detecta necesidades educativas nun alumno/a e non consegue darlle resposta no ámbito da tutoría.
- Demanda colaboración a orientadora, que revisara as medidas que se estean levando a cabo e asesorara no deseño doutras posibles medidas de reforzo.
- Tentarase de dar resposta as necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Se se consegue, pechase o ciclo de intervención.
- Se non se consegue, o titor/a realizara unha demanda de intervención por escrito.
- A XDO, coa autorización da familia, inicia unha etapa de recollida de datos e, cando se considere preciso, realizara unha avaliación psicopedagóxica.
- En función do anterior elaboraranse:
 - Pautas de intervención.
 - Preinforme ou Informe psicopedagóxico.
 - Ditame psicopedagóxico.

Apoio do profesorado de PT/AL

- Solicitude do apoio por parte do profesorado a XDO.
- Información a familia a través do titor/a.
- Folla de Derivación ou Demanda de AL.
- Proposta de apoio do Departamento de Orientación. Ter en conta que para que un alumno/a teña apoio do profesorado especialista debe ter un informe psicopedagóxico.
- Información a xefatura de estudos e autorización da Dirección do centro.
- Documentación necesaria:
 - Solicitude de valoración e/ou apoio.
 - Informe psicopedagóxico, se procede.
 - Autorización da familia.

-Documento de proposta a Dirección do centro.

Adaptación curricular

• Habitualmente cando un titor/a propon a un alumno/a como posible candidato a Adaptación Curricular, xa se esgotaron previamente outra serie de medidas ordinarias e excepcionais: valoración e informe psicopedagóxico, ACNS, Reforzo Educativo, repetición.

• Proposta do titor/a.

• Reunión coordinada polo xefe de estudos para decidir a pertinencia da adaptación curricular. (Acta).

• Información a familia e autorización da mesma (aínda que non é precisa a mesma para levala a cabo).

• Elaboración das adaptacións das diferentes áreas.

• Solicitude de autorización da AC a inspección por parte da dirección do centro.

• Documentación necesaria:

-Informe psicopedagóxico.

-Acta da reunión da decisión.

-Acta co nivel curricular do alumno/a.

-Documento de información a familia e sinatura do mesmo.

-Programacións adaptadas das diferentes áreas.

• Mentres non haxa que volver a revisar obxectivos, non é preciso volvela enviar ao Servizo de Inspección.

Enriquecemento curricular horizontal

• Informe psicopedagóxico.

• Asesoramento do DO e do EOE.

• Apoio de PT.

• Programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola.

Repetición

• Revisión dos obxectivos mínimos do nivel.

• Unha vez se comproba que non os acadará, realízase unha reunión do equipo docente do alumno/a para valorar se esta medida excepcional pode supor un beneficio.

• Decisión do titor/a e información ás familias.

• Programa de reforzo individualizado para o seguinte curso.

Flexibilización da duración do período de escolarización

• A duración do período de escolarización do ACNEE na educación infantil e primaria pode modificarse excepcionalmente.

• Educación infantil: poderase aumentar excepcionalmente nun ano. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis aló do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

- Educacion primaria: poderase aumentar excepcionalmente nun ano. No caso de non ter permanecido un ano mais na etapa de educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En ningun caso sera posible permanecer nesta etapa mais ala do ano natural no que se cumpran os quince de idade.
- Proposta do titor-a, do equipo docente e/ou XDO. Informe que xustifique a necesidade da medida elaborado polo departamento de orientacion.
- Conformidade expresa da familia.
- Informe psicopedagoxico.
- Historial academico (XADE)
- Orientacions sobre a proposta curricular adaptada: competencias xerais e obxectivos a conseguir.
- Informe da Inspeccion Educativa.
- Solicitud a Direccion Xeneral de Ordenacion Educativa, a que correspondera a autorizacion ou denegacion da flexibilizacion.

Atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria

- E destinatario desta atencion o alumnado de longa ou media hospitalizacion.
- Ter en conta que este tipo de atencion dase en etapas obrigatorias preferiblemente.
- O alumnado de longa e media hospitalizacion sera quen reciba atencion educativa en coordinacion co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalizacion podera realizar no centro hospitalario actividades educativas de caracter xeral.
- Mantenen a súa escolarizacion a efectos de avaliacion e promocion nos centros de orixe.
- Coordinacion estreita coa titoria e a XDO, que deben orientar o programa educativo.
- O alumnado que deba permanecer convalecente no seu domicilio por un tempo superior a un mes sera destinatario de atencion educativa domiciliaria. Un alumno/a que, por enfermidade cronica, falte mais de seis ou mais dias continuados ao mes dentro dun periodo minimo de seis meses, tamén.
- Precisaríase un certificado medico que xustifique a convalecencia e a estimacion do período de tempo e enviar a información ao servizo de inspección educativa, que autorizaria a medida se procede.

Programas

- Programa de acollida ao novo alumnado.
- Programa de educacion Emocional.
- Programa de transicion entre etapas: Infantil, Primaria e ESO.
- Programa de Estimulacion da Linguaxe en Educacion Infantil.
- Programa de deteccion tempera das dificultades.
- Programa de Habilidades Sociais.
- Programas encaminados a mellora da Convivencia.

Criterios de atención

A preferencia do alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexeráse polos seguintes criterios:

1. **Alumnado con Necesidades Educativas Especiais** derivadas de Discapacidade (visual, auditiva, intelectual, ou motora), Trastornos de Espectro Autista (TEA) e Trastornos Graves de Conduta.
2. Alumnado con outras **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** e con **adaptación curricular e informe psicopedagóxico**.
3. **Outro alumnado con NEAE e informe psicopedagóxico** que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa vineran recibindo apoio.
5. En xeral primaranse os cursos máis baixos para recibir atención educativa do profesorado de apoio.
6. En Educación Infantil só recibirán atención de Pedagogía Terapéutica aqueles casos precedidos dun ditame psicopedagóxico.
7. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.
8. Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola CCP.

Modalidades de atención.

1. Atención individualizada do alumno/a polo profesorado titor cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista.
2. Apoios temporais dentro da aula: atención ao alumno por parte doutro mestre/a con dispoñibilidade horaria, que intervéñen no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto.
3. Desdobres.
4. Atención especializada por parte do profesorado de apoio: alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas. Neste caso os apoios poden ser:
 - Dentro da aula ordinaria: Neste sistema o mestre de apoio traballa o currículo, dentro da aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas.
 - Fóra da aula ordinaria: en determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con necesidades educativas específicas sae do seu grupo-aula para ser atendido polo profesorado de apoio.

Organización dos apoios.

- A valoración da orientadora do centro sempre debe preceder a intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Ter en conta que é unha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras.

- E necesaria ter a autorización asinada polos proxenitores.
- O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, podera recibir apoio estable de PT e/ou AL.
- Os apoios se dirixiran fundamentalmente a adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.
- Os apoios impartiranse, sempre que sexa posible, durante as áreas instrumentais, evitando o resto das materias. Con ese fin contarase coa colaboración do profesorado titor na elaboración dos horarios.
- Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.
- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- O apoio levaranse a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria.

So se produciran intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas.
- O alumnado teña que recibir atención específica por parte dos especialistas de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.
- O alumnado desconeza as linguas da comunidade.
- O alumnado non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do nivel no que se atope. Este apoio levarase a cabo coa especialista de PT en primeiro lugar e coa especialista de A L, se fose posible, por necesidades horarias.
- Os apoios fóra da aula nunca excederan no tempo a terceira parte da xornada lectiva.
- En xeral, o alumnado que reciba apoio de PT ou AL non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración na aula ordinaria.
 - Introduciranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.
 - Informarase as familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.
- Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.
- Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais e o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.
- Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos

de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

-Durante este curso, manteranse os grupos estables na realización dos apoios pararon romper os grupos burbulla. Por este motivo non se mesturaran nenos/as de distintas titorías.

-Continuaranse realizando as sesións de estimulación da linguaxe no 5º e 6º nivel de Educación Infantil.

-Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios posibles no presente curso e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas

-Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

-Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación.

Proposta de organización de apoios.

- En principio o profesorado de apoio estará asignado a un ciclo, sempre que sexa posible, que será onde exerza os seu labor de reforzo. Procurarase organizar de xeito que entren na aula a menor cantidade posible de persoas, polo que se procurará dar certa estabilidade ao horario.

- Prestar atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que presenten dificultades de aprendizaxe ou alteracións da linguaxe oral que requiran apoio especializado, dando prioridade ao alumnado de primeiros niveis.

- Os apoios preferentemente faranse nas aulas ordinarias. A distribución horaria será viable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.

- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

- O alumnado suxeito de reforzo educativo e que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do profesorado do nivel, ciclo ou nivel máis afin. Este reforzo pode ser:

-Feito polo profesorado titor dentro da aula ordinaria coa aportación da orientadora e/ou do profesorado de apoio do material necesario, cando se considere oportuno. Introduciranse as modificacións metodolóxicas precisas: equipos de traballo en pequenos grupos, alumnado titor etc

-Apoio dentro da aula por parte dun mestre/a do nivel afin ao alumnado de reforzo educativo nas áreas e horas segundo dispoñibilidade horaria. Tratarase de que coincidan con áreas instrumentais.

-Docencia compartida: impartir clase de forma conxunta sen desdobrar o grupo ou separar ao alumnado con dificultades (traballo por proxectos, metodoloxías contextualizada)

Mecanismos de coordinación internos.

Mecanismos internos:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da CCP.
- Reunións dos Equipos Docentes.
- Reunións entre o profesorado dos distintos niveis.
- Reunións entre o profesionais que atenden os ACNEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e a orientadora.

Utilizaranse as tecnoloxías de información e comunicación para facilitar as comunicacións entre o equipo docente do alumno/a.

5. Canles de colaboración coas familias e cos servizos externos.

Familias:

